



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Serie Pleno
Número 128

Sesión plenaria
25 de setembro de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único. Debate anual sobre política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 55751, 10/DEBA-00003)



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Promesa ou xuramento de acatar ou gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dun novo deputado. (Punto preliminar.)

Antes de entrar na orde do día, en cumprimento do artigo 7.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o señor presidente procede a solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia do novo deputado, don Óscar Vilar Chento. (Páx. 4.)

Don Óscar Vilar Chento presta a súa promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia. (Páx. 4.)

Debate anual sobre política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto único da orde do día.)

Intervención do Sr. presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 4.)

Suspéndese a sesión ás doce horas e trece minutos do mediodía e retómase ás catro e dous minutos da tarde. (Páx. 37.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Villares Naveira (M) (Páx. 37.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 48.), Sr. Sánchez García (GCM) (Páx. 56.), Sr. Caballero Míguez (S) (Páx. 66.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 74.)

Resposta do Sr. presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 83.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios: Sr. Villares Naveira (M) (Páx. 100.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 103.), Sr. Sánchez García (GCM) (Páx. 106.), Sr. Caballero Míguez (S) (Páx. 109.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 113.)

Contrarréplica do Sr. presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 117.)

O señor presidente, antes de suspender a sesión, fai un breve recordatorio relativo ás propostas de resolución subsecuentes ao debate e aos seus prazos de presentación. Así mesmo, anuncia que a sesión se retomará o próximo venres, día 27, ás once da mañá. (Páx. 126.)

Suspéndese a sesión ás nove e media do serán.



Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura. Xustificou a inasistencia a este pleno dona Concepción Burgo.

Entramos na orde do día.

Promesa ou xuramento de acatar ou gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dun novo deputado

O señor PRESIDENTE: O punto preliminar é a prestación de promesa ou xuramento de acatar ou gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia do novo deputado don Óscar Vilar Chento, e facémolo dando cumprimento ao previsto no artigo 7.1 do Regulamento, polo cal procedo a solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto da autonomía do novo deputado. O procedemento ou a fórmula é a de... (*Murmurios.*) — silencio, por favor, vai tomar posesión un novo deputado; silencio, por favor—. O procedemento ou a fórmula é a de contestar «si, xuro» ou «si, prometo» á pregunta desta presidencia.

Prégolle que responda desde o escano á pregunta que lle vou formular.

Don Óscar Vilar Chento, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

O señor VILAR CHENTO: Si, prometo.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Unha vez prestada a promesa, adquire a condición plena de deputado. Benvido ao Parlamento. (*Aplausos.*)

Agora entramos na orde do día.

Debate anual sobre política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o presidente da Xunta de Galicia.

Cando queira.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Núñez Feijóo): Señor presidente.



Señoras e señores deputados, autoridades presentes na tribuna, señoras e señores deputados e senadores nas Cortes Xerais, alcaldes e alcaldesas, autoridades, galegos e galegas.

Este é o derradeiro debate sobre o estado da Autonomía, o derradeiro da lexislatura, pero —moito máis importante— o derradeiro no que imos abordar con antelación á década que vai iniciarse nuns meses. Por suposto teremos máis oportunidades para intercambiar opinións, pero seguramente ningunha outra máis propicia e de máis entidade que esta.

Un debate semellante, aínda que de investidura, volverá convocarnos a todos dentro de doce meses, a todos os galegos, pero nese momento a nova década xa estará iniciada e o Xacobeo 2021 a piques de arrancar. Por tanto, a esas alturas a folla de ruta non só terá que estar definida senón practicamente executada ou executándose.

A Galicia da nova década estará marcada por tres xacobeos: 2021, 2027 e 2032, pero, máis alá da preparación destes eventos, que son unha magnífica oportunidade para xerar ingresos e mostrar ao mundo a nosa mellor cara, a Galicia do Xacobeo da próxima década ten que ser a mellor Galicia da historia para os galegos, para os que a vivimos e para os que a vivirán, porque veñen, porque volven ou porque aquí nacen.

Queremos unha Galicia que eleve o seu listón, unha Galicia que non se conforma con converxer, senón que lidere; unha Galicia que non se conforma con reter, senón que atrae; unha Galicia que non se conforma con conservar, senón que potencia; unha Galicia que non se conforma simplemente con resistir, senón que encara novos retos. A Galicia da nova década ten que ser, máis que nunca, Galicia calidade.

Calidade para os de fóra, garantía de que aquí atoparán o mellor destino turístico, aquí terán produtos de alto nivel, traballo definido polo bo facer de todos os sectores; calidade como marca que nos identifique no mundo, pero calidade tamén para os galegos.

Unha terra máis coidada e ordenada, mellores servizos, emprego de máis nivel en novos sectores, políticas sociais máis eficaces e que cheguen a máis persoas, máis conciliación, unha educación pública que poña os nosos mozos en primeira liña e indubidablemente a mellor sanidade pública que se poida ter. Máis calidade de vida.

Elevar o noso listón ao máximo non é un recurso retórico, é unha xusta aspiración que compartimos cos galegos logo destes anos de esforzos e de sacrificios marcados pola recesión.

Apóiase na oportunidade histórica que nos ofrecen os próximos anos santos, e —o máis importante— esta ambición colectiva susténtase no traballo previo, na nosa capacidade de superación acreditada e nos logros que toda Galicia acadou nos últimos anos. Galicia quere, Galicia pode, en Galicia si. (*Aplausos.*)

Do mesmo xeito que en 2009, esta lexislatura pecharase ás portas dun ano santo, pero esta probablemente sexa unha das poucas coincidencias con aquel 2009. Se en 2009 a economía decrecía un 3,6, agora encadeamos seis exercicios de crecemento e a perspectiva é seguir medrando este ano e o que vén.



Somos a comunidade que máis progresou, xa que Galicia é onde máis medrou a riqueza por habitante na última década. Acadamos o noso maior nivel de converxencia con España e tamén volvemos achegarnos á riqueza de Europa. Ademais, estamos diminuindo hipotecas, xa que Galicia é a comunidade que menos aumentou a súa débeda pública na última década. Fomos das primeiras que comezamos a reducila, hai xa catro anos, temos a menor débeda comercial de España e a débeda privada é 40 puntos inferior á media española.

Señorías, se o obxectivo de todo goberno é deixar as cousas mellor do que estaban cando chegou, humildemente creo que estes datos reflicten que pola nosa parte este obxectivo está cumprido. A Galicia de hoxe está moito máis preto da Galicia que queremos a maioría dos galegos que a Galicia de 2009.

Sei que o conxunto dos cidadáns sempre anhela unha Galicia mellor, este goberno tamén e eu tamén. E porque eu tampouco me conformo co xa conseguido, con máis ganas e con máis ilusión que aquel primeiro día de hai dez anos, o meu compromiso con Galicia tamén está máis vixente que nunca. *(Aplausos.)*

Desde logo, a situación de Galicia é moito máis alentadora da que atopamos en 2009, cando recibimos a confianza dos galegos por primeira vez, en plena recesión económica. Pero iso non significa que o presente estea exento de sombras. Elixíronos para dicir a verdade e xestionar a realidade, e por iso non vou obviar que en Galicia segue habendo problemas por resolver, aos que a Xunta ten que dar resposta, nin tampouco que a nosa contorna vive un momento preocupante, que nos condiciona e nos penaliza.

Non somos alleos ás inquiredanzas internacionais, cando asoman tendencias proteccionistas que queren limitar o mercado mundial, hai intereses galegos implicados e empresas e traballadores galegos afectados. Tampouco estamos á marxe das convulsións sobre o proxecto europeo nin da resolución final do *Brexit*, e especialmente vémonos prexudicados pola inestabilidade crónica que se instalou en España, porque Galicia é España.

Entra dentro do esperable que esta última afirmación moleste os deputados nacionalistas, pero sorpréndeme que haxa outras formacións que pretendan que nos illemos do panorama estatal, como se deduce das valoracións feitas respecto da data fixada para esta cita parlamentaria. Se o que se buscaba era agardar un momento no que a inestabilidade nacional non interferise neste debate, levaríamos toda a lexislatura —e atrevome a dicir que case a poderíamos rematar— sen celebrar ningún debate do estado da Autonomía. Pero o que ademais é responsable é avaliar no Parlamento as secuelas que esta parálise nacional supón para os galegos.

Por tanto, creo que o que molesta o Partido Socialista deste debate sobre o estado da Autonomía é que quede ao descuberto que fixo e sobre todo que non fixo o actual Goberno de España.

Señorías, antes de referirme ás consecuencias máis importantes que xera toda esta situación, permítanme expoñer outras que quizais son menos tanxibles, pero tamén lesivas aos nosos intereses. Na miña opinión, o máis importante é a actitude política predominante en España.



A boa política adoita distinguir dous momentos que na actualidade algúns confunden, provocando situacións tan complexas, como os cuartos comicios en catro anos, aos que xa estamos abocados. Deberíase respectar que hai un momento electoral, perfectamente acoutado no tempo, e outro momento institucional. Son diferentes, son diferentes tanto na forma como no fondo.

Ao longo de todos estes anos, desde a Xunta garantimos esa diferenciación, en todo caso e en todo lugar, porque sempre entendemos que esa é a única garantía de estabilidade e de acordos coas restantes administracións, con independencia de quen as lidere en cada caso.

Pola contra, no Goberno central estamos a ver como o momento electoral se prolonga máis alá das urnas e invade toda a política institucional, borrando todas as fronteiras. Nestas condicións, a inestabilidade é a tónica xeral, e os consensos son arduos ou imposibles, como estamos a ver. Créase un problema de saúde democrática, se a política se entende como unha campaña electoral sen tregua. (*Aplausos.*) Se en lugar do presidente do Goberno na Moncloa está o candidato dun partido en permanente pugna electoral, se todo, absolutamente todo, se decide en función das expectativas partidistas, os exemplos sobran nestes últimos meses.

Pervertéronse as institucións, que son de todos, para usalas como instrumento de campaña. Manipulouse o calendario electoral, ata o punto de que se celebraron dous comicios en menos de dous meses. Secuestráronse recursos das autonomías destinados aos servizos públicos, que ademais foron empregados como mecanismo de chantaxe nas negociacións políticas. Ignoráronse as mínimas normas de decoro entre administracións públicas. Primáronse as alianzas con partidos desleais coa nación, e mesmo contrarios á convivencia, por riba de administracións democráticas e fieis á Constitución. E ata se buscou enfrontar unhas mulleres con outras, cando afortunadamente a inmensa maioría da sociedade comparte os mesmos principios e obxectivos.

O diálogo entre demócratas, o entendemento entre constitucionalistas, a colaboración entre institucións, non se pode substituír por trincheiras partidistas inamovibles.

Señorías, as ambicións persoais son lexítimas, agás cando se sitúan por riba do país (*Aplausos.*). Non só, señorías, a transición, senón a Constitución ou os pactos da Moncloa terían sido imposibles con esta dinámica. Tampouco se terían producido outros éxitos indiscutibles, como a integración no proxecto europeo, o despregamento das autonomías ou o desenvolvemento do Estado do benestar, ou a loita contra o terrorismo, ou, máis recentemente, importantes acordos como o pacto de Estado contra a violencia machista.

Non hai tanto disto e, non obstante, entre os españois —con tres eleccións xerais en menos de catro anos ás súas costas e coa certeza de que habrá unhas cuartas— comeza a haber fartura, fartura da política egocéntrica e fartura da política curta de miras que imposibilita os acordos e contamina a convivencia. Comprendo perfectamente e comparto este fastío. Os españois non batallamos durante anos contra a peor das crises económicas para despois ter que soportar estes, como mínimo, catro anos da peor crise política da democracia. Gobernos provisionais, investidas frustradas, repeticións electorais, moción de censura, ausencia do mínimo respecto entre partidos —incluso entre os que gobernan ou pretenden gobernar xuntos—, de todo menos do que os cidadáns precisan. (*Aplausos.*)



Por puro interese particular, por non se sabe que cálculos electoralistas, preténdese que os cidadáns asuman que España carece de alternativa a toda esta situación, que só é posible esta política. Preténdese que non agarden remedio para esta inmadurez e este narcisismo, que non esperen nada mellor, porque isto é o que hai e o que España supostamente merece. Pois non, si hai alternativa á frivolidade e á inestabilidade, si se pode facer política antepoñendo o interese xeral, si é posible gobernar con todos e para todos, si fai falla mirar cara a Galicia. Galicia desmente que o que vive España é irremediable, en Galicia hai solucións. *(Aplausos.)*

A Xunta vai seguir traballando por esa Galicia estable, cunha política que se dedique aos cidadáns e non aos intereses dos partidos, e tamén na que sexa posible o rigor, o respecto, o diálogo, o acordo coas demais institucións do Estado. Nunca vimos nin veremos en ningún goberno da nación un inimigo, senón un interlocutor ante o que defender os intereses de Galicia, porque ademais son tamén os intereses de España. Pero, lamentablemente, esta actitude non é recíproca, e xunto á pasividade e á parálise ten consecuencias.

Nestes últimos meses puxéronse en cuestión cada un dos proxectos que estaban comprometidos para Galicia. Non temos un interlocutor estable que informe a Galicia da posta en circulación dos trens de alta velocidade. Hai obras que levan meses pendentes de ser licitadas —como o enlace orbital de Santiago ou a reforma da estación do tren da Coruña, ou a variante norte de Ourense—. Tamén continuamos agardando a que se tramiten a maioría das obras comprometidas para os tramos do Camiño que discorren por estradas nacionais. Non se habilitaron recursos para o Plan de rehabilitación dos bens de interese cultural que están nas rutas xacobeas nin se coñece ningún proxecto do Goberno central para o Ano Santo. Bloqueáronse as conversas e as transferencias da autoestrada do Atlántico, así como de calquera outra competencia. Seguimos sen unha tarifa eléctrica que dea seguridade ás industrias electrointensivas como Alcoa, como se prometeu. Navantia Ferrol está sen carga de traballo para os próximos dous anos —¡dous anos!—, non houbo avances no desenvolvemento do esteleiro 4.0 para as instalacións. Tampouco se adoptaron medidas para paliar a caída das vendas da automoción. Levamos meses esperando a anunciada estratexia nacional fronte ao reto demográfico. Nada se fixo por modificar o real decreto que incentiva a retención de médicos. Resultou imposible reformar e retomar a negociación para completar o cadro de persoal da Policía Autonómica. Mantense a incerteza respecto da modificación do Regulamento da Lei de costas. E, por suposto, seguimos sen solución para a necesidade máis imperiosa, que se pague a Galicia os 700 millóns de euros dos galegos que recada a Facenda estatal. *(Aplausos.)* Todo isto, e máis, tamén é o estado da Autonomía.

Si, señorías, todo isto que acabo de referir afecta as familias galegas. Que o Goberno se escude na súa condición provisional para non adoptar medidas imprescindibles atenta contra a nosa dignidade, pero, ademais, atenta contra a nosa propia Facenda, porque —como digo— estase privando os galegos de recursos que necesitamos, pero que tamén por dereito nos corresponden porque son nosos. Galicia non está reclamando nada extraordinario nin nada adicional, senón algo que xa está recadado, que xa está en caixa e que xa está previsto. Non é unha cantidade menor nin un capricho 700 millóns; é, por exemplo, o equivalente ao presuposto anual de todas as políticas sociais da Xunta de Galicia. Levamos moito tempo advertindo deste problema ao Goberno central.



Sobre o IVE, 200 millóns de euros, xa alertamos hai máis dun ano e prometéusenos unha solución que nunca chegou. Sobre as entregas a conta, 330 millóns; fomos a primeira comunidade en dar aviso tamén hai meses e seguimos agardando. Ao igual que polos incentivos ás comunidades cumpridoras como Galicia, 170 millóns que nos escatiman, mentres se dedican todas as atencións ás comunidades que non respectaron as regras durante os últimos anos. Remitimos un informe xurídico que avala as nosas propostas e ata redactamos un borrador de real decreto lei para que en días o puidesen solucionar. Démoslle todo feito ao Goberno central, e nin así, porque a día de hoxe o problema segue sen resolverse. Custa entender esta postura pero aínda máis que nesta Cámara haxa quen a apoie.

Todos os que estamos aquí somos os defensores dos intereses dos galegos e das galegas, e para recibir unha palmadiña de aprobación non sei de quen non se pode dar as costas a Galicia. (*Aplausos.*) Porque o fondo deste asunto é unha grande inxustiza, pero aínda peores son as formas, con absoluto menosprezo aos galegos que representamos e en prexuízo dos servizos públicos que lles corresponden. Recorreuse a informes fantasmas e máis tarde a informes forzados e incompletos en época preelectoral. Déusenos largas e despois infravalorouse a nosa lexítima petición. Prometeuse que se aboaría todo e logo, como moito, a metade. Amagouse con ir escollendo a discreción as comunidades ás que se lles paga primeiro. E díxose que un goberno en funcións non podía saldar a débeda, que era completamente imposible, ata que se convocaron as eleccións. As excusas e as estratexias foron variando ao longo do tempo, mais o que non cambiou é a falta de respecto e o incumprimento con Galicia.

Todo isto foi unha auténtica vergoña, e o único que espero a estas alturas é que non se incrementa a vergoña sumando un segundo engano. Os galegos estamos agardando por 700 millóns de euros, nin máis nin menos, de forma completa. E agardo que ninguén pretenda dar por saldada a débeda pagando só unha parte, que é o que parece. Non o imos consentir. (*Aplausos.*) Un goberno en funcións ten funcións, e esta é unha delas, a primeira, pagar o que se debe. O que sucede é que España non tivo nin ten goberno en funcións, tivo e ten un goberno en campaña electoral.

Nas cuestións orzamentarias esta actitude afecta de xeito indiscriminado todas as comunidades de réxime xeral, pero tamén se adopta para tomar decisións que discriminan unhas sobre outras e priorizan intereses partidistas fronte aos intereses xerais. Fíxose co bloqueo a que puidésemos investir o superávit logrado o ano pasado, 130 millóns de euros, que finalmente logramos liberar a través dunha lei aprobada neste Parlamento. Fíxose co Proxecto de presupostos xerais que se presentou nas Cortes —por sorte, desbotado—; recortábanse un 30 % os investimentos a Galicia e incrementábanse un 60 % os investimentos a outras comunidades. Fíxose ao condonar a débeda do porto de Valencia e vetar a mesma posibilidade ao porto da Coruña. Ou fíxose ao negarlle á Xunta despachos ordinarios de interese para a nosa comunidade, mentres si se concedían a outros gobernos autonómicos. Os intereses xerais non se poden sacar a poxa, o Goberno ten o deber de servir a 47 millóns de españoles e iso inclúe os 2.700.000 galegos.

Cómpre reiterar, unha vez máis, que non se pode confundir o Estado co Goberno central. O Estado somos todos —institucións nacionais, autonómicas e locais, e, por suposto, todos os cidadáns—; o Estado é permanente, a diferenza dos gobernos, que somos transitorios. E por



iso ningún partido pode suplantar un goberno. Ningún goberno en funcións, nin sequera un goberno central en plenas facultades, pode suplantar o conxunto do Estado. Galicia non pide nin pedirá nunca ser máis que ninguén, pero tampouco acepta nin aceptará ser menos. Todos somos españois na mesma medida e merecemos a mesma consideración. *(Aplausos.)*

A España política visible neste momento nada ten que ver coa España real, na que tamén estamos reflectidos os galegos. A parálise dunha choca co dinamismo da outra. A asimetría dunha ten pouco que ver coa unidade que persegue a outra. A incapacidade para atopar fórmulas de gobernabilidade contrasta con innumerables acordos que contraen todos os días os españois de toda condición e convicción.

Esta desconexión cada vez maior entre a práctica política e a práctica cotiá dos cidadáns débese —ao meu entender— a unha razón fundamental: en España a política está perdendo a centralidade. Este valor non é nin pode ser propiedade dun único partido político, ninguén pode preservalo en solitario. A centralidade foi un logro do Partido Socialista e do Partido Popular, con outros apoios tamén, desde o sentido común. Agora, lamentablemente, á centralidade parece gañarlle en España esa dialéctica de Capuletos e Montescos da que falabamos ao comezo e que tanto agrada aos extremismos.

Galicia pode prezarse de non ter sucumbido a discursos rupturistas, nin sequera nos momentos máis difíciles. Galicia conserva os seus valores comúns e, sendo heteroxénea e diversa, mantén intacta a súa unidade. E, sen dúbida, a isto contribúe a estabilidade que si hai na nosa terra e que nos mantén afastados tanto do inmovilismo como das arroutadas.

Durante este debate haberá intervencións —comezando pola miña— que sinalarán eivas e conflitos que existen na sociedade galega. Pero permítanme facer tres preguntas: ¿acaso algún deles podería resolverse mellor nunha Galicia politicamente inestable? ¿Acaso algún deles sería máis xestionable se este goberno, este Parlamento e estas institucións foran semellantes ás doutros lugares que emprenderon camiños sen saída? ¿Como poderíamos propoñernos superalos con receitas políticas que levan anos demostrando que só conducen ao bloqueo ou ao desgoberno?

Señorías, hai quen aquí mira con envexa outros lugares ou institucións, quen preferiría para Galicia importar os problemas doutras comunidades, ou a quen non lle importaría —ao contrario, gustaríalle— que en Galicia se reproducira a inestabilidade, a parálise e o fracaso das últimas lexislaturas nacionais con tal de ver satisfeitas as súas aspiracións persoais, tamén a imaxe e semellanza de quen agora goberna España. Eu non quero para Galicia algo así, porque quero a Galicia. Quero para España e todos os seus territorios o exemplo que damos as galegas e os galegos, porque quero a España. E eu reivindico o modelo de Galicia. *(Aplausos.)*

Este modelo de Galicia non é, nin moito menos, exclusivo deste presidente, por máis que o obxectivo único dos partidos desta Cámara se limite simplemente a botar a Feijóo. Non é tampouco deste goberno, por máis que sexa a liña que tratamos de seguir día a día. Non é o de ningún partido, nin tan sequera do que leva máis anos gobernando nesta terra. É o modelo escollido polos galegos non só durante varias lexislaturas senón durante varias xeracións.



Galicia é unha comunidade estable e centrada, e por iso desde a Xunta o que tratamos é de levar as institucións á centralidade do seu pobo. *(Aplausos.)*

Estar centrados, señorías, significa, en primeiro lugar, o que é evidente no ideolóxico: moverse na moderación. Ultimamente téntase que a xente confunda moderación con debilidade, cando a principal fortaleza dun país é que as distintas forzas políticas, que representamos distintas visións dos cidadáns, sexamos capaces de converxer naquilo que nos une, en lugar de potenciar continuamente todo o que nos separa. Pero estar centrados tamén ten un segundo significado, que ten tanta ou máis importancia neste momento: estar ao que hai que estar, estar centrados na xente, nos cidadáns. Non imos permitir que a inestabilidade de España se lles traslade aos galegos por intereses menores. Galicia vai seguir sendo un contrapunto a esta situación. É difícil —non llelo oculto—, pero estamos decididos a facelo na medida das nosas posibilidades.

Primeiro, porque, como lles dixen ao inicio, temos un proxecto para a nosa terra que vale a pena continuar e tamén porque temos un compromiso coa nosa xente, que merece algo distinto ao que maioritariamente se lle está a dar desde a política nacional.

Señorías, o modelo é Galicia, e por iso a todo aquilo *(Aplausos.)* que dependa de min, en todo aquilo que dependa de min e namentres dependa de min, os intereses de Galicia xamais se verán sometidos a outros intereses máis cativos, minoritarios e moito menos aínda extremos. Hai quen antepón a súa conveniencia ideolóxica, partidista e incluso persoal a Galicia, pero eu non. Por riba de calquera outra cousa, eu son o presidente de Galicia e nin fun nin son nin serei nunca refén de ningún partido, nin tan sequera do meu. Son militante de Galicia. *(Aplausos.)*

E por iso, señorías, aspiro a preservar o modelo de Galicia, porque, ademais, é o propicio para seguir fixándonos novas metas na década que vén. Falar do medio ou do longo prazo case parece imposible na política de hoxe, mais non o é para Galicia. Galicia vai moito máis aló desa política do titular do día seguinte, o tuit máis ou menos enxeñoso ou un guión de entretemento televisivo. Nesa visión curtopracista parece irrelevante cumprir —cumprir as regras fiscais, aprobar os presupostos, gastar sen pensar nos efectos—, non se lles presta atención ás decisións e valoracións que á larga dividen aos cidadáns e dá igual afrontar problemas estruturais como a viabilidade das pensións, o financiamento sanitario, unha educación equitativa ou os problemas demográficos. Pero todo isto, señorías, lamentablemente ten consecuencias. E por iso nos temos esforzado tanto para que Galicia sempre fose unha excepción a ese distanciamento que hai hoxe entre as obrigas da política e as súas respostas.

Galicia é unha excepción que se preocupa polo legado que deixamos aos que virán, Galicia é unha excepción que quere unir a xente e non crispala e separala e Galicia é unha excepción que conta cun proxecto que non improvisa, senón que planifica.

Con esta filosofía estamos elaborando o Plan estratéxico 2021–2030, un modo de xestionar que está avalado, no fondo e na forma, polos dous plans estratéxicos anteriores. No fondo, porque o feito de que Galicia lidere na última década o progreso económico en termos de riqueza por habitante confirma que esta planificación foi un acerto; de feito, nove dos dez in-



dicadores de efectividade do plan en vigor estanse cumprindo. Pero tamén é bo na forma, xa que, como saben, non falamos dun plan exclusivo da Xunta, senón elaborado conxuntamente con colectivos sociais e empresariais. O novo plan xa está aberto ás achegas de todos. Máis de catrocentos expertos xa fixeron as súas e a invitación á participación manterémola ata o final, e tamén, por suposto, neste Parlamento, onde agardo contar con vostedes.

Igualmente, a planificación ten reflexo na boa execución dos fondos europeos, que converte a Galicia nunha referencia na Unión e nos dá forza e argumentos para poder defender as novas demandas cara ao próximo período 2021-2027.

Señorías, Galicia ten unha folla de ruta e ten un rumbo trazado. En Galicia, pese a todas as trabas, pese ao bloqueo, pese á inestabilidade nacional, volverá ter orzamentos no ano 2020, como cada ano. (*Aplausos.*) Si, aprobaremos os próximos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2020 cumprindo os prazos legais. Porque, pese ás limitacións que hai para elaboralos, ao non coñecer a axenda de déficit e as entregas a conta do ano que vén, négome a que o desgobierno doutras institucións prive os galegos de novos proxectos con recursos adicionais. Os cidadáns non teñen por que esperar a que a política nacional recupere o seu pulso. Galicia funciona e non vai parar e, a diferenza do que pasa no conxunto de España, seguirá tendo certezas, e unha delas son os orzamentos en data, como sempre. Porque nos parece básico para preservar todo o que conseguimos nos últimos anos e, por suposto, porque non imos desaproveitar ningunha oportunidade de futuro e menos aínda a tan importante como a que nos ofrece o Xacobeo 2021.

Señorías, téñenme escoitado que o Xacobeo é máis que un dos tres eventos, se contamos o do ano 2027 ou o do ano 2032; sobre todo, é unha grande oportunidade. Por iso non lles oculto a miña sorpresa e decepción pola reacción dos grupos da oposición ao Plan estratéxico do Xacobeo, que xa presentamos. Non lles pido que recoñezan o acerto de traballar con anticipación, coa anticipación que non houbo no Ano Santo anterior, tampouco que aplaudan todas as nosas propostas; por suposto, hainas para todos os gustos, moito máis cando o obxectivo é chegar a diferentes tipos de público. Pero non podo entender que aínda non fixesen ningunha soa achega. Pídolles que recapaciten, non se absteñan do futuro de Galicia, no que estamos implicados a inmensa maioría dos galegos. Entre o seu partido e Galicia vale a pena elixir Galicia. E saben que lles falo con coñecemento de causa. (*Aplausos.*)

Con vostedes —oxalá— ou sen vostedes, imos seguir traballando para que Galicia saque o máximo rendemento ao Xacobeo e para ir máis aló, para unha Galicia que no mundo teña aínda máis prestixio, porque o merece, e para unha Galicia que mellore o día a día da vida dos galegos e tamén das súas expectativas.

En definitiva, que a Galicia da nova década sexa máis que nunca Galicia calidade, unha Galicia máis moza, unha Galicia máis familiar, unha Galicia máis innovadora e unha Galicia máis verde; unha Galicia que, despois de sobrepoñerse á recesión, se marca novas metas e obxectivos máis ambiciosos, para poder seguir sentindo orgullo de acadalos.

Falamos do futuro de Galicia, e por iso quixera referirme, en primeiro lugar, aos máis mozos. A maioría dos mozos nunca desfrutaron da experiencia xacobeá; moitos, ademais, sufriron



unha infancia, unha adolescencia e uns primeiros pasos no mundo laboral marcados pola crise económica. E neste contexto actual de recuperación a todos eles lles debemos que a Galicia que vén lles brinde mellores expectativas. Unha Galicia á altura dunha mocidade máis e mellor formada, unha Galicia sensible aos problemas sociais e ao medio ambiente como os propios rapaces; temos o maior número de voluntarios de toda España. Unha Galicia máis accesible ás tecnoloxías, á mobilidade, á cultura, a diferentes opcións de ocio e —o máis importante— unha Galicia que siga incrementando as oportunidades laborais.

A Galicia de hoxe xa crea emprego en máis cantidade e calidade que hai dez anos. En 2009 o paro que asumimos medraba o 31,9 % e agora baixa ao 6,5 %. As afiliacións caían o 4,7 % e agora aumentan case en dous puntos. Galicia é a terceira comunidade onde máis medraron os salarios nos últimos dez anos. Dous de cada tres ocupados son indefinidos e traballan a tempo completo. A taxa de ocupación feminina é a máis alta da nosa historia, con cinco puntos por riba do ano 2009. E, no caso específico dos menores de 30 anos, o desemprego chegou a estar por riba do 40 % ao longo da crise e está por debaixo da metade.

Outro indicador significativo é que en 2018 entraron en Galicia ao redor de trece mil persoas máis das que saíron e a metade destas trece mil que entraron máis das que saíron teñen menos de 30 anos.

De xeito especial está dando froitos o traballo para lograr o retorno dos emigrantes galegos. Na última década triplicouse a volta desde América, multiplicouse por cinco só no caso dos emigrantes venezolanos. Son datos insuficientes, pero tamén son esperanzadores e permiten que recobremos a fe en nós mesmos e no noso futuro para seguir mellorando e encarar os retos que temos por diante.

Negar que Galicia foi quen de facer fronte ás dificultades, tratar agora de debuxar esta Galicia como a peor das Galicias posibles non é máis que repetir desde a oposición o erro máis grave que esta oposición cometeu desde o goberno, que foi ocultarnos a crise máis severa que tivemos en Galicia e en España. (*Aplausos.*)

Señorías, esa si foi a peor das Galicias posibles no período democrático. Nós non imos incidir nese erro. Nunca negamos nin a existencia nin a dureza daquela crise, xamais restamos confianza nun país que batallou con mérito o éxito contra as súas consecuencias e do mesmo xeito agora non imos ignorar que volvemos vivir un período con signos evidentes de desaceleración e de novas preocupacións. Onte mesmo o Banco de España emendou as propostas de crecemento do Goberno central. Pero tamén seguimos mantendo que, como entón, Galicia vai dar unha resposta estable e efectiva a estas incertezas.

A inestabilidade nacional é desde logo o peor aliado posible. Resta confianza, non permite facer un axeitado seguimento desta situación, non axuda a despexar incógnitas nin tampouco a xestionar con cinco sentidos desafíos como o *Brexit*, que, por exemplo, para a nosa pesca é transcendental.

A falta dun goberno que tome decisións réstanos forzas ante os desafíos e non favorece o crecemento; ao contrario, vai á contra. E por iso pido responsabilidade. Ningunha campaña



electoral debería facernos esquecer que hai un país que hai que xestionar. Fálase de enquisas, de partidos, de siglas, de candidatos, de listas, de aritméticas, de coalicións, de bloques, de pactos, de ministerios, de cargos... e pasa a un segundo plano o que debería de ser máis importante: ¿que está facendo España e que vai facer España para evitar unha nova crise económica? A política ten que romper esta burbulla electoral na que está atrapada, porque, fóra dela, están os cidadáns, aos que nos debemos, e os intereses xerais que hai que preservar. A política ten que deixar de ser un problema engadido e pasar a formar parte da solución. E no que dependa da Xunta nós non imos contribuír a que a cidadanía en xeral e os mozos en particular se vexan abocados a unha nova época de frustracións en forma de crise económica.

Tamén coa vista no noso futuro, tendo en conta a xuventude, sería moi recomendable que por fin o conxunto das forzas nacionais garantan un compromiso real co pacto de Estado pola educación, demandado ata a saciedade pero nunca materializado. (*Aplausos.*)

España leva toda a democracia encadeando leis educativas, practicamente unha distinta por cada goberno. Un estudante que hoxe estea rematando os seus estudos terase formado con catro normativas diferentes. Isto non é lóxico. O próximo Goberno de España, sexa quen sexa, ten que exercer o seu deber de coordinación sobre as comunidades autónomas. Ten que deixar de calcular se lle favorece que un modelo sexa máis conveniente para unha ou para outra ideoloxía, porque o obxectivo da educación non debe ser ideolóxico. O que debe ser é máis conveniente para que os mozos reciban unha educación de máximo nivel. Debe ser máis conveniente para que esta educación se reciba en igualdade e debe ser conveniente para que a porta de saída da educación sexa a de entrada no mercado laboral.

Queremos unha educación en liberdade, queremos unha educación equitativa, unha educación máis completa e unha educación máis competitiva. Non basta con infraestruturas educativas, por máis que na última década investimos máis de 266 millóns de euros para facer novos colexios ou institutos ou reformar os que temos. E así é como exercemos as nosas responsabilidades.

Por primeira vez en Galicia hai programas plurilingües en todos os niveis educativos: infantil, primaria, secundaria, bacharelato, formación profesional e tamén os primeiros graos universitarios. Ofrécense o dobre de prazas para aprender unha lingua no estranxeiro. Desde o ano pasado os rapaces que rematan os seus estudos contan con opción de acreditar oficialmente o seu nivel en idiomas con probas que son de balde para as familias. E, sobre todo, multiplicamos case por dez o número de alumnos que reciben clase en galego, castelán ou unha terceira lingua, ao redor de cento dez mil alumnos.

Máis idiomas e tamén máis tecnoloxía. Máis de cento vinte mil alumnos teñen aulas dixitais e máis de vinte e sete mil alumnos traballan con libros dixitais. Ademais, somos pioneiros en impartir novidosas materias como robótica, programación ou oratoria. E garátese o apoio adicional aos alumnos que precisan reforzo en dous de cada tres colexios que teñan opción de ter un contrato programa.

O reto que nos marcamos está claro. Non debemos agardar a que remate a próxima década para que o cen por cento dos rapaces galegos saian das escolas públicas dominando unha



terceira lingua, ademais do galego e do castelán, preparados para o mundo dixital, formados nas áreas máis vangardistas e co reforzo nas materias que o precisen.

Hai que seguir incidindo no que funciona, porque todos estes avances contribúen a ter unha mocidade hoxe en Galicia mellor preparada. Porque hoxe a taxa de abandono temperán é a máis baixa desde que hai rexistros, e no último informe PISA Galicia obtivo mellores resultados que a media de España e que a media dos países da OCDE.

Unha das prioridades é axudar os rapaces a atopar a súa vocación e superar as súas dificultades, e trasladarlles os perfís profesionais máis demandados. Neste sentido tamén actuamos e actuaremos. Hai xa quince centros que ofrecen bacharelato de excelencia en ciencias e tecnoloxía, e a estratexia STEM está a fomentar estas materias.

O ano que vén Galicia converterase na terceira comunidade con graos universitarios abertos, de xeito que os alumnos poderán elixir materias en varias carreiras antes de decidirse por unha. E, para continuar nesta liña, anúnciolles que este curso aprobaremos o plan de orientación profesional, que de xeito progresivo incorporará aos colexios públicos un segundo orientador, comezando polos vinte con maior número de alumnos. *(Aplausos.)*

Tamén mantemos o compromiso de seguir adaptando a educación pública ao mercado laboral. Neste eido, penso que un dos nosos maiores acertos foi a aposta reforzada pola formación profesional. Demostramos a boa acollida entre os mozos, supéranse os cincuenta e un mil matriculados neste curso en FP, un 50 % máis que había no ano 2009, e demostramos a implicación das empresas; máis de duascenas contribúen a que sexa posible a formación profesional dual, que combina con prácticas. E, sobre todo, demóstrano os extraordinarios niveis de inserción laboral, no contorno do 90 %. E por iso, continuaremos nesta liña, guiándonos pola nova Estratexia formación profesional 2030 nos 47 centros dinamizadores seleccionados en toda Galicia e no futuro Centro Galego de Innovación da FP, que comezará a funcionar o próximo curso en Ourense.

No caso dos alumnos que opten por estudos universitarios, xa dispoñen dun novo mapa de titulacións que racionalizou a oferta e terán un novo fito no marco do Proxecto Galicia 2030, que impulsamos da man das universidades e que xa deu como resultado un catálogo de trinta perfís profesionais de futuro, que nos próximos anos concretaremos nas correspondentes novas titulacións.

E, por suposto, seguimos considerando fundamental a formación xa na época laboral (unidades formativas en empresas, obradoiros de emprego, modernización do sector) do Servizo Público de Emprego.

En definitiva, a nosa vontade é que os mozos teñan ao seu dispor os máximos instrumentos para que escollan o seu camiño en liberdade.

Queremos escolas, centros de formación e universidades libres, libres de adoutramento e libres de etiquetas. Queremos que estean cheos de coñecemento e de valores, e así actuamos. Galicia ten a escola máis inclusiva de España, grazas ao decreto de diversidade, que garante que o 93 % dos nenos e das nenas con necesidades especiais están estudando en centros or-



dinarios. Estimula o seu esforzo con premios de excelencia académica, con bolsas de mocidade no exterior e co programa Talento mozo. Promóvese a vía saudable cando se fomenta o deporte en idade escolar, a alimentación equilibrada ou a prevención de enfermidades de transmisión sexual, e con novas medidas que aprobaremos, como fixar por lei a calidade alimentaria que se oferte nos centros públicos educativos.

Protéxese o idioma, logrando que os galegos sexan os que mellor coñecen e máis falan a súa lingua propia de todas as comunidades autónomas que contamos con ela, e aprobando un plan para promover que, en liberdade, queiran empregala máis.

Deféndese a igualdade, con medidas concretas, como que o cen por cento dos colexios teñan un plan de loita contra o machismo ou inclúan a igualdade como materia de libre configuración. (*Aplausos.*) E todos os colexios públicos xa contan cun plan de convivencia, e a vontade é que se actualicen para incorporar problemas novos.

Un dos que máis nos preocupa é o acoso escolar. Debemos asumir que o *bullying* non é unha cousa de nenos senón un problema no que hai vítimas e hai que protexer. Para iso temos o compromiso de trazar cos profesionais educativos un novo plan contra o acoso escolar en todas as súas vertentes. (*Aplausos.*)

O coñecemento é liberdade, e nós queremos unha xuventude libre, libre para desenvolver a súa vida, libre para escoller o seu futuro multiplicando as súas opcións e oportunidades, libre para que falen a lingua que consideren, libre de machismo e libre de abusos, libre de presións ideolóxicas e partidistas, libre para que constrúan con nós, porque Galicia os precisa, a Galicia que vivirán eles e aqueles que os sucedan. (*Aplausos.*)

Hai importantes medidas de apoio á mocidade. Os menores impostos que teñen para mercar vivenda no rural ou as axudas para adquiridas en cascos históricos. Os descontos do 5 % en libros e do 10 % en material escolar. As próximas axudas para o carné de conducir, tanto de turismo como de camiión, por un importe próximo aos trescentos euros, para axudar a mocidade a acceder mellores condicións no mercado laboral. As instalacións xuvenís da Xunta, que desde este ano 2020 estarán á súa disposición, tamén fóra do período estival, e o próximo verán será a campaña con máis prazas que nunca.

Houbo a extensión da tarxeta Xente Nova, pola que moitos mozos xa viaxan gratis, ampliándose a toda Galicia, e por dous anos máis, viaxar gratis, os mozos e as mozas por toda Galicia sempre que sexan menores de 21 anos. E, neste sentido, sería de grande axuda que as cidades aplicaran estas medidas nas liñas urbanas.

Non somos a comunidade con máis mozos, pero si seremos a comunidade que máis os apoie, para que vivan, para que traballen, para que volvan e para que teñan aquí o seu futuro e ao tempo dar futuro a esta terra. Galicia ten que apoialos, porque Galicia precisa apoiarse neles para construír esa Galicia máis familiar, máis innovadora e máis verde que queremos acadar. (*Aplausos.*)

Aspiramos, señorías, a que Galicia sexa máis familia que nunca. Trátase de reforzar os lazos fraternais entre os galegos e trátase de que con máis intensidade o fagamos apoiándonos os uns nos outros.



Queremos uns servizos públicos de máxima calidade e coas mellores prestacións que cheguen ao cen por cento dos cidadáns, queremos que nos avances de Galicia ningún galego quede atrás e queremos apoiar máis ca nunca as familias, porque son as que sacan adiante a Galicia, e porque Galicia, como o resto de España e Europa, precisa ampliar a familia para garantir o seu futuro. Conscientes de que estruturalmente non hai un reto de maior importancia, Galicia é a primeira comunidade en presentar unha Lei de impulso demográfico. Somos pioneiros elevando a leis estas políticas. É, desde logo, un obxectivo de país, no que nos gustaría contar con consenso de país.

Conscientes tamén de que isto vai máis aló da nosa terra, levamos anos exixindo a implicación das autoridades nacionais e europeas, e construímos acordos con outras comunidades autónomas españolas. E, tamén conscientes, estamos adoptando máis medidas que nunca para que Galicia sexa o mellor lugar de España para formar unha familia. Ninguén vai ter fillos porque llos pida un goberno, nin evidentemente un goberno pode obrigar a ninguén a ter fillos. É unha decisión na que inflúen moitos condicionantes, pero na Xunta temos a determinación de que, do que nós dependa, sexan facilidades. ¿Para que? Para aqueles que escollan libremente dar o paso de formar unha familia ou ampliála. Por iso, hoxe hai máis prazas públicas de escolas infantís que nunca, o dobre das que había no ano 2009.

Máis apoios económicos que nunca, como a Tarxeta Benvida, o Bono Concilia, as axudas para libros de texto, material escolar, ou curso tras curso as taxas universitarias máis baixas de España. E máis servizos que nunca á disposición das nais e pais, como o Bono Coidado, as casas niño nas contornas rurais, o transporte escolar ou as novas vacinas incorporadas ao calendario infantil gratuíto.

Ademais, predicamos co exemplo, dentro do ámbito público. Ampliamos o permiso de maternidade na Administración ata vinte e catro semanas, antes que os demais, e as axudas que damos aos autónomos para iso pasaron de catro a doce meses, o triplo.

Ao redor de doce mil empregados públicos disfrutaban de flexibilidade horaria ou de teletraballo. Facilitamos a mobilidade e os concursos de traslados e beneficiamos nos últimos anos nove mil familias servidoras públicas. As axudas para apoiar a redución da xornada medraron un 30 % desde o ano 2009 ou tamén aumentamos case un 37 % os fondos para que os concellos promovan conciliacións nos seus ámbitos.

Ao longo destes anos, no ámbito da dinamización demográfica adoptamos máis iniciativas que nunca e cada vez con máis intensidade. Seguiremos, seguiremos por este camiño e durante os próximos doce meses, en paralelo co desenvolvemento da Lei de impulso demográfico, e, anticipándonos á súa aprobación definitiva, aprobaremos continuamente medidas de calado dentro do Plan de apoio á natalidade, por riba de calquera outro plan que exista en España e ao nivel das nacións europeas máis avanzadas neste eido.

Así, todos os concellos poderán ter un centro de conciliación, e para iso habilitarase unha liña de axudas extraordinaria para os vinte e tres concellos que aínda non o teñan.



Segundo. Todas as familias que reciban a Tarxeta Benvida e teñan o terceiro fillo recibirán 2.400 euros anuais desde o seu nacemento ata que cumpra os 3 anos. *(Aplausos.)*

Terceira. Ademais, a Tarxeta Benvida incrementarase tamén nun 25 % para todas as familias que vivan nos concellos de menos de cinco mil habitantes, que recibirán 1.500 euros polo primeiro e o segundo fillo e 3.000 euros polo terceiro.

En cuarto lugar, financiaremos que as empresas contraten persoal para que os seus traballadores poidan conciliar e os seus fillos estean ben coidados e preto deles no horario laboral.

En quinto lugar, bonificaremos as peaxes autonómicas para as familias numerosas.

En sexto lugar, os novos establecementos como hoteis ou centros comerciais deberán contar con cambiadores accesibles para nais e pais e reservar prazas de aparcamento para familias.

En sétimo lugar, crearemos o selo para distinguir e recoñecer os establecementos máis amigables coas familias.

En oitavo lugar, lanzaremos unha nova caixa benvida máis completa e con artigos máis útiles para as familias que acaban de crecer.

En noveno lugar, apoiaremos as familias que teñan unha filla ou un fillo celíaco, creando unha distinción para os establecementos concienciados coas súas necesidades.

En décimo lugar, impulsaremos a creación de parques infantís cubertos que permitan o seu emprego con independencia da climatoloxía.

Ampliaremos os recursos para facilitar ás familias conciliar durante as vacacións escolares, e o próximo curso terán máis recursos para deixar os seus fillos cando non hai clases.

E, en último lugar, no lugar doce, a partir do primeiro trimestre do ano 2020 garantiremos que a educación infantil de 0 a 3 anos será totalmente gratuíta para todas as familias galegas a partir do segundo fillo. *(Aplausos.)* Será totalmente gratuíta para todas as familias galegas a partir do segundo fillo con independencia da idade que teña o primeiro. E, a maiores, faremos ao próximo Goberno central unha proposta de colaboración e de cofinanciamento para chegar ao obxectivo de que as garderías sexan cen por cento de balde para todas as familias, xa desde o primeiro fillo. Galicia será a comunidade de referencia en conciliación de vida persoal, laboral e familiar. *(Aplausos.)*

Algúns destes cambios non serán inmediatos, no que se refire a resultados, sobre todo para efectos demográficos. Os gobernos irresponsables só pensan no que pode traerlles resultados instantáneos, os gobernos responsables deben actuar coa vista posta no futuro. Faltaría á verdade se dixese que os nacementos se van disparar en 2020 grazas ao moito que fixo ou ao que pretende facer a Xunta, pero asegúrolles que todas as familias galegas gozarán de máis apoios que nunca antes.



Isto non pretende nin moito menos ser escusa para obviar que Galicia, como o resto de España e de Europa, ten unha situación poboacional complexa. En 2030 unha de cada tres persoas terá máis de 65 anos. Non se pode comezar en 2029 a pensar neste desafío, e por iso levamos traballando nel desde 2009.

Non sería sensato que o fixeramos nós, e por iso tampouco o é que desde o Goberno actual de España non se fixera nin unha soa proposta ao respecto, nada, cero. Tal é a deixadez que o alto comisionado para esta materia que conseguimos co anterior Executivo leva vacante desde hai seis meses.

Nós imos seguir cumprindo co noso dobre deber: tratar de reverter a pirámide poboacional en Galicia e ao tempo dar resposta á nosa actual situación demográfica, na que os nacementos non conseguen equilibrar a boa nova da nosa crecente lonxevidade.

Isto implica tamén prestar atención aos maiores e ás persoas que se encargan dos seus coidados cando o precisan. Hoxe mesmo directivos da Xunta están recollendo en Dinamarca un novo recoñecemento ás nosas políticas de envellecemento activo. Desde o ano 2009 multiplicamos por dezaseis —por dezaseis— o servizo de axuda no fogar, que hoxe chega a vinte e catro mil persoas todos os días. Hai o triplo de prazas públicas en centros de día, creamos as trinta primeiras casas do maior no rural, e serán o dobre antes de rematar a lexislatura. Xantar na Casa leva o menú para cada día da semana a máis de mil trescentos fogares. Botamos a andar o autobús que leva coidados porta a porta, que leva servizos de óptica, obradoiros de memoria para asesoramento aos maiores, comezando polos vinte concellos máis pequenos. E, no caso dos que optan por unha residencia, teñen un 42 % máis de prazas públicas que antes.

Loxicamente, o Plan estratéxico para a década debe reforzar tamén esta área con novas medidas, algunhas delas inmediatas, como a extensión dese autobús de coidados porta a porta para que se amplíe aos douscentos concellos de menos de cinco mil habitantes.

Igualmente, aprobarse o decreto de concerto social, que nos permitirá contratar prazas públicas en entidades sociais, coa máxima flexibilidade. Estase elaborando un protocolo de atención aos maiores que viven sós, e por suposto darase un impulso definitivo a sete novas residencias nas sete cidades.

A Xunta leva moito tempo traballando nestas sete residencias, que satisfarán dúas terceiras partes da demanda que existe hoxe en día. Buscamos e acordamos con concellos terreos máis axeitados, redactamos anteprojectos construtivos, reservamos unha partida orzamentaria, e a Fundación Amancio Ortega decidiu sumarse ao proxecto e asumir a súa construción e equipamento, en beneficio do servizo público. *(Aplausos.)*

Señorías, estabamos afeitos a que estas mostras de compromiso co país fosen criticadas —é certo— por grupos minoritarios, pero sorprendeume que neste caso quen as afease fose tamén quen aspira a liderar a oposición. Pois hoxe eu quero aproveitar esta tribuna, en primeiro lugar, para reiterar o orgullo de que unha empresa de primeiro nivel internacional como Inditex sexa galega; en segundo lugar, para facer un recoñecemento e que supoña tan-



tos empregos para Galicia e o conxunto de España e teña en Galicia a súa sede; en terceiro lugar, para agradecer que esta empresa, que cumpre con todas as súas obrigacións legais e tributarias, quixera, a través da Fundación Amancio Ortega, doar 90 millóns de euros para o patrimonio público de Galicia. (*Aplausos.*)

Señorías, oxalá Galicia tivera aínda máis empresas que crean miles de postos de traballo, (*Murmurios.*) oxalá Galicia tivera aínda máis fundacións que contribúen ao noso desenvolvemento social e oxalá Galicia contara con políticos cun nivel de compromiso co país como o que pretenden cuestionar. (*Aplausos.*)

As políticas sociais, señorías, para a Xunta son unha prioridade absoluta, na que traballamos con seriedade, en colaboración coa sociedade civil e cunha fiabilidade que nos recoñecen as entidades sociais, e así seguiremos traballando.

É certo que é moito máis sinxelo caer na demagogia, autoproclamarse os defensores do ben común, para despois non demostralo cando se ten oportunidade, ou facer brindes ao sol respecto dos dereitos e dos servizos sociais, pero, na política —e máis na política social— fálase facendo.

En Galicia puxéronse en risco dous mil catrocentos empregos nas entidades de apoio ás persoas con discapacidade, porque o Goberno —o Goberno central— se despreocupou de que estas organizacións non podían asumir de inmediato a suba do salario mínimo. ¿Saben quen vai resolver o problema? A Xunta de Galicia mañá na reunión do Consello. (*Aplausos.*) ¿Saben cantos recursos teriamos a maiores os galegos se o Goberno central cumprise coa súa obriga legal de financiar o 50 % do que custa atender a dependencia? 191 millóns de euros máis cada ano, o que nos daría para cubrir o 100 % da dependencia e contar coa máxima calidade posible, pero o Goberno central só financia o 25 %.

¿Como un partido pode criticar que unha fundación privada doe voluntariamente 90 millóns de euros para políticas sociais e ao tempo incumprir coas súas obrigas coas políticas sociais desde o Goberno? (*Aplausos.*)

A Xunta, señorías, fala facendo, e así desde 2009 multiplicáronse por catro o número de dependentes atendidos. En 2018 o obxectivo prioritario foi ampliar a extensión do sistema. O obxectivo da lexislatura era conseguir no ano 2020 sesenta mil dependentes atendidos. Ese obxectivo cumpriuse a finais do ano 2018 e en Galicia hai máis de sesenta mil dependentes atendidos todos os meses.

En 2019 o novo obxectivo foi incrementar as contías que perciben os dependentes, e tamén se conseguiu. Subimos entre un 10 % e un 75 % a prestación por dependencia que cobran dezanove mil persoas por coidados na contorna familiar, por asistencia persoal ou polo Bono Autonomía de Residencia.

No ámbito de apoio ás persoas con discapacidade, ademais de incrementar as contías que reciben as entidades, melloramos a accesibilidade nos edificios públicos e lanzamos a primeira oferta pública de emprego específica para eles, aumentando un 40 % os convenios e



axilizando o seu proceso de valoración. E seguiremos apoiándoos, por exemplo, cun catálogo de postos de traballo da Administración que estarán reservados para eles ou cun novo decreto de accesibilidade.

Señorías, en Galicia hai máis políticas sociais e os últimos datos revelan que en Galicia hai menos fogares que nunca —digo: que nunca— con dificultades para chegar a fin de mes. Somos a segunda comunidade autónoma con menos persoas en situación de extrema necesidade. Pero, aínda que haxa menos, aínda que para algúns xa non estean de máxima actualidade, para a Xunta seguen estando presentes.

Desde 2009 incrementamos un 67 % os recursos para loitar contra a pobreza, e seguiremos traballando, coas medidas que xa temos en marcha, como as axudas para evitar cortes de luz; somos a única comunidade autónoma que ten axudas complementarias ás do Goberno central. Ou o protocolo para evitar que ninguén quede sen vivenda por falta de recursos. Ou facilidades para que os perceptores da Risga poidan atopar traballo, cun aumento da contía que reciben en 100 euros ao mes de media. Ou miles de axudas para os emigrantes que pasan apuros, en Venezuela, en Cuba, en Arxentina.

Sumaremos novas iniciativas, e farémolo da man das entidades, actualizando no ano 2020 os obxectivos da Axenda social única, que pactamos con todas as organizacións que se dedican á pobreza.

Mantemos o noso compromiso social para todos e todo o tempo, señorías, non cara á galería, non só cando conveña, non só para as campañas, non só desde a oposición para despois esquecelo durante os gobernos. Dedicamos moito tempo e moitos esforzos a traballar polos que máis o necesitan e bastante menos tempo a presumir dos nosos logros. Tendemos a centrarnos máis en todo o que aínda queda por facer.

Mellores servizos públicos fan de Galicia máis familia. Son de todos e grazas aos galegos, que os financian. Son o mérito do seu esforzo e os servizos públicos son o patrimonio dos galegos, e ningún partido ten dereito nin a negárllelos nin a apropiarse deste logro colectivo nin, moito menos, deostalo. (*Aplausos.*)

Señorías, non lles oculto que produce fonda sorpresa esta actitude, por exemplo no relativo á sanidade pública. Moitos países e profesionais de primeiro nivel eloxian as nosas infraestruturas sanitarias, hai uns días o hospital público de Vigo ou hai outros días interesados varios facultativos doutros países polo Plan de hospitalización a domicilio. Outras comunidades pídenos copiar as últimas innovacións tecnolóxicas. E —o máis importante de todo— nos últimos anos os galegos valoran a sanidade pública cos niveis máis altos da historia.

¿Por que negarnos entón no ámbito político este éxito, que é de todos os galegos? ¿De que vale criticar o sistema con afirmacións falaces e, ao tempo, obviar os problemas que si hai e que non se están afrontando?

Mentres no resto das administracións se descapitalizan os servizos públicos, Galicia reforzou o seu cadro de persoal, especialmente nos servizos públicos.



A pesar de que hai menos rapaces, mantense estable o número de docentes, e presentamos, ano a ano, a mellor ratio de profesores por alumnos de toda España, a mellor.

No eido dos servizos sociais, acabamos de anunciar oposicións nunha novidosa convocatoria de emprego social, con case seiscentas prazas, a maioría delas para residencias de maiores, dependencia, menores ou atención á muller.

Tamén crecemos lixeiramente en efectivos da Xustiza, 35.136; 35.136 profesionais que hai en nómina a día de hoxe, a maior cifra histórica do Servizo Galego de Saúde. (*Aplausos.*)

Hai, por tanto señorías, máis persoal para prestar servizos públicos e ademais teñen mellores condicións. Fomos quen de que recuperasen o nivel retributivo previo á crise e acumulamos subas salariais que se traducen de media en 3.825 euros ao mes —perdón—, 3.825 euros ao ano, e a previsión é volver subir as retribucións dos empregados públicos en 2020, sempre que o Goberno central faga os seus deberes.

E, ademais, en todos os eidos alcanzamos acordos de gran relevancia na función pública. Especialmente importante é o acordo histórico alcanzado na Administración xeral para o desenvolvemento da carreira profesional, que xa está beneficiando once mil empregados públicos. E especificamente o acordo para a carreira profesional na sanidade pública, que xa foi solicitado por máis de vinte e sete mil profesionais do Servizo Galego de Saúde.

A nosa vontade é continuar nesta liña, como vimos demostrando coas sucesivas ofertas públicas de emprego, máis de vinte e cinco mil prazas en ofertas públicas de emprego, e, sobre todo, sendo conscientes dunha realidade que temos que afrontar na vindeira década: só ata o ano 2024 está prevista a xubilación de case dezaoito mil empregados públicos, case catorce mil na educación e na sanidade pública.

O noso obxectivo é afrontar esta situación e seguir esgotando ata o máximo as taxas de reposición que nos marca o Goberno central, como fixemos sempre. De feito, este ano Galicia tivo un 8 % adicional por cumprir os obxectivos fiscais, unha marxe que aproveitamos e dedicamos exclusivamente á sanidade. E todo iso mantendo o compromiso que temos cos sindicatos para mellorar a estabilidade na función pública, elevándoa ao contorno do 93 %.

Cumprimos coa nosa palabra: devolvémoslles os esforzos que fixeron os empregados públicos e melloramos as súas condicións, esgotamos sempre a taxa de reposición, reducimos e racionalizamos o tamaño da Administración e homoxeneizamos a función pública, diminuindo progresivamente a dependencia do persoal laboral, xa que o 95 % de todo o persoal laboral da Xunta amosou voluntariamente que quere funcionarizarse. E o que pido é que as institucións estatais tamén cumpran coa súa obriga, que lamentablemente non o están a facer.

Galicia pediulle ao actual Goberno modificar a normativa para incentivar a retención de médicos especialistas; non se fixo. Solicitoulle tamén axilizar o procedemento de acreditación de unidades docentes; non se fixo. Propuxemos reducir os prazos para homologar títulos de especialistas extracomunitarios; tampouco. Estaba previsto xa para o ano pasado a posta en marcha do Rexistro estatal de profesionais sanitarios e un estudo de necesidades de espe-



cialistas; paralizouse. Rogamos unha convocatoria extraordinaria de MIR, para aliviar os problemas de médicos de familia e de pediatras en atención primaria; díxose que non. Reclamouse eliminar a taxa de reposición nas OPE sanitarias; díxose que non. ¿Ven nestas respostas algún compromiso coa sanidade pública, señorías? Eu non. *(Aplausos.)*

Señorías, hoxe contamos cun 10 % máis de presuposto para a sanidade pública. Flexibilizamos a idade de xubilación, ofertouse un contrato de estabilidade para os médicos de familia e pediatras de ata tres anos, que xa permitiu materializar a incorporación de trinta facultativos aos ambulatorios galegos, cun salario de entrada garantido de máis de sesenta mil euros ao ano desde o primeiro mes. Vaise estender tamén á enfermaría esta aspiración de contratos estables e pensamos formalizar un centenar só neste ano. E recentemente aprobamos o Plan de atención primaria, con duascenas accións, das que o 80 % son no curto prazo.

Señorías, por máis que temos que seguir mellorando, nunca antes Galicia tivo unha mellor sanidade pública, nunca. E reto a todos os portavoces dos grupos que non estean de acordo con esta afirmación a que digan en que momento da nosa historia houbo máis e mellores prestacións sanitarias e mellores resultados sanitarios que agora. *(Aplausos.)*

Todos os indicadores de espera e de rendemento están mellor que cando chegamos ao Goberno. Hai menos espera media. Nas patoloxías urxentes agárdanse dezaseis días —un 60 % menos—, faise un 20 % máis de intervencións cirúrxicas en horario ordinario nos bloques cirúrxicos dos hospitais, hai máis vías rápidas e mellorouse a capacidade de resolución da atención primaria, que, por certo, é o servizo sanitario mellor valorado polos galegos, de acordo co barómetro sanitario do Ministerio de Sanidade.

Hai máis tecnoloxía en todos os centros, grazas ao investimento por renovar os TAC, os mamógrafos dixitais, os aceleradores, ou instalar quirófanos de última xeración. E hai máis dereitos: instrucións previas, segunda opinión médica, libre elección, tempos máximos de espera en determinadas patoloxías, ou a Lei de dereitos e garantías para os enfermos terminais.

Tamén hai mellores infraestruturas. Neste ano impulsamos a maior renovación histórica das nosas infraestruturas sanitarias, ¿para que? Para construír un novo Servizo Galego de Saúde, que culminaremos nos próximos anos.

Puxemos en marcha en plena recesión económica dous novos hospitais: finalizamos a construción e equipamos na súa totalidade o hospital de Lugo e construímos desde cero, sen ningunha axuda, e puxemos a funcionar o novo hospital público de Vigo.

Rematamos as instalacións de Ourense, cun novo edificio de hospitalización; da Coruña, cunhas novas urxencias e un novo bloque cirúrxico; no Salnés, incrementando un 25 % a superficie; na Mariña, cun novo edificio de hospitalización xa en servizo e co remate da remodelación actual prevista para o ano 2020.

Continuamos con distintas actuacións de melloras, como a ampliación das urxencias no Barbanza —en marcha—, a reforma do Meixoeiro en Vigo, a remodelación do hospital de Monforte e do Barco ou a mellora prevista das urxencias en Verín.



E seguimos traballando, señorías. Nas próximas semanas, no mes de outubro, iníciáanse as obras de ampliación do hospital de Ferrol; antes de que remate o ano licitamos as obras do hospital gran Montecelo de Pontevedra; nos vindeiros días adxudicárase a redacción do proxecto de ampliación do Complexo Hospitalario de Santiago; completaremos a renovación do Complexo Hospitalario de Ourense, para o que xa está licitado o proxecto da fase que incluírá un novo edificio de hospitalización e a reforma do materno-infantil; e neste vindeiro trimestre, tras a culminación dos estudos realizados polo Servizo Galego de Saúde, adoptaremos a decisión sobre a ubicación na que construiremos o novo hospital público da Coruña. *(Aplausos.)*

E aos sesenta e seis centros de saúde que xa construimos ou reformamos, sumaremos outros vinte e catro, e incluírán centros integrais de saúde, que prestan máis servizos que os habituais, como o de Lugo, que se iniciará nos próximos tres meses, ou como o que faremos en Vigo, e cuxo proxecto daremos a coñecer antes de que remate este ano.

Seguiremos preparando e equipando a sanidade pública para que dea a mellor resposta posible aos pacientes e aos retos que debe abordar. Hai que previr, como fixemos cos programas de cribado de colon ou de mama, e antes de que remate o ano comezando coa pilotaxe de detección precoz do cancro de cérvix.

Hai que garantir os nosos tratamentos de atención personalizada. Especialmente relevante é a próxima aprobación do Plan de saúde mental e do Plan oncolóxico. Hai que dar resposta ás expectativas da xente, e para iso estamos redactando e ultimando o novo Plan de humanización dos centros. E hai que ter en conta a futura realidade demográfica, e para iso estamos estendendo o hospital a domicilio a toda a xeografía galega, facendo o maior investimento en innovación e mellorando a atención aos pacientes crónicos. *(Aplausos.)*

Todo isto non podemos facelo en solitario, e por iso pido o apoio para solicitar ao próximo Goberno central un paquete de medidas urxentes para poder dotar o sistema dun número de profesionais suficientes, mellorar a rede nacional e as sinerxías no estudo das novas enfermidades e dos novos desafíos sanitarios, así como aprobar, na primeira parte da próxima lexislatura, un novo sistema de financiamento viable, para hoxe e para o futuro.

Garantir o gran nivel dos nosos servizos públicos exige financeiros, e para iso o terceiro reto que nos marcamos é lograr unha Galicia máis competitiva, e o éxito de acadalo é pola vía da innovación.

A Galicia de hoxe xa é máis dixital e máis avanzada, e hai fitos moi destacados. Somos unha das dúas únicas comunidades autónomas do Estado que está ensaiando a cobertura 5G e somos a terceira comunidade con maior cobertura 4G. Nas administracións os trámites electrónicos xa superan os trámites presenciais, o 100 % dos galegos teñen historia clínica e receita electrónica e estamos traballando para completar a historia social única, que xa teñen seiscentos cincuenta mil cidadáns en douscentos oitenta concellos.

A Xustiza. A Xustiza modernizouse grazas aos cen millóns de euros que investimos para as infraestruturas, o dobre —o dobre— do que se investiu en Xustiza nos últimos quince anos.



Con programas como o Plan Expurgo, pero tamén con avances tecnolóxicos como as demandas *on line* ou as videoconferencias, dispoñibles no cen por cento dos xulgados, ou o sistema de comunicacións electrónicas. Somos a segunda comunidade autónoma onde máis creceu o investimento público en I+D e a primeira en execución de fondos europeos para esta materia.

Temos infraestruturas consolidadas, como os centros tecnolóxicos, e as multinacionais están desenvolvendo proxectos vangardistas en Galicia.

O sector primario tamén se está dixitalizando, por exemplo cunha rede de comercio electrónico no rural ou coa poxa *on line* nas lonxas.

En suma, Galicia xa non é a terra que sempre imitaba os avances doutras comunidades e sempre ía por detrás, agora Galicia está liderando, (*Aplausos.*) e o reto, señorías, é que o siga facendo con máis intensidade na vindeira década, a través da Estratexia dixital Galicia 2030. Porque a innovación non é unha opción, é unha obriga para todos e para todo, para que haxa futuro.

No noso día, é fundamental —por iso estamos elaborando o decreto que o permite— acreditar as competencias dixitais dos galegos, dun xeito similar a como se recoñecen os idiomas. Debemos incorporar a intelixencia artificial, e por iso estamos traballando para ser a segunda comunidade que elabore unha estratexia neste sentido, e crearemos a rede de nodos de especialización tecnolóxica.

As vivendas non poden quedar á marxe, e por iso o ano que vén aprobaremos unha liña de axudas para fomentar as casas intelixentes.

Mesmo as nosas estradas deben adaptarse, e ímolo facer co impulso da Estrada 4.0, preparar as vías para o desenvolvemento do coche autónomo.

Pero, señorías, innovar é moito máis que dixitalizar, é adaptarnos para ser competitivos nun mundo en constante evolución. Innovar é investigar, e por iso a semana pasada fixemos a maior inxección pública da historia nos centros de investigación universitaria. Tamén atraer e reter novos investigadores, e o programa Talento achega precisamente máis de vinte e un millóns de euros ata o ano 2021, para chegar a mil quiñentos profesionais en I+D, e tentar fomentar a creatividade, e por iso desenvolver ideas, e por iso ceamos vinte e cinco aceleradoras para todo aquel que teña un proxecto.

Pero tamén é facilitar que os investidores confíen en nós, e por iso aprobamos incentivos de ata o 50 % para adquirir solo industrial, e por iso estamos por fin executando a PLISAN, e por iso coa Lei de implantación empresarial cento vinte e cinco concellos diminúen ata cero as taxas para as empresas que invistan por primeira vez, o que lles agradezo a eses cento vinte e cinco que xa baixaran os impostos aos investidores.

Pero innovar tamén é lograr que as empresas se modernicen, e por iso xa teñen a disposición a plataforma StartIN, que leva apoiados preto de mil proxectos, e anúnciolles que imos poñer en marcha a seguinte estratexia, a Estratexia innovación pemes.



Igualmente lanzamos a nova Axenda 4.0, para dar continuidade ao éxito da que funcionou nos últimos anos, e que permitiu case a nove mil empresas dar pasos nesta dirección. Esa é a axenda que acabamos. A axenda que presentamos —xa hai semanas no Consello— ten máis recursos, 350 millóns de euros de fondos ata o ano 2020, e máis ferramentas para un obxectivo maior: crear 13.500 empregos. *(Aplausos.)*

Especial importancia, señorías, terá o apoio ao polo industrial TIC da Coruña, que pretende poñer á disposición das empresas maquinaria e equipamento, para levar á práctica os seus deseños.

Señorías, os principais avances da nosa terra nos últimos anos viñeron da man da innovación, e así temos que tentar que ocorra tamén na Galicia da próxima década. Grazas á súa modernización, o sector do automóbil aumentou os empregos e as fábricas seguen contando con Galicia para fabricar novos modelos.

O sector naval, no que a implicación da Xunta foi decisiva, recuperou o liderado e hoxe ten a segunda maior carteira de pedidos, despois de Holanda.

Apostar polo aeronáutico non tripulado en Rozas trouxo á Galicia as principais multinacionais do sector, e na actualidade estanse a desenvolver máis de trinta e cinco proxectos innovadores.

Lograr un 90 % máis de cotas na pesca fixo posible que Galicia rompera en 2017 o teito dos quíntos millóns de facturación en primeira venda. A aposta pola transformación e comercialización dos produtos pesqueiros traducíuse nun aumento do 38 % do prezo por quilo da cadea mar-industria. Dinamizamos os portos, cun investimento de 186 millóns de euros, e isto supuxo aumentar un 60 % os tráfico.

Axudar a que as explotacións agrarias sexan máis competitivas supuxo a entrada de case tres mil quíntos mozos, ou que se puxeran en marcha tres proxectos lácteos, que, de co-roar con éxito, absorberán a metade de todo o leite líquido que producimos.

Somos a terceira comunidade autónoma con maior creación de empresas biotecnolóxicas.

En definitiva, estamos máis preparados e concienciados para os novos retos, estamos innovando e estamos sendo competitivos. Pero isto, señorías, non significa que non haxa problemas. A nosa obriga é poñelo de relevo e advertir que a inestabilidade nacional ten consecuencias económicas e, por suposto, empresariais.

Galicia segue movéndose en niveis moi positivos de exportación desde hai catro anos, en que empezamos a bater récords, pero seguimos de cerca a evolución das exportacións este ano con algunha preocupación. A Lei de acción exterior busca precisamente reforzar a nosa axenda internacional. Seguimos potenciando a alianza coa eurorrexión do norte de Portugal. Estamos alí onde hai dificultades para as nosas empresas, como fixemos a semana pasada ao carón das empresas galegas pesqueiras na Arxentina, que manteñen cinco mil empregos nos caladoiros da Patagonia.



Temos unha comisión de seguimento do *Brexit*, pensando especialmente nos máis de mil setecentos tripulantes que faenan en augas británicas, pero, a maiores, sería conveniente que a nivel nacional se recupere pronto a normalidade e non se perdan estes meses.

Igualmente, o índice de produción industrial está diminuíndo —un 6 % entre xaneiro e xullo—, sobre todo polo sector da enerxía, que caeu un 23 %. De feito, se descontásemos a enerxía da ecuación, en xullo o índice de produción industrial crecería en Galicia un 7,2 % en termos interanuais. E ¿por que entón temos un problema coa enerxía? Isto non é fortuíto, señorías, hai razóns. É preocupante —eu diría que alarmante—, en primeiro lugar, a situación das empresas electrointensivas.

Primeiro foi o caso de Alcoa na Coruña, para a que aínda non se atopou unha solución definitiva, xa que a nova dirección só asegura dous anos de tranquilidade. Agora súmanse as incertezas de Alcoa-San Cibrao, que representa o 32 % do produto interior bruto de toda a provincia de Lugo e afecta o futuro de máis de mil seiscentas familias. Pero este problema pode afectar o resto das industrias electrointensivas, que dan traballo en Galicia a cinco mil persoas. Quen debería achegar solucións aínda non fixo nada. Levamos case un ano proponendo medidas para incluír no estatuto dos consumidores electrointensivos, nin sequera nos ensinan o borrador, é unha grande irresponsabilidade.

Tamén reclama a nosa atención a situación das centrais térmicas de carbón. Primeiro foi o caso de Naturgy con Meirama, en Cerceda, onde xa se anunciou o peche da instalación a mediados do ano 2020, e que xa leva meses paralizada. E agora temos o caso de Endesa, nas Pontes; a empresa xa anunciou que paraliza as obras previstas para axustarse á normativa europea ata que se aclare a situación, e leva cinco meses sen practicamente actividade nas súas instalacións.

Pero, señorías, estes non son os únicos ámbitos onde a irresponsabilidade está a afectar a nosa economía. Hai outros sectores claves con futuros comprometidos. As modificacións promovidas a nivel do litoral afectan claramente a industria localizada nas nosas costas, como é o caso de Ence, na comarca de Pontevedra, ou tamén o caso da inmensa maioría das conserveiras. Ponse en risco a actividade forestal, que xera ingresos a oitenta mil familias en Galicia, ou un sector como o da conserva, no que somos líderes mundiais. E iso é intolerable.

Navantia Ferrol. Navantia Ferrol volve estar sen carga de traballo durante dous anos e ata a chegada das fragatas. Non se cortará chapa nos estaleiros da cidade ata o ano 2022 e as empresas auxiliares están botando a xente á rúa. Urxe tomar decisións, como as que incentivamos desde a Xunta desde hai anos para que hoxe Fene sexa a referencia da construción de iates para a eólica mariña. Non se pode non facer nada.

A demonización do diésel supuxo unha grande incerteza no sector da automoción, que acusa a caída das vendas case un 15 % no primeiro semestre. E tampouco se garantiu a construción da nova subestación comprometida con Red Eléctrica Española, a nova subestación de Ba-laídos, básica para os procesos produtivos de PSA-Peugeot-Citroën-Opel e tamén básica para a subministración eléctrica da cidade de Vigo en xeral. Son, en suma, consecuencias económicas de que España leve máis dun ano en permanente campaña electoral. Por iso é



tan necesario un goberno de xestores e non de asesores, un goberno que faga cálculos en función das necesidades dos cidadáns e dos sectores, e non cálculos en función dos escanos, un goberno que cree un clima de estabilidade e confianza e un goberno que governe, un goberno que governe como se goberna Galicia. (*Aplausos.*)

Señorías, o cuarto pilar da Galicia que vén —como lles dicía— é unha Galicia verde. Desde o punto de vista normativo está blindado este obxectivo. A Galicia máis ordenada da historia é a Galicia actual. Ten hoxe un corpo normativo ambicioso: un Plan do litoral, as Directrices de ordenación do territorio, unha única Lei do solo, un único regulamento que a desenvolve, un plan básico autonómico. Este traballo debe completarse en cada concello. En 2009 menos do 10 % dos concellos tiña plan xeral de ordenación adaptado, agardamos rematar a lexislatura case coa metade. E xa estamos redactando os plans básicos municipais para os 49 concellos de menos de cinco mil habitantes; o primeiro estará aprobado na primeira metade de 2020.

Con todo, o máis importante é levar a ordenación e a protección á práctica, ao noso día a día. A nosa vontade é que Galicia se sitúe á vangarda do coñecemento e da acción sobre o cambio climático. E para iso a próxima semana aprobaremos a Estratexia de cambio climático 2050, na que estamos traballando desde o ano pasado. Non é un asunto que estamos improvisando nin saquemos a colación coincidindo co Cumio sobre o cambio climático que se está a celebrar estes días. Somos conscientes desde hai moito de que este é posiblemente un gran desafío que temos, xunto coa demografía.

Neste sentido fago un chamamento aos 157 concellos que aínda non están adherido ao Pacto dos alcaldes polo clima. Todas as administracións debemos involucrarnos nun asunto sobre o que a concienciación cidadá é maioritaria. Cómpre apoiarse nela para abordar con realismo, pero sen dilación, as medidas necesarias.

En primeiro lugar, protexer o noso medio ambiente, protexelo de quen o quere atacar. Por exemplo, cando loitamos contra o furtivismo non só estamos defendendo o sector pesqueiro que traballa legalmente senón tamén velando pola sustentabilidade dos recursos mariños. Tamén cando redobramos o apoio pola industria forestal avanzamos nunha terra máis coitada, porque poñer en valor o monte é o mellor xeito de reducir os lumes. Neste sentido, quero agradecer o papel dos profesionais das brigadas que loitan contra os incendios e tamén a maior implicación dos concellos e dos galegos na limpeza dos montes. Aínda hai traballo por facer, pero estamos no bo camiño. (*Aplausos.*)

En segundo lugar, señorías, tamén cómpre protexer o medio dos riscos máis evidentes, como a xestión da auga, que nos convoca a adoptar novas medidas de prevención. Así, ademais das que xa fixamos por lei para situacións de risco de seca, estamos decididos a tomar como referencia Sogama para contar cun novo organismo de xestión e administración da auga en toda a comunidade autónoma, que xestione correctamente as infraestruturas hidráulicas, que controle as perdas de auga e que homologue a calidade da auga en toda Galicia. Este asunto é competencia dos concellos —cónstanos—. Todas as propostas que faremos serán voluntarias, pero nós estamos dispostos a colaborar e a arrimar o ombro para que os municipios poidan cumprir cos seus deberes.



E, en terceiro lugar, o medio tamén temos que protexelo de nós mesmos, e para iso vai ser fundamental a Estratexia da economía circular 2030, que debe axudarnos a prolongar o ciclo vital dos recursos que consumimos. Xa o fixemos poñendo punto final aos vertedoiros; xa o fixemos avanzando cara á xestión correcta dos residuos, acadar a vertedura cero no ano 2020 en Sogama, é dicir, quince anos antes do que marca a Unión Europea; e seguiremolo facendo coa nova Lei de residuos, que remitiremos este ano ao Parlamento, reforzando en 2020 as axudas para fomentar que os concellos implanten plantas de compostaxe ou tamén coa distribución de pequenos composteiros en vivendas unifamiliares.

A maiores, seguiremos adecuando as infraestruturas de saneamento e abastecemento, nas que xa investimos 1.100 millóns de euros, mellorando a calidade das nosas rías, un obxectivo ao que dedicamos 130 millóns de euros e que permitiu, por exemplo, recuperar case 13 millóns de metros cadrados para zonas de marisqueo. E tamén cun proxecto de enorme relevancia para o futuro ambiental como é a xestión dos xurros, que debe quedar enfocado nesta lexislatura, co establecemento dun sistema para tratar os residuos das granxas animais de acordo coa normativa europea.

Señorías, neste eido tamén cobra relevancia o xeito no que crecemos como sociedade. Por iso é firme a decisión de que hai que priorizar sempre a rehabilitación sobre as novas construcións, e intentamos dar exemplo. O maior impulso a isto fixémoslo neste goberno coa primeira Lei de rehabilitación integral en Galicia, apostando polos materiais propios e sustentables como a madeira, tal e como impulsa a Axenda da industria forestal, e tratando de combater o feísmo, aplicando distintas guías elaboradas por expertos neste sentido. Fíxémolo tamén tentando ser máis eficientes desde o punto de vista enerxético a todos os niveis. Por suposto, a propia Administración está sendo referencia na redución de custos enerxéticos, pero tentamos que os sectores produtivos e as familias tamén o fagan.

O ecobarrio de Ourense é un proxecto de referencia en Europa e as primeiras accións serán xa visibles o próximo ano. E en 2020 tamén continuaremos con esta idea pioneira dándolle forma ao proxecto do segundo ecobarrio, na Coruña.

Temos un plan específico de aforro e eficiencia enerxética no sector primario, que apoiou case trescentos proxectos. Os galegos teñen ata 1.500 euros en axudas para renovar un vehículo con máis de dez anos e pode chegar ata 7.000 para adquirir vehículos eléctricos, que, por certo, ampliaremos o próximo ano ao sector dos taxis.

As melloras do transporte e nos nosos hábitos de mobilidade tamén contribúen a unha Galicia máis verde. Desde o ano 2009 puxemos en servizo 314 quilómetros de sendas peonís e engadimos outros 70 o ano que vén.

Estamos abordando por primeira vez a completa remodelación das liñas de bus, coa inclusión, por exemplo, de transporte á demanda. E o transporte metropolitano bonifica cada ano quince millóns de desprazamentos e poderían ser moitos máis se Pontevedra —que estou optimista con ese acordo— e se Vigo —non tan optimista— ou Ourense rematasen cos temas pendentes. E igualmente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —Permítame ser optimista en Pontevedra— *(Murmurios.)* para o conxunto dos galegos anúncielles que o



próximo ano aprobaremos o Plan de eficiencia enerxética 2020-2024 para máis de vinte mil familias (*Aplausos.*), que terán axudas para reducir o consumo enerxético dos seus vehículos e fogares, incluíndo un plan Renove de electrodomésticos.

Galicia xa superou o obxectivo marcado para 2030 sobre o consumo de enerxías renovables, que se fixara no 32 %. Pois ben, este obxectivo xa o conseguimos no ano 2017. E porque queremos seguir por diante, debemos reforzar a aposta polos sectores que teñen un papel determinante nese obxectivo. O eólico, a biomasa e a industria forestal están chamados a ter un papel protagonista na década que vén. Ningún avance pode estar rifado coa conservación do contorno e a conservación non ten por que ser antónimo de novos proxectos. Esta afirmación convócanos en todos os eidos, pero quixera centrarme especificamente no ámbito rural.

É bo que pouco a pouco se estea logrando facer conciencia no conxunto de España sobre a necesidade de facer máis forte o rural, polo ben dos seus lugares, pero tamén porque o conxunto do país sería máis pobre e incompleto sen o rural. É bo que se fale moito máis do que se deu en chamar a «España baleira» ou a «España baleirada», pero a nomenclatura —aínda que se fai con boas intencións— xa é a primeira equivocación. De baleirada nada, porque no rural hai cidadáns que merecen toda a atención dos gobernos. (*Aplausos.*)

A segunda apreciación que quixera facer ao respecto é que debería reducirse o ton dramático neste asunto. Antes deilles datos que demostran que moita xente ve futuro no rural. Non caíamos no engano de trasladar que é un modo de vida ancorado no pasado e condenado á desaparición. No rural hai vida e no rural hai futuro. O camiño é exactamente o contrario: amosar que hai razóns e instrumentos que garanten para o rural un futuro próspero. Hoxe o rural é máis competitivo.

Demóstrao, por exemplo, o sector lácteo, que está a recuperar a estabilidade, xa que os prezos e a produción mantéñense respecto do ano 2018. E para seguir impulsándoo estamos a poñer a andar a Estratexia da dinamización do sector lácteo. Demóstrao a grande acollida do Proxecto de aldeas modelos, co que facemos labores de limpeza para que nelas se implante actividade agrogandeira; ao redor de trinta concellos están xa interesados nesta iniciativa de recuperación da terra, de prevención de incendios e de creación de actividade económica. Ou tamén o demostra o interese dos grupos de acción local da pesca para desenvolver proxectos na diversificación no litoral, que a maioría son en concellos pequenos e medianos; ata o de agora tradúcense na creación de mil douscentos empregos a tempo completo, cun incremento do valor engadido de case 57 millóns de euros.

Ademais, todo o que sae do noso sector primario ten o máximo prestixio. A agricultura ecolóxica multiplicou por seis o valor económico das súas vendas na última década e a superficie inscrita medrou un 6 %. Somos a segunda potencia conserveira do mundo; unha de cada cinco botellas de viño que se producen nas denominacións de orixe expórtanse. O rural está asociado á calidade, e por iso neste ano aprobaremos o plan de reforzamento da principal marca que temos para iso: Galicia Calidade, dotando ademais dunha finca escaparate, propiedade da Xunta de Galicia, en Sergude, para que alí calquera persoa que visite Galicia poida coñecer nun único espazo todo o potencial da nosa terra neste sentido.



O rural ten futuro, señorías. (*Aplausos.*) O rural ten futuro e quero referirme a dúas prioridades na Xunta neste ámbito. A primeira, mellorar a base territorial das nosas explotacións; é o paso fundamental para fixar poboación e loitar contra o abandono. A futura Lei de recuperación e posta en valor da terra agraria, na que se está a traballar xunto co Grupo Parlamentario Popular, entrará na Cámara este ano. Pretende ser un antes e un despois para ordenar a terra e sobre todo para facilitar que se use, que se aproveite para xerar riqueza e emprego. Novos instrumentos como polígonos agroforestais permitirán mobilizar terra suficiente para proxectos viables ou dotarnos de instrumentos para superar o problema do minifundismo e do descoñecemento dos propietarios. Ademais, a lei contemplará a figura do Banco de Explotacións, coa finalidade de dar solución ao problema do relevo xeracional en Galicia.

En segundo lugar, mantemos o compromiso de que o rural sexa onde menos impostos paguen os galegos. Xa hai a maior bonificación da historia para os que invisten no rural. Hai impostos cero —a única comunidade de España— para comprar, para vender e para permutar calquera tipo de finca agraria ou forestal en todo o rural galego. Hai deducións para que os mozos, as familias numerosas e as persoas con discapacidade opten sen impostos a adquirir unha vivenda. Daremos un paso máis, e plantexaremos un novo paquete de impulso fiscal ao rural tanto directamente nos tributos que dependen de Galicia como solicitando ao Goberno central que faga o propio nos impostos estatais, para incentivar os arrendamentos pactados a través do Banco de Terras, para a mobilización de parcelas que se integran nun polígono agroforestal, para a participación en proxectos de investidores no rural ou o uso de instrumentos de xestión conxunta na terra; é dicir, a maior rebaixa para agricultores, gandeiros e silvicultores feita nunca, que converte a Galicia nunha referencia de dinamización fiscal no rural. (*Aplausos.*)

Señorías, non basta con que as administracións sexamos comentaristas da situación do rural. Temos que estar comprometidos co rural, crendo no seu futuro e impulsando proxectos, como facemos e imos seguir facendo. Por exemplo, investimentos para acurtar distancias. Máis do 80 % dos galegos vivimos a menos de quince quilómetros dunha vía de alta capacidade. E vaise mellorar completando a vía ártabra, a autovía da Costa da Morte, a vía de alta capacidade da costa norte, a que unirá Tui coa Guarda, a que unirá Santiago coa Estrada e os desdobrementos de Lugo-Sarria ou Brión-Noia.

Investiremos para facilitar a mobilidade. Todos teñen á disposición o transporte á demanda e compartido co escolar e a segunda fase do plan permitirá estender a toda Galicia os beneficios do transporte metropolitano.

Investimentos para que haxa servizos homoxéneos en áreas urbanas. A Tarxeta Benvida en maior contía, casas niño, casas do maior, boticas no rural, atención hospitalaria a domicilio no rural e alianza coa Fegamp para que todos os concellos teñan un caixeiro.

Investimentos para que accedan á tecnoloxía. A práctica totalidade dos galegos teñen acceso á banda larga, pero hai aínda zonas sombra, e por iso propoñemos completar a cobertura no rural e que os case vinte e cinco mil galegos que teñen mala ou nula cobertura en 4G dispoñan desta rede.



Investimos para que se poida emprender, como fixemos coas axudas do programa Prorural ou simplificando as cortas forestais. Crearemos microparques industriais que faciliten o asentamento de actividades xeradoras de emprego e aprobaremos o novo plan forestal.

Investimentos para que a xente viva no rural. Aos incentivos fiscais que están en marcha para mercar casa sumaranse axudas ao alugueiro nos concellos de menos de dez mil habitantes con dinámica demográfica, investiremos para que se poida mercar máis facilmente e crearanse puntos de recollida de compras no rural para que se poidan beneficiar dos servizos do comercio dixital.

Señorías, non basta con dicilo, hai que exercelo, e, ao igual que o fai a Xunta, teñen que facelo todas as administracións. A súa obriga é ir moito máis alá das grandes capitais, porque España é moito máis que a ponte aérea Madrid-Barcelona. Desde logo non se combate o despoboamento investindo nunha comunidade como Galicia a metade que noutras en que se aumenta o 60 % nin tampouco cando se defende un sistema de financiamento que prima as grandes capitais e prexudica aqueles lugares nos que, como en Galicia, custa máis que cheguen os servizos públicos, nin tampouco se se acumulan máis atrasos en infraestruturas básicas como o tren de alta velocidade, do que outras comunidades están desfrutando desde o século pasado.

A este último respecto véxome na obriga de trasladar a nosa intranquilidade polas últimas declaracións —difusas e confusas— do Goberno central. Estamos na recta final para que o AVE galego sexa unha realidade. Por tanto, exiximos que os prazos que se nos deron se cumpran, e iso significa que o AVE ten que estar en probas antes de que remate este ano, e iso significa que no ano 2020 as galegas e os galegos podemos comprar un billete no tren de alta velocidade que nos una coa Meseta. E exixiremos, por suposto, a máxima seguridade para o AVE galego. E por iso pedimos tamén que se informe con total transparencia sobre as probas, a súa evolución, os seus resultados, os seus prazos. O AVE ten que estar probado, ten que estar funcionando, con trens de calidade e con todas as garantías de seguridade, no ano 2020. *(Aplausos.)*

Señorías, Galicia pide porque Galicia fai e Galicia exige porque Galicia cumpre. Cumprimos a nosa parte respecto, por exemplo, das estacións intermodais. Ourense, Santiago e Vigo en obras e a piques de comezar Pontevedra. Avanzamos no deseño das da Coruña, de Lugo e de Ferrol. Descoñecemos os prazos previstos polo Ministerio de Fomento para adaptar as estacións do tren, pero Galicia si cumpre a súa parte.

Estamos tamén cumprindo co noso papel de preparación do Xacobeo 2021, para potenciar aínda máis unha chegada de turistas que crece ano a ano. No ano 2018 Galicia recibiu case cinco millóns de visitantes e máis de trescentos vinte mil peregrinos, de cento oitenta países. Onte mesmo coñecemos que fomos a segunda comunidade autónoma que máis subiu en turistas no verán do ano 2019.

Temos unha gran cantidade de medidas en marcha: ampliar a rede de albergues, completar as obras de mantemento e sinalización dos camiños, rematar e mellorar as entradas da ruta xacobeana en Compostela, o Plan de turismo rural ou Galicia sabe, finalizar a rehabilitación



integral —por primeira vez desde a súa construción, que se di pronto— da catedral de Santiago. E temos tamén importantes iniciativas para os próximos meses. Un plan de mellora de aloxamentos turísticos, unha orde de axudas para acometer o feísmo nos camiños, un programa de camiño accesible que propón incluír pictogramas para persoas con discapacidade cognitiva. Ou o programa Galicia única, que é unha nova acción que aposta polo turismo interno, propoñendo un sistema de estadias turísticas en provincias diferentes ás de orixe do solicitante, para facilitar que tamén os galegos coñezan mellor Galicia; unha especie de Imerso en Galicia, especialmente dirixido a mozos, a maiores e a familias numerosas.

Pero, señorías, o Xacobeo non é un proxecto só governamental, o Xacobeo é un proxecto de país. Máis de seiscentas persoas e institucións xa participaron na elaboración do Plan estratéxico. Comezamos a pechar os primeiros patrocinios coas empresas. A iniciativa O teu Xacobeo tivo un éxito sen precedentes e, dada a boa acollida, anúnciolles que se abrirá unha segunda edición para que aínda máis persoas, empresas, colectivos e entidades poidan contribuir a deseñar o Xacobeo que queren.

E para que toda Galicia se sinta participe do Ano Santo, para que sexa o máis descentralizado feito nunca, confírmolles que nas próximas semanas iniciaremos unha rolda de contactos con todas as cidades galegas para preparar un gran plan de actuación nas sete cidades de Galicia. Santiago é a meta das peregrinacións, sen dúbida, pero os seus efectos deben chegar a toda Galicia. Os programas Xacobeo Ferrol, Xacobeo Lugo, Xacobeo Pontevedra, Xacobeo Ourense, Xacobeo A Coruña e Xacobeo Vigo propoñerán unha oferta cultural e turística en cada unha das grandes cidades e un plan de accións, con singulares investimentos en infraestruturas en cada cidade, que deixarán unha cidade máis e mellor preparada, xa non pensando no ano 2021, senón con posterioridade. Toda Galicia debe sumarse e aproveitar esta grande oportunidade traballando polo Xacobeo, que cremos que debe ser o reflexo da Galicia que queremos.

Aquí estamos a falar da Galicia que vén, da Galicia da próxima década, con independencia de que entremedias haxa quen sabe cantas citas electorais na Administración xeral —¿cantas citas electorais?— ou con independencia de que haxa —seguro— unhas eleccións autonómicas. Esa estabilidade está garantida. Afortunadamente, en Galicia a realidade —como digo— é outra ben distinta á do conxunto de España. A Xunta de Galicia é libre para poder gobernar. Os galegos somos libres, coas institucións que eliximos. Gobernamos, damos contas, rendemos contas e sometémonos ao veredicto das urnas. (*Aplausos.*) Estamos aquí, señorías, para traer a esta Cámara cuestións, inquedanzas e propostas que afectan a vida e as expectativas dos galegos, non para trasladar aos galegos novos problemas a través da política.

Por iso —reitero— pénseno ben: o modelo é Galicia. Un modelo que non dá a elixir entre ser galego, ser español e ser europeo. Somos galegos, somos españois, somos europeos. (*Aplausos.*) Un modelo, señorías, que, fronte á parálise e ao desgobierno, favorece o crecemento e o emprego; un modelo que sostén a mellora dos servizos públicos; un modelo no que reducimos as débedas e pagamos aos provedores no mellor e no menor tempo de toda España; un modelo co que innovamos máis e se internacionaliza máis a nosa economía; un modelo que é posible, ademais, pagando menos impostos, porque aquí hai xestión.



Señorías, sempre apostamos polas rebaixas de impostos, o máximo posible en cada momento, por iso o noso compromiso cos cidadáns, pero tamén porque xestionamos de forma adecuada para poder facelo. Mentres se prolongou a recesión, aprobamos rebaixas fiscais selectivas en diferentes ámbitos e para determinados colectivos máis vulnerables, e sempre de xeito prioritario para as rendas máis baixas. Cando comezou a recuperación, afondamos aínda máis nese camiño, e houbo medidas de gran relevancia e impacto.

O programa de impostos cero no rural tivo una acollida espectacular: xa se beneficiaron 59.000 persoas; todas as que fixeron unha transacción, todas, o 100 %.

E eliminar o imposto de sucesións para o 99 % dos galegos traducíuse en máis de 338.000 familias que non pagaron ese imposto de sucesións.

Ese é o camiño, ese é o camiño que seguimos e que seguiremos, e, por iso, nos orzamentos do ano que vén incluiremos outro paquete de rebaixas fiscais para que Galicia teña aínda mellores condicións fiscais para as familias e para os investidores. E se algún de vostedes non está de acordo, que diga por que. *(Aplausos.)*

Señorías, a inestabilidade, o bloqueo, a crise, non xorden de forma espontánea, senón que teñen causas e causantes. A estabilidade e o acordo, tamén, e non é mérito exclusivo dun goberno nin dun presidente. Por iso, quero deixar constancia do meu agradecemento expreso a todos os que durante todo este tempo falan de colaboración e acordaron polo ben de todos.

Comezo polas familias galegas, que sacaron adiante o país durante a década da recesión, e como presidente da Xunta creo obrigado e sentido sinalar tamén as familias dos traballadores públicos, dos docentes, dos sanitarios, da Administración de xustiza, da Administración social e do resto das administracións públicas, que día a día fixeron posible un mellor servizo cos seus cidadáns con menores retribucións.

Quero aproveitar tamén para agradecer a todas as entidades sociais, que demostraron un gran sentido de país. Tamén ás universidades, que, deixando de ser compartimentos estancos, souberon darse a man. Tamén aos concellos que se entenden entre si e aos concellos que se entenden coa Xunta, desde os que se fusionaron como Oza-Cesuras ou Cerdedo-Cotobade —aproveito para felicitar os alcaldes, que revalidaron as súas maiorías— aos municipios que traballan de forma mancomunada ou aqueles cos que logramos pactos en áreas moi importantes, como a tecnoloxía, o novo mapa de emerxencias, a inclusión social... Sempre, señorías, hai excepcións, por suposto, pero esas excepcións acabará xulgándoas a historia.

Ás comunidades autónomas tamén lles quero agradecer ás que se aliaron con Galicia para defender intereses comúns. Algunhas con éxito, como o corredor atlántico de mercancías; outras, sentando as bases dun camiño que cómpre continuar, como a demografía e o financiamento.

Do mesmo xeito, se me permiten un agradecemento interno, a todos os membros do Goberno de Galicia, que demostraron o máximo compromiso coa nosa terra, sempre e sen excepción. *(Aplausos.)*



E, igualmente, señorías, quero agradecer aos grupos da Cámara, que en ocasións fomos quen de lograr consensos amplos e mesmo unánimes. Galicia, señorías, segue precisando de todos nós.

Podemos apoiar sen fisuras que o Ferrol da Ilustración, que a Ribeira Sacra ou as illas Cíes-illas atlánticas sexan recoñecidas como patrimonio da humanidade. Podemos celebrar unidos o próximo ano do centenario da xeración Nós, e desde a Xunta impulsaremos a colaboración de todas as institucións para reivindicar este antes e despois no estudo e dignificación da nosa cultura. Podemos preparar tamén conxuntamente o Xacobeo 2021 e seguintes. O futuro dános moitas posibilidades para traballar xuntos: traballar xuntos no cultural, no económico, no social...

Pero hai asuntos nos que a división nunca debería ser unha opción e, desde logo, un deles é na loita contra a violencia machista.

A loita contra a violencia machista require un amplo repertorio de medidas: xurídicas, políticas, asistenciais, sociais e económicas. E hainas. Nalgúns casos foron previas a este goberno. O I Plan de acción neste eido foi elaborado polo Goberno Fraga. Medidas de gran relevancia como o salario da liberdade aprobáronse polo Goberno bipartito. Outras xestáronse neste goberno, como a ampliación das beneficiarias das axudas económicas ou o primeiro programa de inserción laboral das vítimas. E algunhas máis derivan do pacto alcanzando a nivel nacional, que en Galicia estamos cumprindo con axilidade, cun orzamento de 16 millóns de euros. Por exemplo, por primeira vez está en marcha unha orde de axudas aos concellos para contratar mulleres vítimas.

Todos os que estamos nesta Cámara traballamos co mesmo obxectivo e sempre ao máximo contra a violencia machista, e ninguén debería ter inconveniente en recoñecelo. Eu, desde logo, non o teño. Non é aceptable negar a realidade de que este é un problema existente. Tampouco o son os intentos de diluílo noutros. Do mesmo xeito, ninguén dos que estamos aquí deberíamos negarnos a que estamos comprometidos con esta lacra. Crimes terribles, como os ocorridos recentemente en Valga, deberían levarnos a estar aínda máis unidos. *(Aplausos.)*

A nosa obriga, señorías, é trasladar unha dobre mensaxe, unha dobre mensaxe ás mulleres e tamén aos varóns que se senten, nos sentimos horrorizados porque haxa homes que actúen deste xeito. En primeiro lugar, que se ten avanzado para pedir e combater unha conduta delituosa, que, polas súas características, moitas veces clandestinas, non sempre é doado detectar a tempo. E, en segundo lugar, que as medidas aínda non son dabondo para que a tolerancia cero se converta en criminalidade cero, pero seguiremos.

Por suposto, a Xunta vai continuar traballando con novas iniciativas como a oficina xudicial de atención ás vítimas, que centralice todos os apoios, ou tamén contra o machismo, coa introdución das cláusulas de igualdade na contratación pública. O compromiso da loita contra a violencia de xénero ten que ser completo e sen fisuras, porque o adversario é desapiadado e, lamentablemente, imprevisible moitas veces. E, desde logo, polo que a nós respecta, traballar pola mellor Galicia posible non só pasa polo crecemento, emprego, servizos públicos ou o medio ambiente, senón tamén porque esa Galicia que aspiramos se libere tamén do machismo. *(Aplausos.)*



Señorías, en todos os eidos o avance de Galicia nos últimos anos é incuestionable, como tamén o é que aínda queda moito por facer e tamén moito por acadar. O mellor xeito que temos de facer esta autocrítica é recoñecelo. Son todas as propostas que hoxe avanzamos para o futuro máis inmediato e tamén para o medio e longo prazo da década que vén. Máis apoio que nunca ás familias, para que Galicia sexa unha terra de benestar e de porvir, unha educación e unha sanidade pública por riba e por diante da media de España, anticipación aos novos tempos pola vía da innovación para crear novas oportunidades e un territorio máis verde, que coide moito máis de si mesmo, para que os mozos reciban nas mellores condicións o mellor legado que podemos deixarlles en herdanza.

Galicia, a mellor Galicia da nosa historia, a Galicia xacobeá, a Galicia Calidade, a Galicia que temos por diante non será, nin moito menos —xa o sei—, un camiño sinxelo: ameazas mundiais de desaceleración, incógnitas no marco comunitario e a inestabilidade nacional que deteriora e agrava todo.

Ademais, non nos conformamos e fixémonos retos que nunca antes acadamos, pero seremos quen. Ao longo da súa historia e tamén na súa historia recente, Galicia demostrou que é capaz e agora, como entón, as galegas e os galegos non están nin estarán sós; tiveron, teñen e terán ao seu carón a Xunta de Galicia. Con todas as lóxicas preocupacións que senten, con todas as nosas eivas e equivocacións, con todos os soños que aínda debemos facer realidade, as galegas e os galegos si poden durmir tranquilos, si poden durmir tranquilos no que respecta á Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

Señorías..., *(Pausa.)*

(Un uxier da Cámara, no hemiciclo, sofre un esvaecemento.)

(Suspéndese a sesión momentaneamente.)

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión.

Comunicolles que non hai un problema grave, está o asunto controlado, sen problema.

Cando queira, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Grazas.

Facemos todos votos pola pronta recuperación de Elías.

Dicía, señorías, que, ante os perigos dun empeoramento na situación económica, a Xunta garante planificación, rigor e responsabilidade. Ante as incertezas internacionais e nacionais, a Xunta garante seguridade e estabilidade. Ante a política de división e trincheiras, a Xunta garante moderación, centralidade e unidade. E ante os que deterioran a convivencia, a Xunta garante Constitución e Estatuto. Ante o egocentrismo que se desentende dos intereses xerais, a Xunta garante un goberno que goberna, e un goberno que goberna para todos. E ante os incumprimentos, as chantaxes e os menosprezos, a Xunta garante que Galicia terá o respecto que merece.



Non sabemos se do próximo 10 de novembro sairá por fin un goberno para España, pero Galicia pode estar segura de que si ten e terá na Xunta todo aquilo do que carecemos agora na nación. Queremos o mellor para España, porque somos España, pero Galicia si será independente da política e dos políticos que non estean á altura. O de menos é o futuro dos que estamos aquí, o de máis é que Galicia ten despexado o seu futuro para os próximos doce meses. E hai que garantir un futuro certo para os próximos doce anos. Galicia convócanos, convócanos para este reto, e as galegas e os galegos poden contar coa Xunta de Galicia e poden contar comigo. Non hai maior honra que servir a Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Suspéndese a sesión ata as dezaseis horas.

Boa tarde.

Suspéndese a sesión ás doce horas e trece minutos do mediodía e retómase ás catro e dous minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Retomamos a sesión coa rolda dos grupos parlamentarios.

Comezamos co Grupo Parlamentario Mixto. E para iso ten a palabra o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: «Os adultos seguen dicindo que lles debemos dar esperanza á xente moza, pero eu non quero a vosa esperanza. Non quero que teñades esperanza. Quero que vos asustedes. Quero que sintades o medo que sinto todos os días. Quero que actuedes. Quero que actuedes como fariades nunha crise. Quero que actuedes coma se a casa estivese en chamas, porque así é.»

Señor presidente, señorías, cidadanía que segue este debate sobre o estado da nación, estas palabras son dunha moza de 16 anos —que podería ser galega—, que coa súa constancia e decisión, e a pesar de todas as limitacións, conseguiu sacar ás rúas a xuventude de todo un planeta. Chámase Greta Thunberg.

Dígase o que se diga na retórica parlamentaria no día de hoxe por calquera de todas e todos nós, e da sensación de bonanza e de normalidade que se intente transmitir, o certo é que vivimos nunha situación de emerxencia. A casa está en chamas e o país está en chamas. O noso país está nunha situación de emerxencia feminista co recente asasinato en Valga de Elena, Alba e Sandra. O noso país está en emerxencia social, ás portas dunha nova recesión, sen ternos aínda recuperado dos zarpazos no benestar da anterior. E, si, o noso país está en emerxencia climática, arde a nosa casa, e arde o futuro do planeta enteiro.

Señor presidente, toda Galicia sabe por que estamos hoxe aquí, vostede mesmo confirmouno esta mañá. Xa todos o coñecen e a estas alturas non engana a ninguén. Adiantou vostede o



debate para facelo coincidir coa convocatoria das eleccións xerais. (*Murmurios.*) Buscou vostede a data para facela coincidir e desgaleguizar o debate sobre o estado da nación; unha distracción para mirar para outro lado e para non falar dos problemas das galegas e galegos.

Puxo vostede o seu raído traxe de vítima, ese que só saca para queixarse do Goberno do Estado cando alí non goberna o PP, para vir culpar hoxe dos males de Galicia os de fóra, coma se Galicia non tivese autogoberno, coma se vostede non tivese responsabilidade do que pasa no noso país malia xestionar 10.000 millóns de euros. Vostede poderá ser un irresponsable, pero é responsable do que pasa en Galicia.

Vén aquí, entón, a desgaleguizar o debate da autonomía, a converter a Cámara nun mitin do PP para as xerais; unha vez máis, empregando os recursos públicos con fins partidarios nunha verdadeira fraude de lei —fraude pola que desta vez non condenarán a ninguén do PP de Galicia por corrupción, como sucedeu, sen embargo, con Pablo Crespo na Gürtel—.

Pero o peor de todo, señorías, é que isto é realmente unha cortina de fume. Vostede agocha unha verdade incómoda: Feijóo non ten nada que contar, o balance de progreso económico e social de Galicia durante esta lexislatura é cero. Non hai ideas e non hai proxecto de país. Temos un goberno de cartón pedra ao servizo dos lobbys das grandes corporacións empresariais que esquilman e contaminan o territorio, que escravizan as traballadoras, que vampirizan o público, que empobrecen o noso país. Eses son os verdadeiros gobernantes, señor Feijóo, non vostede.

Vostede veu forzado ás eleccións do 2016 agardando un billete para Madrid que nunca chegou, e desde aquela está sentado na estación sen facer nada. E mentres vostede está sen facer nada nese escano, a Galicia pásanlle por diante os trens da igualdade, da prosperidade e do benestar. A súa parálise sumiu Galicia nunha situación de emerxencia, de emerxencia feminista, de emerxencia climática e de emerxencia económica e social, unha tormenta perfecta que cristaliza nun triste síntoma, que é a implosión demográfica de Galicia.

Sandra, Elena e Alba son simplemente algúns dos nomes cos que se escribe a barbarie machista en Galicia. Son o dramático síntoma dunha doenza social estrutural: o patriarcado. A loita contra as violencias machistas só pode ser exitosa se asumimos que o asasinato é só a punta do iceberg, e que a raíz está nunha compoñente social e cultural que cómpre mudar completamente. E o primeiro para facelo é escoller o bando sen ambigüidade, ou se está co machismo ou se está coa igualdade. Negar o feminismo como ideoloxía motriz da igualdade é negar a xustiza de xénero, e é condenar as mulleres ao xugo patriarcal.

Os avances na sociedade galega nos últimos vinte anos son innegables na toma de conciencia cidadá e tamén do discurso político en todo o arco parlamentario —tamén na dereita democrática na que recoñecemos maioritariamente ao PP—. Por iso nos preocupa que por veces —que agora, ultimamente, é sempre— sigan aliñados coa extrema dereita, co fascismo negacionista do machismo. E pedímoslle, sen ambaxes, que se separe de Vox, pero tamén de Almeida, o flamante alcalde popular de Madrid, que non tivo reparos en dicir que el era contrario ao feminismo do 8 de marzo. Señor presidente, ¿é vostede contrario ao feminismo do 8 de marzo? Señorías do Partido Popular, ¿son vostedes contrarios ao femi-



nismo do 8 de marzo? Confío e estou seguro de que a súa resposta os situará do lado da igualdade e do feminismo.

Con todo, *obras son amores y no buenas razones*. Desde a loita feminista e a folga feminista de 2018 e de 2019 vostedes nin asumiron as propostas de lei da oposición en materia de igualdade nin propuxeron outras novas que melloren as actuais, e non aumentaron os recursos en igualdade. E logo disto vén a política de propaganda, dicir que se fai e non facer. Mire, rematados e executados completamente os orzamentos do ano 2018 —este é un dato oficial que ten vostede á súa disposición e coñecerá ben—, no programa 313D, «Protección e apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero», dos 14,6 millóns que tiñan comprometidos, unicamente executaron 6,6; é dicir, hai case 8 millóns que non se executaron da loita contra a violencia machista. É dicir, do que vostede nos contou esta mañá, durante o ano pasado fixo menos da metade, ou fixo apenas a metade, case o 60 % sen executar. Na réplica ¿pode subir e explicar por que non gasta os recursos que hai en materia de violencia de xénero? ¿Sóbrannos os cartos?

Señorías, a reacción institucional á violencia segue dependendo da denuncia da muller, facendo recaer sobre ela a responsabilidade de actuar cando en xeral non está en condicións de facelo. Cómpre unha rede de servizos médicos e de carácter social máis ampla que poida reaccionar ante estas situacións. E, claro, cinco minutos por paciente na atención primaria non dan para detectar estas situacións.

O noso sistema educativo tampouco ten medios nin ferramentas. Cóntao así Mari Carme, unha profesora de ensino medio en Sanxenxo: «O profesorado necesita formación específica desde os CFR, que deberán contar cunha asesoría de igualdade que asesore o profesorado na súa actuación diaria e os centros na posta en marcha dun plan de igualdade do centro que vele pola incorporación da educación emocional e afectiva de xeito transversal na vida cotiá das aulas». Apúnteo tamén para o plan desta mañá.

Se hai algo, de todas maneiras, que eu mesmo constatei como xuíz de violencia de xénero nunha comarca do rural de Galicia é o peso que a dependencia económica ten á hora de actuar ante as situacións de maltrato. A muller que depende do home economicamente, para si ou para os seus fillos, é aínda máis vulnerable, é unha vítima especialmente cativa. Pois ben, se algo deixou, señorías, a gran recesión foi a precariedade económica feminina e, sobre todo, a fenda salarial. (*O señor Villares Naveira amosa un gráfico desde a tribuna de oradores.*) Vostede coñecerá seguramente esta estatística ben, é a fenda salarial que se foi incrementando durante os anos do seu goberno; polo tanto, lonxe de converxer, diverxemos en relación coa igualdade ata un 30 % —igual traballo, menos salario—. Pero hai outros datos que son igualmente reveladores: en tempo parcial, o 77 % do tempo parcial fano as mulleres; en redución de xornada para coidar da familia, o 95 % son mulleres. E o resultado ao final da vida laboral é que as pensións das pensionistas galegas son aproximadamente, de media, 358 euros máis baixas que as dos homes. Neste caso temos que preguntarlle, señor Núñez: ¿como valora o fracaso na súa política de superación da fenda salarial feminina?

Doutra banda, segue sen recoñecerse a día de hoxe o papel da muller na economía dos coitados, nin de remunerar e asegurar a atención ás persoas dependentes nin á crianza dos



fillos mellores. Galiza é unha das sociedades máis avellentadas do mundo, o que aumenta a demanda de recursos públicos de atención e tamén redonda no aumento da taxa de persoas dependentes e do número de persoas demenciadas. E a partir de aquí, señorías, veñen os paradoxos. En relación coa poboación total galega, as solicitudes de axuda á dependencia representan un 2,97 %, fronte ao 3,94 % da media estatal. En relación coa poboación potencialmente dependente, a cobertura é do 6,4 %, fronte á media estatal do 8,5 %. E, finalmente, o gasto público medio por persoa dependente en Galiza é de 932 euros menos que a media estatal. E, ademais, no ano 2018 aínda diverxemos máis con esta media. É dicir, de media somos máis vellos, pedimos menos axudas e dannos menos contía por cada unha desas axudas. Entón teño que preguntarlle, señor presidente: ¿como valora vostede o fracaso das súas políticas de coidados e dependencia, que pagan sobre todo os lombos das mulleres galegas?

Un dos servizos do sistema de autonomía e atención á dependencia é o servizo de atención residencial, con residencias para maiores e centros de atención a persoas en situación de dependencia. En total, en 2016 había en Galicia 20.400 prazas residenciais de maiores e dependentes, das cales o 67 % eran privadas, a maior porcentaxe de prazas privadas do Estado. De novo, unha vez máis, o negocio das empresas privadas con cartos públicos. E de novo os paradoxos, señorías. En conxunto, o rateo de prazas por persoas maiores de 65 anos é das máis baixas do Estado, o 3,07 %, cando a OMS recomenda un 5 %. Claro, como dependemos das privadas e estas son máis caras, cos mesmos recursos atendemos menos maiores por unha razón simple: hai que repartir os cartos co beneficio das empresas.

E aquí temos que invocar a maldita hemeroteca: unha das medidas estrela ao inicio desta lexislatura foi a promesa das residencias da Xunta nas sete cidades. Nos orzamentos da Xunta para o 2018 o Plan «coma na casa» unicamente contou con 700.000 euros, apenas un 1,5 % do total. Para este 2019 prevense só 8 millóns de euros, co cal un 18,5 % do plan de residencias. Momento no que se coñece a doazón da Fundación Amancio Ortega para estas residencias por un importe de 90 millóns de euros. Entón, unha de dúas, ou o plan en orixe era unha farsa, porque non se ía cumprir, ou vostede xa sabía de entrada, no ano 2016, que lle ía caer unha doazón no ano 2019. Explíquenos isto na réplica, se pode.

O IGE, señorías, revela que, dos que realizan tarefas de coidado de persoas dependentes, dous terzos son mulleres, fundamentalmente maiores de 45 anos. E un 30 % das mesmas adican máis de 70 horas á semana a esta tarefa. Entón, señor presidente, temos que preguntarlle como valora o fracaso da súa política de residencias para persoas maiores e se considerou algunha vez subirlles o imposto aos máis ricos para que a construción de residencias non dependa da beneficencia senón da xustiza fiscal. Queremos facer en alto esa reflexión: menos caridade e máis xustiza fiscal, menos doazóns e máis recadación, porque estamos nunha situación de emerxencia feminista.

Mire, cos datos do plan de conciliación da Xunta, máis de 32.000 mulleres fronte a só 2.900 homes renuncian a buscar traballo por coidado de menores e outras persoas dependentes. E entón temos que preguntarlle: ¿como valora o fracaso na súa política de conciliación, que condena as mulleres, e só as mulleres, a estar atadas nas casas ao coidado dos fillos e das persoas dependentes?



Nunha situación de emerxencia como a actual faise máis acuciante ca nunca a emerxencia dun novo dereito, que é a renda básica universal, e concíbilo en clave feminista, como un ingreso garantido que contribúa á igualdade de oportunidades real para as persoas máis vulnerables; unha renda incondicional como dereito de cidadanía para as mulleres, vítimas dunha pobreza específica que combina traballos temporais e mal pagados co traballo non remunerado dos coidados; unha renda suficiente que garanta uns mínimos para vivir en liberdade, porque a vida digna das persoas non pode depender do acceso a un emprego.

Señorías, preguntome en voz alta: ¿merece esta situación a consideración de emerxencia feminista? En consideración de En Marea, si. (*Aplausos.*)

«É hora de sumarse de xeito inmediato a un cambio global de modelo e de paradigma, asumido que non é posible o crecemento continuo nun planeta de recursos limitados, como non o é permanecer impasibles ante a emerxencia climática e ecolóxica na que se atopa sumido o noso planeta. Exiximos medidas concretas para acadar as cero emisións netas de gases de efecto invernadoiro antes de que se dea unha situación irreversible. Evitar que a temperatura global se eleve por riba do grao e medio debe ser unha prioridade para a humanidade no seu conxunto, da que nós, como galegas e galegos, temos que participar.»

Señorías, estas palabras son dun feixe de mozos e mozas adolescentes e universitarios, que se autodenominan Movemento Galego polo Clima, e forman parte dunha corrente internacional chamada *Fridays for Future*. Eles forman parte da modernidade, están na vangarda, e fano desde o orgullo de pertencer ao seu país. Si, señorías, vivimos, como nos recorda esta xente moza, nunha verdadeira emerxencia climática como paradigma máis visible da desfeita ecolóxica global á que nos someteu a depredación do capitalismo máis salvaxe, desregulado e pirata, ao que Galicia non é allea.

En Galicia parece que non gobernara Feijóo, senón un lobby empresarial sen escrúpulos coa terra e co territorio, desalmado co medio ambiente.

O proxecto megamineiro de Touro envelenará a auga do Ulla —de onde beben máis de 100.000 persoas— e da ría de Arousa —da que viven miles do marisqueo— por unha empresa recalcitrantemente sancionada como pretendida explotadora, mentres Tahoces exerce a súa especialidade, que é facer a vista gorda.

Hai parques eólicos en zonas protexidas, como no Iribio, onde a Xunta emprega unha verdadeira fraude de lei dunha concesión en Rede Natura para estragar o medio, e tamén o patrimonio.

O monocultivo do eucalipto empobrece a economía rural, elimina superficie cultivable, promove a expansión ilimitada dos lumes e aniquila a biodiversidade esgotando unha auga que xa non é tan abundante, e todo para asegurar a permanencia de Ence na ría de Pontevedra; e Sogama empéñase en queimar en vez de reciclar.

Temos a especulación urbanística, promovida por unha Lei do solo que permite urbanizar sen xeito e fai descansar o control legal nas administracións máis febles fronte á presión das



grandes promotoras, facendo de Miño, Sanxenxo ou Barreiros grandes museos do horror urbanístico, e provocando a máis infame corrupción municipal a custa de consumir territorio.

A contaminación por plásticos en costas, ríos e rías provocaron alerta científica na ría de Arousa pola presenza de microplásticos en peixes e moluscos. Señorías, ¡se ata este mesmo hemicio podería aforrar milleiros de quilos de plástico ao cabo do ano se, en vez de consumir botellas de plástico, se consumise auga da billa, que é potable! Temos que tomar conciencia disto.

A depredación territorial e ambiental, ademais, converteuse na segunda causa de corrupción do poder público, só por detrás da corrupción nos procesos de privatización dos servizos públicos, algo que se atallaría restrinxindo as posibilidades de recualificación de solo rústico e loitando contra a expansión urbanística cara a terreos de elevada produtividade agraria, forestal ou paisaxística.

E a pregunta que lle teño que dirixir, señor presidente, é esta: ¿que vai facer para descontaminar a terra e para arranxar esta desfeita? E, sobre todo, ¿como se vai desfacer dos lobbys que mandan na Xunta a día de hoxe?

Ademais, non é só a terra, é tamén o envelenamento do aire. O CO₂ é o principal gas responsable do efecto invernadoiro. E é inevitable: Meirama e as Pontes van pechar, pois pertencen ao club das grandes xeradoras de CO₂ do sur de Europa. E o papel dun goberno responsable tiña que ter sido buscar alternativas para manter o emprego, para planificar unha transición enerxética, pero sobre todo para planificar unha transición laboral e social, unha transición, en palabras de Carlos Taibo, ecosocial.

Mire, isto xa se sabía dende hai unha década, que é o que leva vostede gobernando. E a pregunta é: ¿que fixo vostede durante todo ese tempo para prepararnos para ese cambio enerxético?

As políticas do PP revelan unha absoluta irresponsabilidade ambiental e son unha estafa. O futuro de Galicia non está en queimar carbón de Indonesia, está na transición enerxética. Dar incentivos fiscais a Endesa por contaminar vai en contra de todas as políticas da Unión Europea. Pagarlle incentivos por capacidade, é dicir, pagarlle a Endesa por estar parada, ¿beneficia os traballadores de Endesa?, ¿beneficia as auxiliares?, ¿beneficia os transportistas? Non, hai que buscar outra solución.

Non vemos interese na Xunta de Galicia, e por iso desde En Marea lle facemos varias propostas:

—Desenvolver, en primeiro lugar, o mapa da transición sostible de Galicia —clima, terra, enerxía e auga—, coa participación das universidades galegas, e comezando polas comarcas das Pontes e de Cerceda.

—Dotar economicamente nos orzamentos do ano que vén, en 2020, o desenvolvemento destes mapas, e fomentar iniciativas empresariais e formativas, principalmente no eido das renovables e outras tecnoloxías presentes na transición enerxética.



—Instar Endesa e Naturgy a ser partícipes das iniciativas empresariais, condicionando posibles novas concesións ao cumprimento dos plans industriais, e desenvolver vostedes, como Goberno galego, a tarefa do *hub* da enerxía eólica mariña para que Ferrolterra deixe de facer só as estruturas e constrúa de novo motores e ensamble todo absorbendo así os postos de traballo industriais perdidos na ría e na comarca. Temos a mellor ría, temos a mellor man de obra, temos as mellores materias primas. ¡Mágoa de non ter un bo goberno galego digno de tal nome, señor presidente!

Señor presidente, a desorde forestal e o monocultivo do eucalipto empobrecen Galicia e aceleran o cambio climático pola voracidade dos incendios que provocan. En Galicia hai xa máis de 500.000 hectáreas de eucaliptais, das que 300.000 están ocupando terras agrarias —si, esas que fan de cortalumes naturais e que evitan que ardan as casas e morran as persoas—. E aínda no novo plan forestal queren poñer 35.000 máis.

Esa é a súa intención mentres se produce un paradoxo: as vacas estabuladas galegas comen soia como fonte de proteína, e esa soia vén de Latinoamérica, ¡6.000 quilómetros en barco! ¿Sabe de onde? Das terras desforestadas da Amazonía, esas que se puxeron de moda ultimamente por arder dunha forma absolutamente inusitada na historia. E a pregunta é: ¿por que temos que importar soia con tanta terra agraria abandonada? Explíquenolo. A soia é unha fonte de proteína que tamén se atopa en leguminosas que se plantan en Galicia, como o trevo para o gando, e que ademais ten unha prima na PAC porque fixa nitróxeno na atmosfera e reduce o efecto invernadoiro.

Señor presidente, sáquenos de diante este plan forestal e faga outro que recupere as terras agrarias para lles dar de comer ás vacas. As galegas non queremos ser cómplices da deforestación da Amazonía. Faga unha verdadeira política industrial de transformación, non sexa un recadeiro de Ence. Alente o peche do ciclo produtivo da madeira en Galicia de xeito que se recupere o tecido industrial que se dedicaba aos aproveitamentos forestais, algo que permitiría a recuperación de postos de traballo e a fixación de poboación no rural. Pero non, todos os recursos van para a industria do lume, descoidando a prevención, que a Xunta de Galicia fai recaer sobre os concellos.

Quixo vostede recoñecer esta mañá o servizo de prevención e extinción de incendios. Eu tamén quero facelo en palabras de Maribel, de 35 anos, que é xefa de brigada, que lle dedica estas palabras: «Nos tres concellos nos que traballei ningún nos deu o EPI de desbroce completo. De tres concellos, en dous a base era un garaxe compartido cos usuarios e sen cuarto de baño. Dos tres, só un nos deu un coche normal, é dicir, un coche no que cerraran as portas, que non perdera combustible e que non nos deixase tirados». Estas son as condicións nas que traballan ás veces os traballadores do servizo público.

Señor presidente, como lucense, sufro as consecuencias de que o Partido Popular non quixera nin asumir as competencias no tren de cercanías, nin instase o Estado a que apostase polo ferrocarril como forma de vertebrar o territorio. Podíamos estar queimando menos diésel cun renovado Feve entre Ferrol e Ribadeo, cun cercanías entre Ferrol e A Coruña que fose máis rápido que un patinete, cun tren que vertebrase A Coruña, Lugo, Ourense e Santiago, igual que o que hai entre a cidade herculina e Vigo. Pero é que, ademais, o desenvolvemento



do corredor atlántico ferroviario —que vostedes esquecían cando gobernaban— e a conexión dos portos exteriores á rede permitirían reducir o tráfico pesado nas estradas, aforrando en mantemento e reducindo o CO₂, ademais de captar a chegada de mercadorías de Europa no tránsito marítimo interoceánico, promovendo así a implantación de novas empresas de transformación.

Son as infraestruturas para un tempo novo. O ecolóxico é rendible, señor presidente, para todos agás para Audasa. Díganos o que vai facer para compensar a súa incompetencia á hora de mellorar o transporte ferroviario galego ata o día de hoxe.

Non nos foi mellor tampouco co seu sistema de transporte público de Galicia, un verdadeiro fracaso que comunicou moita poboación no rural coas cabeceiras de comarca e disparou o uso do transporte privado, con custos sociais a maiores, como o encarecemento para as persoas maiores que viven no rural do desprazamento ao médico.

Señor presidente, desde que vostede goberna foron abandonadas en Galicia 30.000 explotacións agrarias, ¡30.000! Esta estrutura produtiva, que o PP está desmantelando, realiza pastoreo e emprega gandaría extensiva, funcionando como elemento natural de roza e de prevención de incendios. As labregas custodian o territorio, xeran riqueza e aliméntanos con produtos de calidade. E a pregunta é: ¿cando se vai responsabilizar vostede polo éxodo rural e ambiental asociado ás súas políticas económicas?

Señorías, o Goberno galego en materia ambiental leva anos dando voltas sen avanzar, pero esa non é a economía circular, a que na Consellaría unicamente cheiraron sobre o papel. Por iso os instamos a comprometerse nun plan que contemple o establecemento de esquemas específicos de recuperación que permitan prolongar a vida de certos produtos antes de ser destinados ao lixo, como o téxtiles, produtos electrónicos e plásticos —señora conselleira, isto non existe a día de hoxe na Consellaría—; ou o aproveitamento de residuos do mar e forestais, frear a xeración de residuo alimentario, ou favorecer as actividades de reparación.

Non quero esquecer aínda, no bloque de emerxencia climática, que o Partido Popular votou en contra da emenda de En Marea para promover na Unión Europea o establecemento de aranceis ambientais. Si, temos que facerlle fronte á piratería ambiental. Temos, nas grandes superficies, produtos moi baratos con procesos de produción moi contaminantes que non pagan ningunha taxa por CO₂. E non só son as fiambreiras dos chinos, tamén é o aluminio que se produce en Maaden, en Arabia Saudí, que en breve entrará polo porto de Vigo e reemplazará o que se fabrica en Alcoa. É moito máis barato. E ¿por que? Porque non pagan aranceis ambientais, porque queiman infames cantidades de petróleo sen pagar aranceis e, polo tanto, non teñen por que repercutilos no prezo final.

Señorías, temos que poñer aranceis ambientais para que ás multinacionais non lles comense contaminar en Galicia, pero tampouco na China nin na India.

Á emerxencia climática úneselle unha terceira emerxencia, a emerxencia social. Adriana, de Pontevedra, ten unha mensaxe para vostede, señor presidente: «Fixo este verán once anos que rematei a carreira de enfermaría. Teño asinados máis de 800 contratos e soamente con-



solidados 2 trienios. E todo isto tendo aprobadas as convocatorias de 2009, 2015 e 2019». Señor presidente, Adriana fixo toda a súa carreira profesional na Administración pública autonómica con vostede como presidente da Xunta, e a pregunta é: ¿non pensa que lle debe vostede unha desculpa pola precariedade á que a leva sometido durante once anos?

O Partido Popular aproveitou a recesión para recortar prestacións sociais, para privatizar servizos públicos, e para precarizar o emprego, nomeadamente na sanidade e no ensino, os sectores numerosos, máis numerosos da Administración. Co que non contaban é con que se organizasen orgullosas como enfermeiras eventuais en loita, mulleres bravas que non se resignan nin á precariedade nin ao ninguneo laboral, porque non teñen medo, porque non teñen nada que perder, non sendo os seus contratos lixo.

Señor presidente, hai que coidar de quen nos coida, hai que tratar dignamente o persoal sanitario. E a pregunta é: ¿cando pensa deixar de maltratar o persoal sanitario do Sergas? Non hai resposta porque non hai goberno. No Sergas mandan os lobbys empresariais e punto, descapitalizan a sanidade pública para maior gloria das empresas dos colegas. Así o fixeron na construción do Álvaro Cunqueiro, na remodelación do hospital de Ourense, na renovación do concerto de Povisa en Vigo. Sempre o privado, o privado, que é o máis caro, señorías, porque realiza o mesmo servizo que o público pero ten que lograr un beneficio empresarial. E cando é máis barato é porque lle rouban parte do salario ao persoal ou ofrecen un servizo de peor calidade.

Falamos ata agora do público, pero onde de verdade se sente con máis crueza a situación de emerxencia social é no sector privado. Mónica ten 43 anos, é teleoperadora na Coruña e mándanos esta mensaxe: «Con contratos de dous meses, esgotando o paro, que queda en 400 euros, independizarse, ter fillos..., vólvese complicado todo. Chegar a traballar cada día sen saber se vai ser o último, sen saber se tamén hoxe terá que vir unha ambulancia a atender unha compañeira cun ataque de ansiedade...». Son realidades da vida diaria.

Galicia é unha das comunidades autónomas de todo o Estado nas que aínda non se recuperou o emprego que había antes da crise. Concretamente hai 54.000 ocupados menos que antes. E dende as reformas laborais do PSOE e do Partido Popular, en todo o Estado vivimos nunha sorte de ditadura da precariedade, con xente que traballa e non sae de pobre. A precariedade laboral é unha ditadura marcada pola temporalidade e os salarios baixos. Dende 2015 menos do 10 % dos novos asalariados teñen emprego de calidade, o resto é precariado. O traballo do futuro é unha volta ao pasado, son minisalarios con superhorarios.

Señor presidente, para variar, ¿podería facer algo polo emprego? E digo isto non por nada, nin con retintín, senón porque todas estas cousas que dixo pola mañá están moi ben pero teñen un problema, que é que logo non se cumpren. Unha vez máis, dise pero non se executa o orzado.

Teño aquí a estatística dos orzamentos en materia de fomento do emprego desde o ano 2011 ao ano 2018. En total hai 945 millóns de euros que non se executaron, ¡945, señorías!, case 1.000 millóns de euros en políticas de fomento do emprego que non se gastaron. E a pregunta é: señor presidente, ¿non pensa que con 1.000 millóns de euros se podería ter promovido ben o emprego en Galicia? Déixolle isto para a quenda de réplica.



Miren, cando un goberno non promociona o emprego, a cidadanía vive peor e pasamos da precariedade laboral á precariedade social. A taxa de pobreza en Galicia é do 18,8 % —non mellorou vostede no último ano, ¡non mellorou nada no último ano!—. Hai 34.700 fogares sen ingresos, e en 2018 a Risga só cubriu a 1 de cada 100 persoas en situación de risco de pobreza. Señor presidente, ¿está vostede satisfeito con estes datos? Sei que non o está, xa o dixo pola mañá. E entón a pregunta que teño para vostede é esta: ¿por que lles baixou os impostos a 6.000 fortunas, ás 6.000 persoas máis ricas de Galicia, o ano pasado?, ¿por que lles baixou o imposto de patrimonio, facéndolles un regalo fiscal de 12 millóns de euros, se non hai diñeiro suficiente para atender coa Risga a todo o mundo que está en situación de pobreza e exclusión social? ¿Por que fixo iso? Vostede exerce dunha sorte de «antiRobin Hood», quítalle aos pobres da Risga para dárllelo aos ricos en forma de agasallo fiscal. ¿É isto o que entende vostede por xustiza fiscal? Despois terá a oportunidade de subir e dicirnos o que é.

E, mentres os ricos son máis ricos, os pobres seguen moitas veces sen vivenda. Hai un rexistro de demandantes na Xunta con 13.800 persoas, a Cruz Vermella computou o ano pasado 1.200 persoas sen fogar. Para aliviar esta situación, a Xunta, que ten competencia en materia de vivenda, no que vai de ano construíu —¡agárrense!— tres vivendas protexidas, e ningunha de promoción pública. Toca a 5.000 demandantes por vivenda. A verdade é que non está mal. Ambientazo haberá, pero seguramente non sexa suficiente para paliar certas necesidades.

O goberno de Núñez Feijóo, señorías, é pouco innovador, inviste pouco en I+D, a pesar do que dixó esta mañá. E por iso nos últimos anos deixou sen gastar 240 millóns de euros. A media de execución en I+D é do 77 %. Miren, a media da Unión Europea está no 2 % do PIB, e en Galicia apenas chega ao 1 %.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: E, aínda así, déixanse sen executar os cartos.

Non quero deixar de referirme, antes de rematar, ás emerxencias. Todas —das que no se conxunto non se ocupou o señor Núñez— converxen nunha situación: a nosa implosión como país, cunha desvertebración territorial, cunha crecente falta de cohesión social, cunha inseguridade ante a vida cotiá que leva a que a mocidade emigre ou a que aquela que queda no país non poida decidir libremente exercer a maternidade, xerando como síntoma o cataclismo demográfico de Galicia.

Calquera que sufra as súas políticas pode replicar á súa propaganda, na que gasta máis cartos que nas medidas. Limítome neste caso a poñerlle voz a Pilar —unha nai traballadora sen parella e de 44 anos, esa idade na que o Sergas xa non financia tratamentos de fecundación asistida— para que lle dirixa unhas palabras sobre as súas supostas políticas de natalidade. Di: «Hai centos de pequenos á espera de praza nunha escola infantil pública. En tanto, as súas nais e pais intentan conseguir unha axuda do Bono Concilia para pagar prazas privadas, pero pérdense en interminables trámites burocráticos e reclamacións. Moitos dos que cumpren os requisitos quedan fóra e outros desisten ante as constantes trabas para acceder ao que lles corresponde por dereito. O Bono Coidado móvese tamén no limbo da burocracia e é difícil que alguén o dea cazado». Respóndalle, se quere, na quenda de réplica, que vostede ten un tempo ilimitado.



Remato xa.

Señorías, o presidente da Xunta e o seu goberno fixeron deixación de funcións durante estes dez anos. O balance do autogoberno foi de cero competencias novas. Non hai proxecto de país, non se quere gobernar e, polo tanto, non se bota en falta un réxime competencial para ampliar o benestar da cidadanía de Galicia. Aboa isto a idea de que aquí non hai goberno, hai un gardián tendo conta dun *lobby* de intereses. E, para salvagardar eses intereses, o Partido Popular pasa por riba dos dereitos, co amordazamento das profesionais da CRTVG ou co propio regulamento mordaza desta Cámara. O importante é non incomodar o poder, o poder exercido para o interese particular, de costas á xente. Como non hai goberno galego, non hai interese xeral e non se pensa na lingua nin na cultura como elementos cohesionadores da sociedade...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...tendo os seus mandatos o triste balance da maior perda de galegofalantes da historia, froito da obsesión do presidente de prohibir a lingua nas escolas.

Señorías, aínda que finxamos normalidade, Galicia vive unha situación de emerxencia porque arde a nosa casa. Ao señor presidente soamente lle pido, de aquí ao final da lexislatura, que cumpra a súa palabra e que execute aquilo que orce. Para o conxunto da bancada progresista, en cambio, propóñolles outra cousa. Propóñolles que durante este ano sexamos quen de buscar un acordo social galego contra o cambio climático no que impliquemos os sectores sociais, culturais, sindicais e da sociedade civil, un acordo de longo percorrido, pois as medidas son de calado, para podernos presentar...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Déixeme un par de minutos.

O señor PRESIDENTE: Non, un par de minutos é moito.

O señor VILLARES NAVEIRA: ¡Esta é a mordaza do Parlamento! (*Risos.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Termine xa. ¡Mire o reloxo, por favor! (*Murmurios.*) ¡Mire o reloxo! Termine xa.

Termine, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Os puntos do acordo para este gran acordo serían os seguintes: comezar un proceso de descarbonización do país que implique a eliminación do carbón como fonte de enerxía, comprometéndose a xerar o cen por cento da electricidade con fontes renovables no próximo decenio; a reconsideración e a redución dos tempos de traballo no sector público e nas empresas privadas, xerando horas dispoñibles para satisfacer as necesidades...



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...de conciliación familiar.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Boa tarde.

Hoxe a verdade é que é un día de preocupación para Galiza. Polo menos eu estou moi preocupada por Galiza. E Galiza ten que estar preocupada polo total esgotamento do seu Goberno, pola perda de papel político, de peso político, como país, e polos indicadores que mostran os riscos que temos se non lles damos un golpe de temón ás políticas que se están desenvolvendo. E estou preocupada porque vin o líder dun partido esgotado, sen proxecto e nunha situación de irrelevancia política para Galiza.

Por iso quero deixar tres reflexións neste debate.

A primeira é que Galiza non ten unha axenda de futuro que estea en liña cos grandes retos do noso tempo. O Goberno non ten visión, non ten iniciativa e non ten ilusión. O seu gran proxecto —díxonolo o señor Feijóo pola mañá— é ir ao baúl dos recordos e rescatar os proxectos de Fraga dos anos 90, *(Aplausos.)* cando Galicia está na segunda década do século XXI. *(Aplausos.)* A Xunta quedou convertida nunha cuestión de supervivencia para o PPdeG. É só iso, supervivencia do PP e do seu líder.

Segunda reflexión: Galiza pasou, co Goberno do PP, da submisión á intranscendencia política. Pasamos de anos de submisión ao Goberno de Rajoy a un goberno intranscendente, porque o seu partido e o seu líder son intranscendentes. Hoxe Galiza non está nos debates, non está nas negociacións, non está nos proxectos, non está nos investimentos. E é triste, moi triste, pero a realidade é que Galiza non está.

E a terceira reflexión é unha reflexión máis optimista, porque nós somos dos que pensamos que Galiza ten futuro, que ten un futuro prometedor, pero que para iso hai que cambiar a política. Durante décadas estivemos dependendo do que os demais queren de nós, do que queren darnos ou do que queren quitarnos. Temos que romper ese círculo vicioso e construír unha axenda desde o que a sociedade galega quere, definir a axenda que Galiza necesita para conseguir unha cuestión básica: que os galegos e as galegas teñan futuro en Galiza.

Señor Feijóo, a súa falta de proxecto é tan clara que até vostede sabe que chegou ao seu último debate como presidente da Xunta. Chega aquí coas mans baleiras porque nada fixo. E ademais pretende enmascarar o seu fracaso coas promesas repetidas en moitísimas ocasións e escondéndose detrás da situación do Estado. Pero Galiza merece moito máis, Galiza ten que mirar cara ao futuro. E vostede, señor Feijóo, representa o pasado.



Hai outra Galiza mellor e posible, unha nova Galiza na que poñamos en marcha todo o potencial e toda a riqueza que temos con confianza no país e na xente, o que lle falta ao goberno de Feijóo. A herdanza que nos deixa é un país minguante, empequencido, unha Galiza peor que a que vostede recibiu. Déixanos un país máis desigual, no que a maioría vive peor despois dos seus dez anos de goberno. Nós non queremos a súa «Galiza bonsai», no BNG queremos unha Galiza forte e vigorosa coma un carballo, con raíces sólidas e ramas grandes que aporten riqueza, progreso e benestar. (*Aplausos.*)

A súa década de sombras é o reflexo dun presidente acomplegado, (*Murmurios.*) dun presidente que caeu na irrelevancia, que incumpriu a súa palabra e que nos deixa unha Galiza afogada por unha cascada de crises no económico, no social e no autogoberno. O seu goberno é pura incompetencia, señor Feijóo, (*Murmurios.*) pura incompetencia. Déixanos unha Galiza sumida en cinco grandes crises.

Temos unha crise demográfica. Temos os peores datos da nosa historia —e iso que prometera que coas súas medidas ía darlle a volta á situación—. E mentres vostede facía propaganda coas caixas finlandesas e con medidas que non funcionan, a realidade é que 200.000 galegos e galegas emigraron deste país durante este ano. Pero a vostede iso dálle igual. E isto é importante porque ten que convencerse de algo: de que o problema non é a demografía, é a economía. (*Aplausos.*)

E precisamente esa é a súa segunda crise: a económica. Señor Feijóo, ¿vostede pode negar hoxe aquí que hai menos emprego que hai dez anos? ¿Vostede pode negar que medrou a precariedade e a desigualdade? E o que non vale é vir aquí con escusas, porque é que leva vostede dez anos con escusa tras escusa. Cando hai un problema vostede non busca unha solución, o único que busca é unha escusa. (*Aplausos.*) ¿Hai problemas coas electrointensivas? Vostede escúsase. Si, si, e outros gobernos, no mesmo marco, actúan. Porque os vascos defenderon unha tarifa eléctrica vasca para as súas empresas e non teñen os problemas de electrointensivas que temos aquí. Eu preguntolle: ¿son máis listos ca vostede?

E a crise industrial non só está afectando as empresas electrointensivas, é que temos o naval, a automoción, o téxtil e os sectores básicos da nosa economía, que seguen debilitándose. E pídlle, por favor, que non engane a xente. Non estamos converxendo coa Unión Europea. Os últimos datos o que din é que retrocedemos quince anos, que temos a renda per cápita a niveis de 2004. Desde que goberna destruíronse máis de 21.600 empregos na industria; o índice de produción industrial está en caída libre —por debaixo do de 2009—; deslocalizáronse empresas emblemáticas ou perderon a súa galeguidade —falamos de Pescanova, do Banco Pastor, de Barreras—; no que vai de ano somos a segunda comunidade de todo o Estado con máis ERE. ¿Ten que dicirles algo aos traballadores e traballadoras de Isowat —porque se lles está acabando o tempo—?

E queremos tamén, desde aquí, enviarlles toda a solidariedade e apoio aos traballadores e traballadoras de empresas en crise, como Alcoa, Isowat, Poligal, Vulcano, (*Aplausos.*) aos das Pontes, de R, de Ferroatlántica. (*Aplausos.*) E é que nós non imos parar ata que haxa solucións.

Segue vostede co slogan de que esta é a lexislatura do rural, cando o que vemos é como desapareceron 6.000 explotacións lácteas. Nos dous últimos anos, só nos dous últimos



anos, o agro perdeu 14.700 empregos. Os nosos gandeiros e gandeiras teñen un prezo estable. Iso si, é o máis baixo de todo o Estado. (*Aplausos.*) Isto, señor Feijóo, é o que nos queda da súa «lexislatura do rural».

Na pesca e no marisqueo tamén diminuíron as cotas, e o sector perdeu máis de 4.000 empregos. No comercio, só nos últimos catro anos, puxeron o cartel de peche 3.600 establecementos.

E tampouco é que a ciencia e a innovación tiveran moita máis sorte. Nós temos claro que a ciencia e a innovación son elementos clave do futuro da nosa economía. E ¿que fixo Feijóo durante a crise, durante os últimos anos? Pois recortar o gasto en I+D+i e poñernos na cola do Estado e de Europa. Diminuíu o gasto, provocou que desapareceran a metade das empresas innovadoras, continúa a fuga de cerebros e os nosos investigadores e investigadoras traballan en precario e con situacións que son absolutamente aberrantes. Porque non se pode consentir que neste país unha muller teña que escoller entre ser nai ou científica. Non se pode permitir. (*Aplausos.*)

Vostede, señor Feijóo, prometeunos unha Galiza innovadora, pero o que nos deixa é un «innovicidio». (*Murmurios.*) Si, e a min, chegados a este punto, gustárame facerlle unha pregunta: ¿cal destes problemas vai solucionar o Xacobeo 2021? (*Murmurios.*) Entendo, señor Feijóo, que teña que mirar os seus papeis, porque causa bochorno ver que a súa palabra non vale nada e que non ten solucións para este país. (*Aplausos.*)

Pois nós o que lle dicimos é que a solución para os problemas que temos non pasa por encomendarse ao Apóstolo e ao ano 2021, necesítase agora xa unha nova estratexia económica, que ten que ir moito máis alá do turismo porque este país ten capacidade para producir.

A súa terceira crise é a do Estado do benestar.

O ensino público leva un recorte acumulado de máis de 2.000 millóns de euros, mentres vostede o que fixo foi blindar os concertos coa privada —incluídos os centros do Opus Dei, que segregan a nenos e nenas—. Mentres, na escola pública o que fai é recortar escolas, unidades, profesorado, incrementar as ratios de alumnado por aula e, iso si, encarecerlle a volta ao cole á xente deste país eliminándolle a gratuidade dos libros de texto; e o mesmo *modus operandi* ten nas universidades.

Pero se en algo vostede se cebou foi na sanidade pública. Castigou a area de Vigo cun experimento fallido, e pola súa privatización imos pagar tres veces máis do que custaría se fose público. Afogou a atención primaria ata poñela ao bordo do colapso, con precariedade para os traballadores e traballadoras e máis lista de espera para os doentes deste país. E nada disto —hai que dicilo— é causal. É que vostedes o que defenden é a privatización da sanidade. E eu rétooo, señor Feijóo, a que baixe do coche oficial e que vaia dicirlles aos profesionais da sanidade ou á xente que está meses ou anos esperando por unha proba diagnóstica que a sanidade nunca estivo mellor. (*Aplausos.*) Hai que ter pouco coñecemento da realidade para facer unha afirmación como a que está vostede facendo.

Mire, o seu goberno non estivo á altura ni nos momentos fáciles nin nos momentos máis duros, porque aquí dramaticamente vimos como os recortes matan, señor Feijóo. E seguen sen aclararse



as causas do falecemento de José Manuel Brey, falecido no PAC da Estrada, no que non había un médico para atendelo. E vostede, ante un feito tan grave, o que fixo foi secuestrar a comisión de investigación do Parlamento para coñecer a verdade. Esa foi a súa resposta. *(Aplausos.)*

Na atención á dependencia tamén hai moitas zonas de sombra. Hai 8.000 galegos e galegas agardando, prodúcense atrasos nas valoracións de ata dous anos, temos incremento nos copagos e un déficit de recursos. E, ante o déficit de recursos, o que nos vén dicir, señor Feijóo, é que a política social deste país depende da chequeira dun multimillonario. Esa non pode ser, señor Feijóo, a política social que se faga en Galiza. *(Aplausos.)*

Vostede tampouco defendeu os dereitos das mulleres. Foi un precursor de dismantelar políticas de igualdade. O que agora tanto escandaliza en Andalucía xa o fixo vostede aquí nada máis chegar ao Goberno. Pero é que, ademais, está facendo ouvidos xordos ás demandas de igualdade das mulleres. Tivemos dous 8M masivos neste país nos que as mulleres estivemos nas rúas dicindo que queremos igualdade. E ¿cal é a resposta deste Goberno? Vostedes pensan que chega o 8 de marzo, poñen un lazo lila na solapa e que os problemas das mulleres desaparecen. A iso se reducen as súas políticas de igualdade, cando faltan servizos públicos para conciliar, cando está medrando a brecha salarial, cando as mulleres teñen máis precariedade e cando, ademais, vemos como a pobreza segue tendo rostro de muller. Iso si, para avalar os pactos do Partido Popular coa extrema dereita vostede estivo raudo e veloz, faltoulle tempo para facelo.

E o que non vale é o cinismo en política. Non se pode dicir pola mañá que un condena a violencia machista e, pola tarde, ir de ganchete cunha extrema dereita que está negando a existencia da violencia machista e que quere derrogar as leis das que nós nos dotamos para poder combatela. E vostede ten que decidir de que lado está. Algunha das propostas de resolución do Bloque váinolo aclarar, porque queremos que se condenen eses pactos. Estou segura de que, como demócrata, vostede vai votar no sentido correcto. *(Aplausos.)*

Chegamos á cuarta crise, á crise ambiental.

O seu goberno, en relación coa emerxencia climática, é coma un condutor suicida que vai en dirección contraria na autoestrada. Mire, entre os anos 2008 e 2017 as grandes empresas incrementaron un 38 % as súas emisións en Galiza, e no Estado descenderon un 13 %. E vostede, con propaganda: «Galiza está no podio das autonomías que fai os deberes».

Temos un grave problema cos incendios forestais, é o maior problema ambiental que ten Galiza. Pero é que o seu goberno ¿en que insiste? En políticas de abandono do rural e nunha política forestal pirómana ao servizo de Ence e das súas portas xiratorias. Iso non é o que necesita este país. *(Aplausos.)*

E, por último, a súa última crise, a crise do autogoberno.

Un dos maiores ataques ao autogoberno foi o desfalco das caixas. Algún día saberemos por que ou a cambio de que. Algo oculta, porque a comisión deste Parlamento leva sete anos pechada a cal e canto. *(Aplausos.)*



Pero vamos analizar esta operación. Fíxose unha fusión que vostede avalou persoalmente. Como ás veces ten mala memoria tráíolle unha foto. *(A señora Pontón Mondelo amosa unha foto desde a tribuna de oradores.)* ¿Veo aquí? Algúns destes ex-directivos están no cárcere —ten vostede moitas fotos con xente que está en cárceres—. *(Aplausos.) (Murmurios.)* E, despois de inxectar 8.000 millóns de euros públicos do día para a mañá, deciden vendela por 1.000 millóns de euros a un empresario venezolano. *(Fortes murmurios.)*

Non sei se podo seguir falando, porque vexo que están moi alterados.

O señor PRESIDENTE: Siga

A señora PONTÓN MONDELO: O empresario venezolano fixo o choio da súa vida, porque o primeiro ano gañou máis do que investiu. E iso ¿sabe o que demostra? Que as caixas eran viables e que o problema foi que vostede non as defendeu. Ese foi o problema. *(Aplausos.)*

Como tampouco defende o Estatuto. Mire, non nos falou nada de autogoberno. En 2009 si que falou. Anunciounos a bombo e prato que ía poñer en marcha un novo Estatuto e que ía ser o maior avance do autogoberno da historia de Galiza. ¿Sabe a que quedou reducida esta «fazaña histórica» que ía realizar? ¡A cero competencias en dez anos! ¡A cero competencias en dez anos! *(Aplausos.)* E é que, ademais, tómanos o pelo, señor Feijóo. Mire, empezamos o ano cun acordo: «O PP reclama o mesmo autogoberno que o País Vasco e Cataluña, sumándose a unha proposta do BNG». E vostede empeza saíndo ao ataque: «Feijóo vai defender o status de nacionalidade histórica». Pero cruzouse Casado polo medio e en campaña puxeron no programa electoral que non se podían ceder máis competencias. Entón saíu Feijóo a defender Galiza: «Feijóo avala a moratoria do PP das transferencias. Non son prioritarias». *(Aplausos.)* ¿Como pode tomar a cachondeo un asunto tan importante para este país?

Pero esta crise de autogoberno ten outra dimensión, que é a calidade democrática. E aquí son como señores feudais 2.0 que cren que están por riba das leis e dos dereitos. *(Aplausos.)* Si, si, o exemplo máis sangrante é atacar o que máis nos une aos galegos e ás galegas, atacar a lingua galega. E para iso incumpren o Estatuto, incumpriron a Lei de normalización lingüística e manteñen unha prohibición que é vergoñenta: prohibir que se poida ensinar matemáticas ou física en galego. E todo ¿saben por que? Por un puñado de votos. ¡Vaia galeguismo de folla de lata que se gastan no Partido Popular! *(Aplausos.)*

E, miren, non deixa de ser un sarcasmo que nos fale de saúde da democracia un militante do PP, un partido condenado por corrupción. Pero corrupción é moito máis que a Gürtel, corrupción tamén é manter durante meses unha valedora condenada por enchufar a irmá do seu portavoz parlamentario, corrupción é privilexiar unha empresa porque traballa nela a irmá do presidente, corrupción é nutrir esa rede de empresas corruptas do Partido Popular, como poden ser Indra ou Villar Mir.

E, mire, se tanto, tanto, lle preocupara a democracia neste país non estarían pasando cousas tan graves como que haxa represalias a xornalistas porque se atreven a críticoalo a vostede polo uso de subvencións a medios privados para fins partidistas ou polo secuestro da RTVG,



que está convertida nun aparato de propaganda ao servizo do Partido Popular. E vaia a nosa solidariedade cos traballadores dos venres negros. *(Aplausos.)*

Esta, señor Feijóo, é a súa herdanza envelenada. Vostede sábeo e por iso quere esconder o seu fracaso. E hoxe eu creo que houbo momentos en que se confundiu de debate e de lugar. Non sei, deume a sensación de que pensaba que estaba en Madrid nunha sesión de control ao presidente do Goberno do Estado. Pero estamos en Galiza. Dá ás veces un pouco a sensación de que o que non dá superado é o trauma de non poder ir a Madrid. *(Murmurios.)* ¡Si, si, todos e todas vimos como choraba cando lle pechaban esa porta para poder marchar! *(Murmurios.)* ¡Si, si! E eu teño que dicirlle que a nós dános igual cales foran as razóns —as fotos do iate co seu amigo narcotraficante, os dosieres de Soraya ou que lle saíra moi caro facer de cabalo de Troia de Pemex fronte a Repsol—. *(Murmurios.)* O que lle pedimos é que supere dunha vez o trauma e que non use Galiza como trampolín para a súa ambición persoal.

Porque hai que dicirlles a verdade aos galegos e ás galegas. É unha verdade que o incomoda, a verdade de que Galiza non conta para o bipartidismo que se alterna no Goberno central. Demostrárono estes meses e demostrárono tamén vostedes durante moito tempo. E a única maneira real de cambiar ese guión é que Galiza teña unha axenda propia que non estea condicionada aos intereses dos partidos estatais. E para iso necesítanse organizacións políticas coas mans libres para defender este país, como é o BNG. E nós temos moi claro que o que precisamos é menos Madrid e máis Galiza para conquistar un futuro mellor para este país. *(Aplausos.)*

Mire, tivo vostede ocasión de demostrar que era capaz de facer valer os intereses de Galiza. Durante sete dos últimos dez anos gobernou o PP en Madrid. E ¿que fixo por Galiza? Subiunos as peaxes, vetou a transferencia da AP-9, incumpriu os prazos do AVE, paralizou as autovías, recortou 200 millóns de euros en dependencia ou deixou sen investir máis de 2.000 millóns de euros só no ferrocarril. E mentres todo isto pasaba, ¿que facía Feijóo? Calaba, era como unha estatua de sal, non dicía absolutamente nada. Aínda que sexa tarde, exixa agora eses 200 millóns para a dependencia e os 2.000 para modernizar o noso ferrocarril, e terá todo o apoio do BNG. *(Aplausos.)*

E, mire, nós dicímoslle que os exixa porque a subordinación a Madrid faille moi mal a este país. Temos o debate dos 700 millóns de euros, que é, efectivamente, unha tomadura de pelo, pero que nos deixa un debate de fondo que é importante. E é que o problema é que Madrid é quen decide sobre os nosos cartos. Temos un sistema de financiamento inxusto e discriminatorio que nos fai perder recursos. E, claro, aquí a culpa parece que foi do «cha-cha-cha», pero é que quen o asinou foi o señor Feijóo. E se temos hoxe que estar con este sistema de financiamento é porque vostede non defendeu a posición de Galiza. E eu aquí quero preguntarlles aos galegos e ás galegas que nos están vendo qué é o que prefiren, se prefiren que o seu salario llelo ingresen na súa conta e adminístralo eles ou se prefiren que llelo ingresen na conta do seu veciño a 600 quilómetros. Pois isto é o que temos que cambiar co financiamento, isto é o que temos que cambiar. *(Aplausos.)*

Necesitamos superar a política sometida a Madrid porque de aí non vai vir ningunha solución aos nosos problemas. Nós xa estamos vendo en que está convertida a corte madi-



leña: frivolidade, desprezo polo diferente, descrédito da política, ninguneo a este país, e uns partidos — todos, e quero dicir que son todos, non só son uns — que demostraron inconsistencia, incompetencia e que non ven máis alá dos seus intereses partidistas e dos seus egos persoais.

E nós cremos que, ante esta decadencia, os galegos e galegas non teñen que resignarse. Desde o BNG demostramos que se pode facer política doutra maneira, política con altura de miras, con rumbo claro, poñendo por diante os intereses colectivos e pensando sempre no mellor para os galegos e para as galegas. Por iso traemos a este debate iniciativas de calado político que resitúen Galiza ante as incertezas e retos que temos por diante.

Estamos asistindo a un escenario cunha guerra comercial entre China e Estados Unidos, temos aí o *brexít*, un novo acordo con Mercosur que vai afectar o noso sector agrario e hai moitos indicios de que estamos ás portas dunha recesión. E, ante isto, temos un goberno galego que non fixo os deberes e que está de brazos cruzados ante a crise industrial galega. Só buscan culpables, excusas, nunca buscan solucións. E así neste país non somos capaces de arranxar nada.

Por iso traemos a este debate propostas para poñer en marcha unha nova Galiza, un novo proxecto de país, e resituar Galiza no contexto estatal. E permítanme resaltar algunhas:

A primeira é o financiamento. Precisamos un novo modelo de financiamento que acabe coa discriminación e que nos permita ter a chave dos nosos recursos para mellorar a vida das persoas. Desde logo, mendigar a Madrid 700 millóns non é a solución. O BNG ten claro que a mellor solución sería un concerto económico, pero, en todo caso, temos a man tendida para consensuar unha proposta de país. Por iso propoñemos a creación dunha comisión de estudo para impulsar un novo modelo de financiamento.

O segundo é priorizar a reactivación económica, e a creación de emprego é clave para poder facerlle fronte á crise demográfica. E aquí traemos propostas claras, como a tarifa eléctrica galega que abarate o prezo da luz e unha banca pública galega para que o aforro deste país non siga emigrando. Ten que existir unha aposta estratéxica polo talento e o coñecemento, por iso propoñemos un pacto galego pola innovación co obxectivo de dedicarlle o 3 % do produto interior bruto e acabar coa precariedade na investigación. Precísase tamén unha nova estratexia para os sectores produtivos básicos. No agro hai que ampliar superficie agraria útil, crear un grupo lácteo galego; e na política forestal hai que apostar polas madeiras de calidade, por pechar o ciclo xerando valor engadido. No mar hai que recuperar as rías, apostar por defender os intereses do sector pesqueiro ante o *brexít* e acadar na Unión Europea o status de zona altamente dependente da pesca.

En terceiro lugar, para nós é fundamental que se active unha axenda galega ante Madrid, reclamar as competencias pendentes — non só falamos da AP-9, falamos dos portos e dos aeroportos, de salvamento marítimo ou da seguranza viaria —, un calendario para o traslado de ENCE fóra da ría de Pontevedra, o pago polo Estado do porto exterior da Coruña, a creación de xulgados específicos contra a violencia de xénero en todas as cidades galegas ou un modelo xusto para financiar os nosos concellos.



E fronte á falta de peso e á irrelevancia á que conducen a Galiza, nós temos claro que non podemos perder o tren das nacións. Este vai ser un debate fundamental no Estado nos próximos anos e o que non pode ser é que Galiza estea desaparecida. Por iso nós cremos que o Parlamento ten que falar, e para falar propoñemos unha ponencia onde abordemos as necesidades de autogoberno do noso país e avanzar para que Galiza teña un novo status.

Nós témolo claro, Galiza é unha nación e queremos que nos recoñezan como o que somos e con capacidade para poder decidir sobre aqueles aspectos que son clave na vida das persoas: a economía, o territorio, a lingua, a cultura, a enerxía ou o modelo territorial, o que necesitamos para poder darlle solucións á xente deste país. E o que dicimos é que falemos, que dialoguemos entre todos os galegos e as galegas. E o que lle pedimos é que non siga tapando un debate que vai ser clave e no que Galiza non pode seguir desaparecida nin secuestrada pola posición do Partido Popular. *(Aplausos.)*

En relación co benestar social hai tres cuestións urxentes.

Hai que recuperar o pulso da sanidade pública cun plan de mellora da atención primaria que recupere as xerencias, un programa de choque contra as listas de espera, acabar coa precariedade laboral e rescatar o Hospital de Vigo.

En dependencia, reclame os 200 millóns, eliminemos os copagos e incrementemos os centros de día e residencias.

E, desde logo, necesítanse menos bonos-propaganda e máis política social. Incorporemos, señor Feijóo, o tramo de 0-3 anos de educación infantil na educación pública. ¿Sabe o que conseguiremos con iso? Que toda a xente deste país non teña que pagar nese tramo e que, polo tanto, sexa gratuíto. E, desde logo, hai que garantir por lei que non se vai destinar nin un só euro a aquelas empresas que vulneren os dereitos de conciliación. *(Aplausos.)*

Para nós a loita contra a violencia machista debe ser unha prioridade. E aquí o que propoñemos é que se cumpra a lei —porque a Lei galega contra a violencia de xénero estase incumprindo— e que destinemos máis recursos: o 1 % do orzamento da Xunta. Pensamos que dedicar 1 euro de cada 100 euros a un tema tan importante, que é un imperativo moral, como salvagardar a vida das mulleres, é pouco. E dicimos que hai que facelo por Sandra, por Alba e por María Elena. Elas son as tres últimas vítimas, pero non son todas as vítimas. Temos que facelo por todas as mulleres que foron asasinadas, polas que xa non poden falar e sobre todo polas que veñen detrás, porque temos que deixarlles un país mellor. *(Aplausos.)*

E, por último, un asunto capital para a nosa identidade. Somos un pobo, temos unha lingua. E aquí propoñemos cousas moi básicas: a primeira é que cumpran a lei, que acaben coa discriminación ás persoas galegofalantes; recursos para apoiar as políticas de normalización da lingua en todos os ámbitos, porque hai unha asfixia irrespirable; e, por último, un novo decreto para o galego no ensino que garanta algo que di o actual Estatuto, e é que todo o mundo teña pleno dominio cando acabe a súa etapa educativa.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.



A señora PONTÓN MONDELO: E sabe que as súas políticas o que están facendo é precisamente atacar o galego.

E, mire, para que haxa liberdade ten que haber igualdade. E neste momento o galego segue nunha posición de desigualdade.

En definitiva —remato, presidente— estas son propostas concretas que pretenden dar solucións aos problemas que ten Galiza. Evidentemente, visto desde a atalaia de Montepío, esa especie de Arcadia feliz na que non hai problemas, pois seguramente é difícil coincidir no diagnóstico.

En todo caso, tamén me gustaría acabar facéndolle algunha pregunta. Señor Feijóo, despois de todo o seu regueiro de promesas incumpridas, ¿cal é o valor da súa palabra? Estas son as súas promesas. Non valen nada, señor Feijóo. *(A señora Pontón Mondelo diríxese ao señor presidente da Xunta rachando un papel.) (Aplausos.)* Galiza merece un presidente ou unha presidenta que coñeza a realidade que vive a xente deste país no seu día a día, que non é o desa Arcadia feliz na que vostede viviu. Perdón, a que nos narrou pola mañá.

E xa conclúo.

Eu empecei dicindo que hoxe era un día de preocupación para Galiza e que eu, efectivamente, estou preocupada por Galiza. Pero tamén estou ilusionada polo futuro de Galiza. Galiza ten un gran futuro se cambiamos o rumbo. Galiza necesita un goberno transcendente, con voz propia en Madrid, e que a poña no centro da súa axenda para que realmente neste país haxa oportunidades. E ese é, desde logo, o compromiso que nós adquirimos neste debate con todos os galegos e con todas as galegas: traballar para gañar o futuro prometedor que merecemos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Común da Esquerda, o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boa tarde a todas e a todos.

Cada vez que ten ocasión, o presidente da Xunta converte o que é un debate sobre o estado da nación e do seu autogoberno nunha feira na que expoñer as súas vaidades. Transforma o que é unha rendición de contas e a exposición de políticas de goberno para enfrontar os problemas e os retos de galegos e galegas nun exercicio de cinismo, prepotencia e propaganda.

Unha vez máis, volveu repetir a mesma posta en escena dos últimos dez anos: agocha sen rubor as súas responsabilidades, manipula datos á conveniencia, recorre ao vitimismo para tapar a súa incompetencia, mente sobre as consecuencias das súas políticas; e todo para non enfrontarse a dez anos de goberno insubstancial, a dez anos nos que as siglas «PP» significaron «publicidade e propaganda».



O seu discurso non é máis ca un pano de fume para non render contas da súa xestión: dez anos de recortes e desigualdades, austeridade, falta de iniciativa política e desbaldo do noso auto-goberno. Comezou en 2009 ofrecendo un «gobierno 10», e unha década máis tarde o único que conseguiu foi converter Galiza na «zona cero» dun fracasado experimento neoliberal e do autogoberno máis débil, co desmantelamento de sectores produtivos fundamentais, o espolio dos recursos ambientais, o devalo demográfico e abandono das comarcas rurais, a prostración e indefensión da lingua e cultura galegas, unha mordaza informativa, menos democracia e ningún compromiso real fronte á corrupción e ao uso partidario das institucións. (*Aplausos.*)

O negro ocupa a actualidade. Faino porque é a cor contra a violencia machista, contra as mortes que coñeciamos en Valga, esa violencia machista escura que precisa de políticas públicas debida e correctamente orzadas para se solventar — «negro caravel maldito», como dixo a nosa poeta nacional, Rosalía de Castro—. Precísase vontade, precísanse recursos, pero tamén se precisan posicionamentos políticos claros e nidios. E o que non axuda é pactar con aqueles que negan a violencia machista, que insultan as mulleres, que insultan as vítimas. (*Aplausos.*) E vostedes pactan con eles cada vez que o precisan, cada vez que teñen ocasión, señor Feijóo. (*Murmurios.*)

Negros tamén son os venres nos que por dignidade os profesionais da televisión pública denuncian as prácticas de manipulación informativa na CRTVG. Dende o Grupo Común da Esquerda queremos hoxe, no Parlamento de Galicia, darlles un recoñecemento público aos profesionais que loitan e dan a cara por uns medios públicos dignos, independentes da cobiza partidista e lonxe da manipulación que vostedes aplican no seu propio beneficio.

A última incorporación á Radio Galega para dotala de prestixio é a ex-valedora do pobo, esa que enchufou á sobriña de Manuel Fraga. Como ben detalla unha sentenza, é o *modus operandi* de quen leva a corrupción no seu ADN político. Con moito «decoro» vostedes, unha vez máis, sinalan que aquí hai clases, que os seus non asumen responsabilidades senón que son recoñecidos, con proxeccións no Obradoiro ou con tertulias nun medio público. A que enchufa os seus nunha institución que en teoría debería estar para amparar a cidadanía é para vostedes un exemplo de prestixio. O mesmo prestixio debe de ser o que teñen vostedes entre os que loitan contra a corrupción.

Propaganda fronte a realidade, mentiras que enchen telexornais, os cartos de todos ao servizo do seu partido... Porque todo é publicidade e propaganda. ¡Coidado!, con éxitos notables. Dende logo, cando vostede sexa desaloxado da Xunta de Galicia, a súa xente de comunicación non terá problemas en atopar traballo. Traballar tan a fondo para tratar de que a xente esqueza a foto co seu amigo Marcial Dorado ou con Santiago Abascal na praza de Colón ten moito mérito.

A manipulación mediática é a peza central do seu goberno. Con ela trata de ocultar os fiascos das súas políticas, a corrupción intrínseca do seu partido, os problemas reais da xente e as medidas que favorecen os poderosos. E a persoa que defenda a dignidade da súa profesión nos medios públicos galegos será sinalado, será represaliado.

O negro tamén é a cor de loita e de denuncia para os profesionais da sanidade pública; profesionais que levan anos mobilizándose en contra dos recortes, para evitar que o negocio



privado estea por riba da vida e da morte. A loita destes profesionais evidencia que un servizo público dificilmente pode ser ao mesmo tempo un negocio. E lembrámonos dos doentes da hepatitis C, e lembrámonos da morte no PAC da Estrada. O noso recoñecemento tamén para os PAC en pé de guerra, para as enfermeiras en loita, para as celadores e celadores.

Tamén estamos cos colectivos cidadáns e cos activistas que defenden o noso patrimonio natural en contra das agresións medioambientais que padecemos, que vostedes toleran e coas que son coniventes; cos cidadáns que se organizan contra a depredación do noso territorio e dos nosos recursos; cidadáns e cidadás que ven como se antepoñen os intereses corsarios dunhas poucas multinacionais ás súas vidas, aos seus fogares, aos seus ambientes naturais, cheos de riqueza.

Grazas a colectivos como Salvemos o Iribio, á xente que está contra a mina de Touro, á xente de Lousame, que pelexa contra a corrupción mineira do seu goberno. Grazas a quen defenderon a Cova Eirós do seu desleixo, á xente de Cabana de Bergantiños, de Coristanco, de Santa Comba, que se unen para evitar as agresións de empresas que se amparan en gobernos como o seu para espoliar o país.

Grazas, por certo, á xente de Tameiga, en Mos, que lle planta cara —estánlle plantado cara estes días— ao pelotazo urbanístico que o seu partido pretende perpetrar no seu concello e defenden o monte comunal como fonte de futuro. O que están facendo vostedes en Mos é volver a aqueles tempos da impunidade, da corrupción e da especulación.

Grazas tamén á plataforma Auga Limpa Xa, que defende un futuro saudable e en equilibrio na comarca da Limia.

Existen, en definitiva, tantos conflitos en Galicia como intentos de vender a prezo de saldo o noso territorio. Este pequeno lugar do mundo que se chama Galicia é espazo de conflitos protagonizados pola xente do común que ten que enfrontar xigantes: David contra Goliath, o común cidadán contra os depredadores. E cos depredadores, os gobernos que deberan estar coa xente do común e que fan as leis á medida das multinacionais para agravar aínda máis, por riba, esa diferenza. (*Aplausos.*)

A nosa solidariedade cos traballadores e traballadoras de empresas que loitan por un traballo digno en todos eses conflitos laborais con ameazas de peche que proliferan estes días ante a súa inacción na política económica e industrial.

O meu recoñecemento tamén ás entidades que defenden o noso patrimonio ao longo de todo o país. O noso recoñecemento ás plataformas que defenden o dereito á vivenda fronte ás súas políticas a prol de bancos e fondos voitre.

Grazas ás miles de mulleres que saen á rúa a dicir alto e claro «non á violencia machista» e que fan avanzar o país cara á igualdade real.

Grazas tamén á xente que mantén viva a lingua a pesar dun goberno que a ataca, que utiliza as institucións propias para atacar a lingua propia. Grazas á xente da cultura que sofre as súas políticas.



Todos estes colectivos, e moitos máis, forman esa Galicia activa e consciente, que é resposta sintomática, pero que tamén leva dentro dela as alternativas ás súas políticas.

Por iso aquí nós, no Parlamento de Galicia, tomamos partido. Facémolo nesta Cámara, aldraxada cada vez que se utiliza para atacar o interese xeral do benestar da nosa xente e para frear o avance do autogoberno. Facémolo contra as políticas neoliberais que vostedes levan a cabo como recadeiros de poderes que non se presentan ás eleccións.

Vostede fala da situación do Estado, situación na que o Partido Popular tamén é responsable, por certo, cando lle convén, e cando o Partido Popular non ocupa o Goberno.

Nos sete anos que Mariano Rajoy ocupou o Goberno foi vostede un obediente militante do Partido Popular que non dixo nin mu ás sucesivas aldraxes e agravios que o Partido Popular cometeu con Galicia.

Dende que Mariano Rajoy foi desaloxado da Moncloa vostede intenta queixarse da relación do Estado con Galicia. Pero, señor Feijoo, ¿cantas competencias autonómicas foron transferidas a Galicia dende que vostede é presidente?

Quéixase da débeda dos 700 millóns de euros que ten o Estado con Galicia, pero ¿que fixo vostede en dez anos para mudar un sistema de financiamento que mingua a nosa soberanía? Agora agardo que vostedes entendan que ser os donos dos nosos cartos é algo fundamental para realizar políticas públicas. Nin rastro tampouco neses dez anos —sete anos co señor Rajoy— dun novo sistema de financiamento local que non sexa discriminatorio para os concellos galegos.

Vostede, señor Feijóo, exerceu antes de militante do Partido Popular que de presidente de Galicia. Sempre que estivo o PP no Goberno en Madrid foi dócil, e agora que non está cobre con Galicia as miserias da súa nefasta xestión. Sexa máis respectuoso con este país. Véselle o plumeiro partidista.

Vostede calou cando o seu partido bloqueou antidemocraticamente a lei aprobada unánimemente neste Parlamento galego para a transferencia da AP-9, igual que vostede calara na privatización da principal infraestrutura viaria deste país cando vostede era conselleiro de Política Territorial. Privatización vergonzosa, a prezo de amigo, para lucrar os amigos do consello de administración. (*Aplausos.*)

Agora fala de Pedro Sánchez para non falar, por exemplo, da súa política de vivenda. Vostede tivo o Goberno nos últimos dez anos, o señor Rajoy estivo sete anos no Goberno. Moitos cidadáns, miles, foron expulsados das súas vivendas. Vostedes fixeron políticas obedecendo as instrucións dos especuladores, dos bancos, dos fondos voitre. Compraron con miles de millóns de diñeiro público os chamados activos tóxicos dos bancos e crearon o chamado «banco malo» para quedar coas vivendas que eles non querían. E vostedes aplicaron unha política criminal ao non poñer á disposición da xente que o necesitaba esas vivendas, porque os bancos así o decidiron para que non lles baixasen os prezos e non afectasen os seus balances.



Vostede, coma sempre, cando se tratou de aplicar a ortodoxia neoliberal e, sobre todo, de quedar ben cos poderosos, foi especialmente cumpridor. Freou a construción de vivenda pública e de protección autonómica, situando a Galiza no furgón de cola do Estado. Cando vostede chegou, construíanse 1.900 vivendas de protección autonómica; nos últimos tres anos, unha media de 5 vivendas por ano.

Os orzamentos rebaixáronse un 68 %, e as execucións foron ridículas, pero hoxe en día o drama continúa, porque nos datos de desafiuzamento escóndense dramas familiares, señor Feijóo; dores individuais que deben saír da intimidade dos fogares e deben converterse en indignación cidadá e en activación política contra quen aplica estas políticas.

Pensemos neses mozos e mozas que non poden iniciar un proxecto de vida porque non chegan a final de mes ou porque non poden pagar un alugueiro. Vostedes, defensores da familia, ¿que políticas teñen deseñado ao respecto? ¿Pensa vostede que os prezos das vivendas e os salarios de miseria non teñen que ver con esa crise demográfica, coa emigración, señor Feijóo? (*Aplausos.*)

No país das 300.000 vivendas baleiras, vostede, o campión da xestión, puxo á disposición da xente que o precisa 20 vivendas en tres anos, co seu programa estrela, o Programa de vivendas baleiras. escoiten ben: 20 vivendas en tres anos. (*Aplausos.*) O campión da xestión, o señor Feijóo, co seu programa estrela, no que debeu gastar máis en publicidade que en executalo, adxudicou no ano 2018, para mobilizar vivenda baleira, dúas axudas. É unha auténtica vergoña, un insulto á intelixencia dos galegos e das galegas.

As súas políticas —si— esnaquizan vidas. As súas políticas condenan a mocidade á precariedade. E por iso lles interesa desviar a atención, porque non lles interesa falar das súas responsabilidades, por exemplo, na liquidación do sistema financeiro galego e na destrución do tecido económico e industrial galego.

Prometeu unha caixa galega e temos un banco privado, venezolano, vendido a prezo de ganga. Por iso lle pregunto, señor Feijóo: ¿ten algo que ocultar? Pois, se non ten nada que ocultar, señor Feijóo, retire o bloqueo para activar a Comisión de Investigación das Caixas, que leva cinco anos paralizado pola súa vontade. Deixe de esconder información aos galegos e ás galegas. ¿Ten medo, acaso, a que coñezamos a verdade?

E iso ten consecuencias, esa liquidación. A economía produtiva sufriu en carne propia a liquidación do noso sistema financeiro e a falla de política industrial do seu goberno. Así, non son de estrañar os 22.000 empregos industriais perdidos entre 2009 e 2019. Un de cada cinco empregos industriais destruídos. Estamos á cabeza do Estado tamén na destrución de emprego industrial. E moitas familias galegas están detrás deses despedimentos. Ocultación e mentira coa liquidación do sistema financeiro.

A súa fusión era —disque— avalada por unha —disque— auditoría, que nin avalaba nin era auditoría. En cambio, si que cos beneficios do primeiro ano Abanca xa recuperou o prezo que pagou pola compra de Nova Caixa Galicia. E non falamos de calquera cousa, falamos do 40 % do aforro de galegas e galegos, que pasou a un banco venezolano. A ver que conexións



venezolanas preocupan aquí máis neste país, señor Feijóo. (*Aplausos.*) Abanca, unha vez privatizada, apostou polo desinvestimento de activos financeiros.

Un exemplo só, R, e para que vexa como inflúe no emprego e na economía do país carecer dun sistema financeiro propio. Abanca obtivo 200 millóns de euros de plusvalías pola venda das súas participacións en R. Agora os traballadores das auxiliares de R están ameazados pola deslocalización, por perder o seu emprego, por decisións de empresas con centros de operacións fóra de Galiza, como Euskaltel. ¿Verdade que sería diferente se esas participacións fosen propiedade dunha banca pública ou dunha entidade social de crédito galega?

E así moitos máis casos ata sumar entre 2014 e 2015 desinvestimentos por valor de 7.000 millóns de euros, que foi o que fixo facer caixa coa súa privatización a prezo de ganga. Por certo, privatización na que Galiza non puido dicir nin mu tampouco. Por suposto, vostede aquí tampouco tivo ningunha responsabilidade, ¿verdade? Prometeu unha fusión para ter unha caixa galega. Temos un banco privado venezolano, e vostede non ten responsabilidade. Pois, entón, se non ten responsabilidade, deixe de bloquear a Comisión de Investigación das Caixas.

Por certo, un exemplo máis deste saqueo constante, é que ese banco saneado con 9.000 millóns de euros de diñeiro público, comprado por 1.003 millóns de euros, vendeu a súa participación en Itínere no 2018 —propietario da AP9— por 310 millóns. Saqueo e máis saqueo, legalizado por vostedes, os ladróns de luva branca que actúan, iso si, con total decoro. ¡Faltaría máis!

Falamos de propaganda e non de política porque as súas medidas estrela non pasaron de titulares. ¿Que hai da súa gran proposta en materia de ordenación administrativa para Galicia? Nesta mesma Cámara sacou un coello da chisteira dicindo que a fusión de concellos proporcionaría un novo modelo administrativo para o noso país, cando propuxo esa fusión de Oza-Cesuras.

Despois de sete anos, ¿que temos? Dúas fusións, ningunha área metropolitana funcionando, nada de comarcalización. E o modelo de organización administrativa dun país é a base sobre a que se cimenta o desenvolvemento económico endógeno, uns servizos públicos de calidade en calquera lugar do país e a capacidade de planificación de políticas públicas.

Tampouco foi quen de ordenar o territorio para aproveitar os recursos que temos como país. Nun país cunha balanza alimentaria negativa duns 900 millóns de euros anuais, onde o sector gandeiro importa diariamente millóns en alimento, a superficie agraria útil, é dicir, a terra para traballar, para cultivar, non deixa de descender. A supervivencia dun sector que é estratéxico para o rural, como é o sector gandeiro, depende da redución da dependencia deste sector, da importación de insumos. E vostede está acabando co principal recurso para obter ese modelo. Segundo os últimos datos oficiais da Enquisa de Explotacións Agrarias de Galicia, perdeu este país en tres anos 34.000 hectáreas desta superficie agraria útil, dezaseis veces máis que na media do Estado.

Pero xa que estamos empachados das promesas que pola mañá volveu facer o señor Feijóo —moitas delas xa moi repetidas—, lembremos aquela promesa do inicio desta lexislatura,



na que dixó que ía rematar os 128 procesos de concentración parcelaria activos naquel momento. A estas alturas, señor Feijóo, xa podemos dicir que é unha promesa máis que vai incumprir vostede. ¿Mentiulles vostede aos galegos ou é un problema de incompetencia?

Pois ben, así como en 2015, a solución máxica ía ser unha lei, a Metaga, que, segundo vostede, ía ser o instrumento definitivo de mobilización das terras agrarias, agora, ante estes datos, vostede anuncia unha nova lei. Despois de dez anos de goberno, cremos que xa non estamos aquí para escoitar promesas, senón para ver feitos.

En 2017 pasou o que moitos viñan advertindo, e o lume causou pánico no noso país: queimáronse miles de hectáreas e morreron catro persoas.

Vostedes nunca fixeron caso —soberbios e adicados a defender o modelo que lle conviña a Ence— aos avisos de que os lumes estaban a mudar e a voltarse moito máis perigosos, e tiñamos o exemplo de Portugal, no Pedrogão.

Despois destes lumes, non asumiron as súas responsabilidades e trataron de desviar a atención coas teorías da conspiración, pero os informes dos expertos déixano claro, sexan en 1990, en 2006 ou en 2019. Din que para rematar cos lumes hai que facer unha emenda á totalidade ás súas políticas forestais e do medio rural, hai que reducir a expansión do eucalipto, hai que diversificar o monte, hai que preservar as terras agrarias e hai que fixar a poboación no medio rural e non expulsala, como fan vostedes. Hai que ter un dispositivo da loita contra os lumes público, profesional e formado, e non facer negocio co lume.

Os expertos din que hai que facer o contrario que fan vostedes, pero non é casualidade, nin é incompetencia, vostedes defenden determinados intereses. *(Aplausos.)*

Para rematar coa atomización do monte e conquistar a xestión conxunta, prometeu unha solución, despois de rematar coa proposta do Goberno bipartito. Prometeu as Sociedades de Fomento Forestal. E dez anos despois, con este mecanismo, con esa solución milagrosa prometida polo señor Feijóo, conseguiu reunir en todo o país, no país das 1.600.00 hectáreas de superficie forestal, 4.500 hectáreas, o 0,2 % da superficie forestal de Galicia. Un fracaso que sumar á longa lista.

O seu traballo a prol dos intereses dos grandes poderes económicos é incansable, é a guía do seu goberno. O caso do sector eólico é esclarecedor. Onde podería haber un recurso para xerar riqueza para a xente do rural e axudar a fixar poboación, vostedes fan leis á medida para que os beneficios do vento voen lonxe da nosa xente e cerca duns poucos privilexiados, e pasan por riba dos dereitos da xente. Aplican a declaración de utilidade pública e a conseguinte expropiación forzosa como mecanismo de extorsión para que acepten as condicións que lles impón Endesa, Iberdrola, Gas Natural, os fondos voitre, os fondos de Arabia Saudí, etc., etc., que son os que, ao final, levan o negocio do vento. Chámanlle utilidade pública a un enorme negocio privatizado. ¡É infame! Con vostedes amparándoos, os conglomerados de capital estranxeiro fanse co territorio para explotar o vento, aínda que sexa a custa da destrución da paisaxe, do patrimonio ou da vida diaria das persoas. Incluso agora mesmo están a ser responsables da implantación dun parque eólico en plena Rede Natura, na serra do Iribio, nunha



tramitación estilo Partido Popular, chea das peores prácticas do seu partido. ¡Puro chanchullo e corrupción! Se eu tivese tempo ilimitado, contáballe a tramitación administrativa, que vos-
tede seguro que coñece, porque é xente moi cercana ao Partido Popular. *(Aplausos.)*

Claro que había outras alternativas para o desenvolvemento enerxético, democráticas, en mans da xente, con participación pública, con respecto ao país, pero escolleron a depredación, e así, nun país onde sufrimos o espolio dos ríos, o espolio do lignito, agora vostedes permiten o espolio do vento.

Unha década perdida. Este é o balance sintético da economía, do emprego, do benestar social, das contas públicas, da estrutura industrial, do sistema financeiro. O seu goberno foi unha década perdida; perdida para o emprego, no que temos 54.000 postos de traballo menos, 54.000 ocupados menos. Destes postos de traballo, 22.000 foron na industria; de feito, 1 de cada 3 postos de traballo perdidos no sector industrial do Estado español corresponden a Galicia. Temos o 6 % do emprego industrial do Estado e perdemos o 34 % do emprego industrial de todo o Estado, e por iso as mobilizacións dos traballadores da industria, que están en perigo e se multiplican: Alcoa, Isowat, Poligal... Suma e segue, e vostedes sen solucións.

E, por último, das 17 comunidades autónomas que conforman o Estado español, só 5 destruíron emprego nos últimos dez anos, e Galicia ten o triste privilexio de encabezar esa lista negra, por diante de Asturias e Castela e León.

Falaba de captación de capital, de facer atractiva Galicia para o capital. Ben, vostedes aprobaron a Lei de fomento de iniciativas empresariais, máis coñecida como «Lei de depredación», coa escusa de facer máis atractiva Galicia para o investimento estranxeiro. Nós xa dixemos que non, que era unha escusa para modificar a Lei do sector eólico á medida das eléctricas, a Lei da minería, para desprotexer o medio ambiente, e a Lei de montes, para engraxar o modelo Ence.

E aí están os resultados. En 2018 Galicia captou 65,4 millóns de euros de investimento estranxeiro directo, apenas 5 millóns de euros ao mes. Esta cifra tan baixa supón que Galicia só foi capaz de captar o 0,1 % do investimento estranxeiro no Estado español.

E fala vostede de ser referente en innovación. Hoxe en día Galicia aínda non recuperou o gasto en innovación que tiña cando vostede chegou ao Goberno. E falar do retorno dos investigadores creo que case é unha falla de respecto para eles, despois de todos estes anos nos que vostedes os expulsaron. *(Aplausos.)*

Os campións da austeridade, os que antes empezaron a recortar e os que o fixeron con maior dureza tiveron como resultado unha grave deterioración na calidade dos servizos públicos e unha maior desaceleración da economía e do emprego. A distribución dos recortes do gasto demostra esa vontade de privatización dos grandes servizos públicos: redúcese o gasto sanitario e educativo mentres que aumenta a presenza do sector privado nesas áreas, que é o obxectivo final.

Os recortes máis duros producíronse en áreas como a vivenda ou o emprego. Xusto nos anos nos que a xente perdía o seu emprego e perdía a súa vivenda, o seu goberno recortou en vi-



venda o 68 % do orzamento e o 58 % na política de emprego. A única partida que medrou de forma significativa foi o pago do servizo da débeda. Cando vostede chegou, dedicábanse 4 euros de cada 100 do orzamento da Xunta de Galicia, e agora dedícanse 20. E as políticas de austeridade teñen consecuencia, teñen a consecuencia, por exemplo, de que Galicia medrou menos nestes dez anos que na media do Estado.

¿É vostede o mandado, o garda da finca das multinacionais? Na vivenda, vostede traballa para os bancos; no enerxético, para o oligopolio eléctrico; na sanidade, cos que fan negocio dun recurso, dun servizo público imprescindible para a saúde das persoas.

Son vostedes os que cambiaron a Lei de costas á medida dos intereses de Ence, para garantirlle setenta anos máis a unha empresa que condiciona non só a vida na ría de Pontevedra, senón o modelo forestal de todo o país. Vostede non dixo nada cando se cambio no 2013 a Lei de costas, e deixou este país sen a última palabra para decidir a permanencia ou non de Ence na ría. E algo terán que ver os nomes que hai no consello de administración, como Isabel Tocino, Carlos del Álamo ou Pascual Fernández, insignes representantes do Partido Popular, que fai esa economía circular, non a medioambiental, senón a de que os cartos dan volta unha e outra vez do público para o privado e do privado para o público. (*Aplausos.*) Porque, ao final, por diante de Galicia, están os negocios, o capitalismo de amiguetes, que vai da política aos consellos de administración, repletos de amigos e de favores ben pagados. Por iso a AP-9 segue a ter prezos abusivos para os usuarios, por iso Audasa segue a incrementar escandalosamente os seus beneficios disparatados, froito da privatización desta infraestrutura por parte do Goberno Aznar, cando vostede era conselleiro. Privatización a prezo de amigo. Negocios lucrativos imposibles sen contar coa man cómplice que escribe o DOG. Isto demostra unha lista que pasa por Ence, pola AP-9, pasa pola privatización do vento, pola saúde, etc., etc.

Vostedes escollen, e escollen apostar polo poder e escollen apostar pola agresión das maiorías sociais. Entre un sector eólico en mans da xente, vostedes escollen o beneficio das eléctricas; entre facerlles cumprir a lei ás mineiras amigas e pagar a restauración dos espazos explotados, vostedes escollen socializar as perdas e privatizar os beneficios. En vez de defender o dereito á vivenda, vostedes defenden os especuladores. Con vostedes este país empequeneceuse a todos os niveis, tamén no que se refire á poboación. E un dos factores que inflúe é a emigración da mocidade. Dificilmente se poderá inverter esta tendencia se a xente moza ten que buscar fóra as oportunidades que vostedes aquí lle negan.

E xa non falemos de cifras, falemos de que todos no noso contorno coñecemos o que está pasando coa mocidade neste país...

O señor PRESIDENTE: Vai rematando, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: O que vostedes lle ofrecen á xente moza neste país é precariedade, inestabilidade, falla de expectativas, vivenda inasequible, e por iso sufrimos esta sangría.

Precisamos un goberno que traballe polo interese xeral e non que practique a corrupción, que consiste en traballar para os intereses dos poderosos e traizoar a maioría. Precisamos



un goberno que sexa capaz de levar a cabo os grandes retos que xa hai demasiado tempo que temos pendentes; un goberno que coa cidadanía, con esa Galicia que se move, estableza as bases dun futuro, que debe pasar por unha maior democracia e que pense no ben común e non na privatización de recursos e na precarización das nosas vidas. Un futuro que pasa por unha Galicia soberana e plena, que dende o minuto cero aposte por reforzar o seu autogoberno, porque confiamos neste país e na súa xente. Debemos coidar a nosa mocidade e fornecela das condicións necesarias para que poida vivir aquí. Todo iso, en definitiva, para o que vostedes non foron quen, ou non quixeron facer, e para o que foron un obstáculo.

Temos que activar a toda a Galicia que se move na defensa dos seus dereitos. Hai unha Galicia cansa das súas falsas promesas, unha Galicia emigrante que ten que marchar a outros países, porque aquí vostedes non a deixan vivir.

Hai unha Galicia que soubo resistir, que soubo avanzar, que non se resignou, que se organizou nas rúas, dende os movementos, para criticar as políticas de austeridade. Como Penélope, conta coa paciencia necesaria para saber que os cambios tardan, pero ao mesmo tempo sabe que antes ou despois o seu final chegará.

Señor presidente da Xunta de Galicia, con nós está a lembranza de Castelao, con nós está a memoria antifranquista, memoria afanada, desposuída por anos de loita. Pida perdón nesta Cámara por terse manifestado coa ultradereita en Colón ou deixe de outorgar medallas no nome do dirixente principal daquel Partido Galeguista que no 1936 foi coa Fronte Popular, unha fronte antifascista...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor Feijóo, o inicio da fin do seu mandato chegou, da fin dunhas políticas que deixan a Galicia nunha situación de prostración coa que os galegos e galegas, mediante o seu voto, deben rematar. Non podemos aceptar que os que causaron a crise saian reforzados e os que a sufriron saian con menos dereitos. A Galicia do progreso, do mundo do traballo, do sindicalismo, das letras, das artes, dos movementos sociais sabe que vostede e o Partido Popular son un problema ao que lle temos que buscar unha solución democrática. Unha maioría desta Cámara está a favor do cambio político, da igualdade e do impulso do noso autogoberno, en favor da defensa dos nosos bens comúns e ao servizo da maioría dos galegos e das galegas.

Un paso adiante, Galicia; un paso adiante en dereitos, en liberdades, e un paso adiante a prol das maiorías.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Rematou o seu tempo.

Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Caballero Míguez.



O señor CABALLERO MÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señor presidente da Xunta, señorías, autoridades e convidados hoxe presentes nesta Cámara, galegas e galegos que nos seguen dende as súas casas.

Galicia é a nosa causa, a Galicia dunha cidadanía con historia, lingua e cultura propias, compatibles cunha historia e un proxecto común dentro de España e dentro da Unión Europea.

Como dicía Ramón Piñeiro, «nós somos galegos antes e por embaixo de tódalas ideas filosóficas, políticas, relixiosas ou escépticas que nos poidan diferenciar. Ese é o galeguismo espontáneo que alenta en tódolos corazóns galegos, mais hai tamén, como en tódalas cousas, un galeguismo reflexivo e consciente».

O debate sobre o estado da Autonomía debe ser tamén un exercicio de reflexión sobre o país e de consciencia sobre a súa situación, sobre a nosa evolución demográfica, económica e social e sobre as causas políticas que a motivan. Este é o último debate do estado da Autonomía desta década, o último debate sobre o estado da Autonomía desta lexislatura, e teño que dicirle, señor presidente, señor Feijóo, con todo o respecto, que a súa intervención desta mañá só certifica que o seu proxecto está esgotado, (*Aplausos.*) que non ten iniciativa nin proxecto para o que queda de lexislatura. (*Aplausos.*) Co seu discurso, señor Feijóo, vostede reconece que o seu tempo político á fronte de Galicia rematou, que non ten a capacidade para dar a Galicia o futuro que necesita, que non ten nin as ganas nin o compromiso necesarios para atender os retos dunha nova década.

Señor Feijóo, ao longo desta mañá fixo vostede un discurso político que carece de orientación estratéxica, de iniciativa e de rumbo para o noso país. É un discurso de despedida, sen propostas para solucionar os problemas reais da cidadanía e cheo de parches de menor calado, co que tenta evitar unha realidade que lle incomoda. Con vostede non hai proxecto de futuro para Galicia, e centrou boa parte da súa intervención en confrontar co Goberno socialista e con Pedro Sánchez. Hoxe veu vostede facer un discurso de campaña electoral, iniciar a campaña electoral das xerais e das autonómicas; pero, como dicía o clásico, «non hai vento favorable para quen non sabe a onde vai».

É o momento da reflexión. Señor Feijóo, leva á fronte da Xunta máis de dez anos e o balance do seu goberno é fundamente negativo. Galicia vai a menos, Galicia foi a peor, déixanos unha Galicia máis cativa, con menos pulo, con menos vitalidade e con menos posibilidades de futuro. (*Murmurios.*)

Os datos falan por si mesmos, señor Feijóo: ao longo destes dez anos o seu goberno máis que triplicou a débeda pública, situándoa por riba do 18 % do PIB; hoxe hai menos galegos e galegas traballando que hai dez anos; subiu o paro de longa duración; hai máis fogares con todos os membros en paro; hai fondos problemas de desigualdade, pobreza e riscos de exclusión; hai menos persoas que viven do mar e menos buques pesqueiros; caeron as explotacións agrarias e hai menos superficie agraria utilizada; abandonou o medio rural; perdemos peso industrial; recortou os fondos en educación e na sanidade en atención primaria; eliminou as políticas de vivenda pública; e incumpriu os seus propios compromisos en in-



fraestruturas. Dá igual que falemos da chegada do AVE a Lugo, que prometeu xa en 2009, da vía de alta capacidade da costa norte ou do propio Plan Move. Un ano máis, volve prometer o que xa prometeu en tantos anos anteriores. Xa non é crible, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

É certo que ao longo desta década atravesamos unha crise económica de fonda gravidade, pero tamén é certo que a economía española experimentou as taxas de crecemento máis altas da Europa occidental e que houbo marxe para facer boa política. Tivo un poder absoluto, con folgadas maiorías absolutas, nestes dez anos, pero utilizounas como un rodillo para aplicar a política de recortes sen orientación estratéxica. *(Murmurios.)*

Vostede, señor Feijóo, xestionou máis de 100.000 millóns de euros das arcas da Xunta de Galicia ao longo destes dez anos. Se actualizáramos esas cifras, achegariámonos máis aos 200.000 millóns de euros. Con tan inxente cantidade de cartos é evidente que moitas cousas se fixeron, pero xustamente porque vostedes tiveron esa capacidade de gasto e os resultados non foron favorables é polo que se evidencia o fracaso do seu goberno.

Ao Partido Popular gústalle salientar a importancia do emprego como política social, e é certo que a capacidade de xerar emprego é unha cuestión fundamental para calquera sociedade. Pois ben, dez anos despois da súa chegada á Xunta de Galicia, hoxe en Galicia hai menos traballo que hai dez anos: pasamos de 1.152.000 traballadores ocupados a 1.098.000, señor Feijóo. ¿Por que en Galicia hai 54.000 ocupados menos que hai dez anos mentres en España hai 650.000 máis no mesmo período de tempo? *(Aplausos.) (Murmurios.)* ¿Por que en España hai máis emprego e en Galicia, despois da súa década, hai menos traballo? *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Se utilizamos o indicador de número de horas traballadas, veremos que a caída en Galicia aínda faría máis evidente o problema do emprego. E se temos en conta que a calidade do emprego é peor e que os salarios teñen menos peso no PIB en termos relativos, concluimos un balance caracterizado por menos emprego, máis precariedade e menor masa salarial relativa.

Cando o emprego frouxear, a demografía non pula; non é a única causa pero é importante. Un país con menos oportunidades é un país que expulsa a xente nova e perde posibilidades na revitalización demográfica. A evolución demográfica de Galicia vai cada vez peor. Cada ano nacen menos nenos, e en Galicia temos o peor balance vexetativo, en termos absolutos, de toda España, de todas as comunidades: por cada galego que nace, morren dous; nacen 16.000 e morren 32.000. Galicia convértese nun caso excepcional polo seu contido negativo en Europa e no mundo. Xa somos menos de 2.700.000 de galegos e galegas. Menos xente, menos Galicia.

Hai dous meses, vostede citaba nun deses discursos que lle preparan a obra de Daron Acemoglu e James Robinson, *(Risos.) Why nations fail?, ¿Por que fracasan as nacións?* *(Murmurios.)* Durante máis de vinte anos estudei o papel das institucións na economía. *(Murmurios.)* Hoxe hai un consenso xeneralizado que conclúe que as institucións son o elemento crucial para o crecemento económico e o desenvolvemento e que os gobernos e as políticas constitúen un determinante fundamental no marco institucional dunha sociedade. Isto tradúcese, señor Feijóo, en que as políticas feitas para Galicia son claves para o éxito ou o fracaso do noso país. E cando o balance é negativo, hai que asumir as responsabilidades políticas pertinentes.



A evolución do sector industrial é un exemplo claro deste fracaso. Os últimos trimestres da evolución macroeconómica galega apuntan a unha ralentización do crecemento. Os investimentos exteriores en Galicia son frouxos e existen certas alertas nas nosas exportacións. Pero son os datos do sector industrial o que máis preocupa. O sector industrial galego está en torno ao 16 % do PIB, froito dun devalo industrial fundamente preocupante na estrutura económica galega. Vostede, señor Feijóo, non fixo política industrial e os resultados son os que son. Na década negra en que vostede rexeu a industria galega, a lista de empresas en crise que caeron, ou incluso desapareceron, inclúe Caramelo, Alfageme, Pórtico, Pescanova, Banco Pastor, Banco Popular, Caixa Galicia, Caixanova e milleiros de pemes. Hai múltiples causas. Non fago un discurso simplista, pero vostede é o presidente.

Nos últimos trimestres evidénciase a caída industrial de Galicia, con taxas negativas na evolución do valor engadido bruto do sector industrial. E a serie do IPI recolle unha contracción sostida da actividade industrial en Galicia durante os últimos seis meses. As políticas tecnolóxicas e de nova axenda industrial aplicadas polo seu goberno foron tan insuficientes como o traballo da súa consellería. A maiores, o comportamento do sector exterior en Galicia no primeiro semestre de 2019 foi negativo, sendo a comunidade autónoma cuxas exportacións máis retrocederon respecto do mesmo período do ano anterior. É unha alerta.

O seu fracaso económico vai acompañado, ademais, de fracasos en política social que fan a sociedade menos inclusiva e máis desigual. Segundo os baremos da Organización Mundial da Saúde, en Galicia faltan 14.000 prazas en residencias para maiores. Este é o balance da súa década de goberno nun país cada vez máis avellentado, con xente máis maior. Tivo que aparecer a Fundación Ortega para paliar o seu incumprimento coa construción de 7 residencias para maiores nas cidades galegas.

Señor Feijóo, Galicia merece un presidente que lle diga a verdade. Hoxe vostede mentiu nesta Cámara ao presentar un relato falaz e interesado. Recoñecín, valorei e agradecín publicamente a decisión da Fundación Ortega, pero concluín o suspenso das políticas do seu goberno. Aí están as gravacións da miña intervención ante todos os medios de comunicación. *(Aplausos.)* Descúlpese polas súas insinuacións e rectifique. *(Aplausos.)* Deixe de basear, señor Feijóo, os seus discursos nos tuits do seu secretario xeral. Fágalle menos caso ao señor Tello e ao señor Rueda e escoite máis o señor Puy. *(Risos.) (Murmurios.) (Aplausos.)* E de paso, señor Feijóo..., *(Murmurios.) (Aplausos.)* cando o informen das tarefas nesta Cámara, que lle indiquen tamén que, fronte ao que vostede dixo, o Grupo Parlamentario Socialista si presentou consideracións ao Plan para o Xacobeo 2021 que vostede ten. Témoloo aí co rexistro de entrada.

A educación é unha prioridade para os socialistas galegos como xeradora de igualdade e de oportunidades para o futuro. Nembargantes, vostede recortou en 180 millóns de euros o gasto anual en educación, reduciu en case 1.500 o número de profesores non universitarios, eliminou a gratuidade dos libros de texto e empeorou as condicións laborais dos docentes. Tamén as universidades sufriron os seus recortes, e vemos como hai un cadro docente cada vez máis maior, cunha fenda que non incorpora docentes desde os 20 ou os 30 anos para poder aplicar e contribuír cos seus coñecementos e liñas de investigación máis vangardistas. A universidade envellece, e cando a universidade non se renova acaba tamén morrendo.



Outro dos seus incumprimentos afecta a educación dos nenos de 0 a 3 anos. Ao inicio desta lexislatura vostede prometeu lista de espera cero nas escolas infantís da Xunta, pero tres anos despois centos de nenos non acadan praza e milleiros nin tan sequera teñen unha escola próxima á que solicitar. Vostede hoxe anuncia unha rectificación parcial das súas políticas, e fai ben en rectificar, pero o problema da escolarización infantil segue sendo unha asignatura pendente.

A falla de escolas infantís e de prazas en residencias para maiores implica un escenario perverso. Cando as políticas sociais suspenden, as familias e, especialmente, as mulleres, vense na obriga de centrar a súa actividade no coidado de nenos e no coidado de maiores. Isto está moi ben cando é unha decisión libremente elixida, pero cando o público non dá resposta supón unha limitación á liberdade e ás posibilidades laborais das mulleres. Imposibilitase a conciliación e penalízase o seu desenvolvemento persoal e profesional. ¿É ese o papel que teñen reservado para as mulleres en Galicia?

Temos que desenvolver en Galicia o cuarto pilar do Estado do benestar, o da axuda á dependencia, que implica a dignidade dos nosos maiores e das persoas con diversidade. E teña en conta, ademais, señor Feijóo, que o gasto social é, por unha banda, un dinamizador do consumo, da demanda agregada e da actividade económica; e, por outra, que se a Xunta libera as capacidades das mulleres para traballar en sectores económicos máis puxantes do país estaremos abrindo máis posibilidades para a Galicia do futuro. Estamos explicándolle, señor Feijóo, por que a política económica é algo máis que a política de recortes e como o Goberno autonómico pode ter un papel dinamizador da actividade económica galega, un círculo virtuoso dende a política social cara á actividade produtiva do país. Esta é unha prioridade, e tamén non baixar os impostos ás grandes fortunas e patrimonios, como vostede fixo.

E se o seu suspenso é notorio en tantos eidos da xestión pública, temos que dicirlle que é palmar no ámbito sanitario. Vostedes investiron 189 millóns de euros menos en atención primaria que no ano 2009, recortaron en persoal e precarizaron as condicións dos profesionais, reduciron o número de camas hospitalarias, eliminaron áreas sanitarias, empeoraron a situación da atención primaria, debilitaron os PAC, reduciron servizos en moitos concellos e ademais afastaron a atención sanitaria. Vostedes meteron a sanidade pública galega na UVI, e só cando milleiros de galegos e galegas saíron á rúa en concellos de todo o país, entón, vostedes tiveron que recoñecer o fracaso. Tivo tamén que falecer un paciente no PAC da Estrada sen asistencia médica para que recoñeceran a gravidade do problema. (*Murmurios.*) En Galicia só hai 448 médicos por cada 100.000 habitantes —o terceiro peor dato de toda España—. Os médicos de primaria superan xornadas con máis de 50 pacientes ao día, e temos a terceira comunidade peor valorada en sanidade polos cidadáns. Vostede hoxe bota balóns fóra.

Toda Galicia sabe que vostede, señor Feijóo, deteriorou como xestor e como gobernante a calidade do sistema sanitario público. Incluso o saben os cadros políticos do PP, que secundan mocións e iniciativas nos concellos contra o desmantelamento e os recortes da súa política sanitaria. (*Aplausos.*)

Señor Feijóo, esta lexislatura foi un tempo perdido para Galicia; unha lexislatura de inacción: vostede centrado nas súas aspiracións persoais de promoción política e a maioría parlamen-



taria controlada polo PP cos deberes sen facer. O Parlamento non legisla, o Parlamento non resolve. O rodillo da dereita aplanou a vida parlamentaria e contribuíu a asfixiar Galicia.

Ao longo desta lexislatura, o número de leis aprobadas por esta Cámara foi o máis baixo da historia da autonomía. Só 18 leis saíron adiante nestes tres anos; récord de inactividade, de pasividade, de posición acomodada dun Partido Popular indolente ante as necesidades e demandas do país.

Se hoxe lles pedimos aos galegos que nos están vendo pola TVG que sinalen tres decisións positivas para eles adoptadas pola Xunta nesta lexislatura, sinto dicirlle, señor Feijóo, que nos atoparíamos co silencio. Non hai resposta porque non hai acción política. Esa é a diferenza entre un goberno que goberna e un goberno que centrou a súa xestión na mera especulación sobre a carreira política do seu líder. Fíxese vostede, señor Feijóo, tras quince meses dun goberno socialista en España, toda a cidadanía pode sinalar un puñado de decisións tomadas por ese goberno que melloran a súa vida. (*Murmurios.*) Sabemos da importancia de subir as pensións a máis de 700.000 pensionistas en Galicia —e lembro a carta que mandaba o seu goberno en Madrid a cada un dos pensionistas nas casas—, sabemos da importancia de subir o salario mínimo interprofesional ata uns 100.000 galegos, de dar máis coberturas aos autónomos, de universalizar de novo a sanidade pública ou de apostar pola igualdade. Aos galegos vains ben cun goberno socialista en España. (*Murmurios.*) (*Protestas.*) Máis dun millón de galegos viron mellorar os seus ingresos directamente con base nas decisións do Goberno socialista.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Gobernar para a cidadanía, señor Feijóo, é o que fai o Goberno en España e iso explica tamén os recentes resultados electorais en Galicia. Non se desconecten da realidade do país que vota. (*Aplausos.*)

Señor Feijóo, pasou esta lexislatura añorando a súa escalada cara a Madrid, (*Murmurios.*) pero os seus plans non lle saíron. Vostede está aquí porque non conseguiu liderar o seu partido en España, está aquí fronte ao seu desexo e a súa vontade, como resultado do único camiño que lle quedou viable. (*Murmurios.*) Pero nótase, señor Feijóo, que vostede non quere gobernar nin está pendente dos problemas de Galicia. Vostede amosa fartura, cansazo, falla de compromiso, e Galicia merece algo máis.

Deixou de gobernar e optou pola confrontación. Confrontou co Goberno de España antes das eleccións xerais, pero os galegos non lle compraron o discurso. E agora volve optar pola confrontación, poñendo á Xunta de Galicia á disposición da estratexia do conflito que lle imponen Casado e Álvarez de Toledo. (*Murmurios.*) Nas últimas semanas vostede xogou a súa última carta na estratexia de confrontación sumándose a un relato do suposto agravio en relación coa actualización das entregas á conta. Despois de que o Partido Popular votase en contra duns orzamentos que aumentaban en 7.000 millóns de euros o financiamento das autonomía, vostede quería esquecerse dese feito e confrontar co Goberno. Dixémoslle máis de dúascentas veces que os socialistas somos a garantía do Estado das autonomía, a garantía do financiamento autonómico, e que ao longo deste ano se entregaría a actualización das en-



tregas pero sempre de acordo coa lei. Non quixo escoitar e entregouse a un relato que tiña un percorrido ben curto. Utilizou esa estratexia de salvavidas electoral sen entender que ese flotador estaba pinchado. Agora, cando o Goberno perfila un mecanismo legal que posibilita a transferencia dos fondos, ¡que curioso!, no seu Twitter o primeiro que escribe é: «¡Qué vergüenza!» . É dicir, que o Goberno resolve o que vostede considera o principal problema para Galicia e vostede segue optando pola confrontación. (*Murmurios.*) ¿É que non se alegran cando se toman medidas positivas para Galicia? ¿É que todo lle parecía ben cando gobernaba Rajoy e todo lle parece tan mal cando goberna Pedro Sánchez? (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Xa o dicía quen foi membro desta Cámara durante varias lexislaturas, o compañeiro Ceferino Díaz: «No fundamental, deixámonos levar, aparentando que se traballa e culpando os outros cando as cousas non saen ben; ou sexa, facendo trampas, porque se en Galicia hai goberno será para algo máis que para materializar o que planifican e financian outras administracións. A autonomía dános marxe competencial e recursos para responsabilizarnos do bo goberno do país».

Entendo, señor Feijóo, que vostede está preocupado. O seu discurso non o leva a ningures. Estamos ante un peche de ciclo, un país con problemas e un goberno incapaz de resolvelos. E por iso sabemos que hai unha nova maioría en Galicia.

O outro día díxome ironicamente que eu estivera moi simpático na miña intervención. Con todo o respecto, señor Feijóo, quero dicirlle que a cidadanía vive nunha Galicia distinta á que vostede publicita e debuxa. Leva vostede máis de vinte anos en altos cargos, subido ao coche oficial, e perdeu o contacto coa realidade do país. As súas políticas e a súa figura como presidente da Xunta xeran hoxe antipatía en boa parte da cidadanía, fartura dun líder que non toma decisións nin empatiza cos problemas da xente, e por iso perdeu tres eleccións no que vai de ano. Quedou só, sen conexións no territorio, sen que o seu partido governe en ningunha das grandes cidades galegas. A única referencia que ten vostede en Galicia é o pacto contranatura que era letal para Ourense e que vostede fixo entre esa letalidade para Ourense e o máximo expoñente do caciquismo en Galicia. (*Aplausos.*) Ningún presidente da Xunta na historia da autonomía galega quedou tan illado politicamente coma vostede. E isto evidencia o cambio de ciclo.

Señor Feijóo, somos un partido constitucionalista, comprometido coa autonomía galega, pero dende a crítica e a confrontación dialéctica do proxecto saberemos recoñecer o seu esforzo e traballo á fronte da Xunta de Galicia. Discrepamos do seu balance, constatamos a súa falla de iniciativa e a súa carencia de proxecto. Vostede non ten ganas de gobernar, vostede xa non quere gobernar Galicia.

Hai unhas semanas vostede incluso se atreveu a plantexar non facer orzamentos; unha falla de responsabilidade sen precedentes. Hoxe rectifica e cambia o seu relato. Era algo previsible. Vostede, na súa desesperanza, é xa moi previsible. E xa podo anunciar que farán uns orzamentos en clave de campaña electoral, prometendo todo o que non fixo nin vai facer. (*Murmurios.*)

Señor Feijóo, vostede vén plantexar aquí que Galicia é o modelo. Vostede trata de suplantar a Galicia, pero Galicia representa moito máis que o seu goberno. A cidadanía galega é un modelo que nos enche de orgullo, pero o seu goberno, non. Vostede vende estabilidade, pero é a estabilidade da decadencia, a da inacción, a da agonía. Unha estabilidade que non leva a



ningures, que non pula por Galicia e que vostede concretou hoxe nun conxunto de promesas de baixo perfil e sen orientación estratéxica.

Nós, señor Feijóo, queremos unha Galicia de futuro, dende un plantexamento referenciado no socialismo democrático, queremos unha Galicia europeísta, unha Galicia verde, unha Galicia feminista; unha Galicia cun proxecto no que a liberdade e a xustiza social sexan os valores de referencia para pular por un país mellor; unha Galicia que tamén defenda a memoria histórica e que se congratule hoxe de que os restos do ditador vaian saír dun espazo concibido para a súa exaltación. (*Aplausos.*)

Compartimos con vostede a súa defensa do constitucionalismo, pero rexeitamos frontalmente a estratexia do seu partido de abrazarse á ultradereita. Sería interesante que aproveitase o seu seguinte turno, señor Feijóo, para aclarar se vai seguir louvando e aplaudindo os pactos do seu partido con Vox, unha forza política xenófoba, machista, que ataca as liberdades e que rexeita o Estado das autonomías. Interésanos moito saber cal é a súa defensa do autogoberno de Galicia. E tamén nos interesa saber se está disposto a acordar e a manter os acordos do seu partido con ese partido que boicoteou aínda nos últimos días as concentracións de condena contra a violencia machista. ¿Empezará a rexeitar os pactos con Vox, señor Feijóo? Porque ata Macron advertiu que o centro dereita europeo —vostede que fala da centralidade— non pode ir coa ultradereita a ningures.

Reclamou hoxe o que vostede chama «a centralidade na política». ¿É o Partido Popular que pacta con Vox exemplo desa centralidade e desa moderación? Vostede sinalaba hoxe que en España hai un problema de saúde democrática e que se perverteron as institucións polos procesos de convocatoria electoral. Cando alguén fala de perversión e de falla de saúde democrática en España, a cidadanía pensa no anterior Goberno, na corrupción endémica que o Partido Popular institucionalizou e que foi sentenciada. A corrupción do Partido Popular foi o que máis danou a saúde democrática en España, o que máis perverteu as institucións, e dende logo chámame a atención que aínda hai escasas semanas vostede saíse a defender a Esperanza Aguirre e a Cristina Cifuentes coa presunción de inocencia pero imputadas en casos de corrupción. Cando vostede di que pon a Galicia por riba dos intereses do PP, vostede pon ao Partido Popular por riba dos intereses de Galicia.

Galegas e galegos, propoñemos un novo proxecto de país para unha nova década; un proxecto de país para unha Galicia progresista, dinámica e con futuro. Representamos unha alternativa real, serena e tranquila sobre a que pode pivotar un cambio de goberno que beneficie a maioría. A cidadanía pode estar tranquila porque sabemos gobernar —facémolo en tres das catro deputacións, en cinco das sete cidades e en máis dun cento de concellos; o 55 % dos galegos teñen hoxe alcaldes ou alcaldesas socialistas—. Derrotamos a dereita en España, e España foi a mellor; Galicia tamén irá a mellor se os galegos deciden dar un cambio político e unha maioría alternativa, e queremos facer con respecto, sen triunfalismo, pero co convencemento de que o cambio é necesario en Galicia.

Vai xa moito tempo perdido, señor Feijóo. Fronte á súa inacción, hai que desenvolver un modelo que fortaleza cinco grandes eixos de referencia. É clave para a Galicia do futuro. E nesa liña imos traballar ao longo de todo o tempo que queda desta lexislatura.



En primeiro lugar, a través dun eixo que ten que ver con todo o plantexamento da Galicia progresista que queremos na cuestión do modelo da política económica, na cuestión referente ao modelo de desenvolvemento. Nós cremos na importancia da política económica. A política económica é unha cuestión fundamental para poder pular por un país. A política económica foi algo do que careceu o seu goberno ao longo desta etapa. E xustamente por iso, porque necesitamos nova política económica, requirimos un cambio de orientación, con novas políticas industriais, con novas políticas tecnolóxicas; tamén, señor Feijóo, cun goberno que ten, de acordo co Estatuto, plenas competencias en materia de política industrial. E vostede ponse de perfil ante as graves crisis industriais que hai neste país.

Vostede, señor Feijóo, cometeu erros de alta gravidade. Chegou a dicir que non ía existir ningún tipo de investidor para Alcoa na Coruña. Díxoo nos medios, está publicado, podemos amosalo aquí se vostede o quere ver. O Goberno de España traballou para acadar unha solución que garanta en dous anos unha fórmula de emprego e un mantemento da actividade. Claro que hai riscos e en todo o que teñamos que cooperar para salvar o sector industrial e a crise de Galicia conte connosco, temos a Galicia por riba de calquera interese partidista ou partidario. Nesa liña, señor Feijóo, témoslle que dicir que á vez ten que rectificar a súa inacción en política industrial, o seu fracaso en política de I+D+i, que nos sitúa no punto 190 das rexións europeas, mentres o norte de Portugal está situado no punto 100. Das 238, estamos no furgón de cola, e iso débese tamén á inacción política.

Señor Feijóo, xunto a un eixo de nova política económica, temos que apostar tamén por un eixo moi relevante de vertebración...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...territorial do país. O seu goberno non conectou co dinamismo da Galicia máis urbana. O seu goberno non foi quen de impulsar o dinamismo da Galicia que ten que conseguir marcar un novo tempo na política e que abandonou o medio rural. Hai un desequilibrio territorial pola falla de conexión entre as políticas feitas dende a Xunta de Galicia e as políticas que se teñen que facer dende os concellos das grandes cidades e dende os pequenos concellos do país.

Un terceiro eixo de referencia, señor Feijóo, que é fundamental para o país, é a Galicia da igualdade; a Galicia da igualdade entre persoas e da igualdade entre mulleres e homes. Unha igualdade que garanta a xustiza social; ese é o noso ADN. A defensa da educación pública, a defensa da sanidade, a defensa da dependencia, ese é un ADN que queremos para a Galicia do futuro e tamén para a igualdade entre homes e mulleres.

O seu secretario xeral, o secretario xeral do PPdeG, sinalaba que non había cousa máis machista que as manifestacións feministas do mes de marzo. Errou, errou... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Están as declaracións aquí se quere... Léoas textuais. Non vou perder o tempo, que queren despistarme, non se preocupe. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.



O señor CABALLERO MÍGUEZ: Na igualdade, señor Feijóo, en todo o compromiso que haxa na loita contra a violencia machista, os socialistas galegos traballaremos arreo e a carón do Goberno. Temos dúbidas e queremos que as cousas se fagan mellor, cremos que fan falla máis orzamentos, (*Murmurios.*) máis compromisos. Creemos tamén que o seu diálogo coa forza de ultradereita Vox desdubuxa a importancia dese problema, pero, con todo, na loita contra a violencia machista, estaremos, en cuestión de país, a carón de todos aqueles que queiran loitar contra a mesma. (*Aplausos.*)

Señor Feijóo, necesitamos tamén un cuarto eixo que ten que ver cunha Galicia verde, que ten que ver co desenvolvemento sostible, que ten que ver co cambio climático, que ten que ver co futuro do país, e nesa liña ten vostede moito que facer, porque o certo é que agora nos falan do cambio climático e da estratexia de transición ecolóxica. Chegamos tarde, chegamos mal e chegamos a rastro.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Hai que poñerse na punteira para impulsar todo o plantexamento de país que nos posibilite acadar unha Galicia con fontes de enerxía renovables e con maior puxanza.

Un último eixo de referencia —e acabo, señor presidente— fai referencia ao plantexamento importante da política e da cidadanía. Un eixo de Galicia na década dos vinte ten que ser a importancia da política, da rexeneración e da cidadanía. Nós somos autonomistas, cremos no Estado da Autonomías e entendemos que é unha forma de federalismo que hai que desenvolver, pero tamén somos conscientes de que Galicia perdeu peso na política...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero, ten outro turno despois. Acabou o seu tempo.

Grazas.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Acabo. ¿Déixame un minuto?

O señor PRESIDENTE: Non, é que mire o reloxo, estamos moi pasados de tempo.

Moitas grazas.

(*Murmurios.*)

¡Dez minutos! ¡Por favor! Non se pode dicir que aquí non se fora flexible hoxe.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Esta mañá, cando comezamos o pleno, deuse a circunstancia de que tivemos ocasión, tivemos a oportunidade, grazas a que houbo un novo deputado que prometeu ou xurou —neste



caso prometeu — o escano, de recordar exactamente que é o que se nos pregunta. A pregunta é: «¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?». Eu levo sempre presente esta promesa, este xuramento, onde a clave está na palabra «fidelidade». Cada un faino como pode, cada un faino como cre, pero o certo é que todos o que prometemos é defender os intereses de Galicia, defender a Constitución e o Estatuto e facelo con fidelidade; é dicir, con lealdade.

Hai unha frase atribuída a un político italiano — non se sabe moi ben se a dixo Andreotti ou a dixo Fanfani — que é que na política española «manca finezza». Faltaba, digamos, disposición ao compromiso. Eu creo que un dos grandes problemas da política española actual é que, como consecuencia desa falta de compromiso, cada vez o que falta tamén é mais lealdade, xusto aquilo co que prometemos traballar nesta Cámara. A lealdade, evidentemente, consiste en crer en algo que ten visos de permanencia e en actuar de forma congruente con iso. E ten moitas dimensións: hai que ser leal, por exemplo, á verdade, hai que ser leal ás institucións e, como non, hai que ser leal ao pobo que nos elixe.

Sexamos leais á verdade. Eu sei que o concepto de verdade é un concepto difícil. Non estou a falar de verdades metafísicas, nin de verdades reveladas, que esas son propias da relixións, non estou a falar de verdades esotéricas, como as das conexións caribeñas ou as dos *lobbys* que mandan na Xunta, non estou tampouco a falar de verdades absolutas, como que fóra da nación non hai nada. Eu estou a falar das verdades máis propias do razoamento científico, do pensamento racional, que é aquel no que cremos que hai que camiñar cara á verdade, que hai que achegarse a ela, pero sempre cunha actitude de modestia, de escepticismo, de apertura, de respecto aos expertos e tamén de respecto aos feitos, aos datos.

Pódese poñer un exemplo. É frecuente tamén esa frase que di que a diferenza entre un optimista e un pesimista é que o optimista ve o vaso medio cheo e o pesimista ve o vaso medio vacío. E é difícil dialogar porque hai un feito, e é que hai un vaso e que hai auga. Un pode velo medio cheo ou medio vacío, pero aquí o problema é que é difícil dialogar con quen ve o vaso esnaquizado, porque esa é outra cousa, e é o que a oposición veu traer a este debate.

Evidentemente, «Galicia, década negra», «Galicia está esnaquizada», «políticas que esnaquizan a poboación». Certamente, nós pensamos que isto non se corresponde coa realidade. A realidade é outra. A realidade é que, como onte dicía o Banco de España, estamos nunha situación de desaceleración económica, e afortunadamente non — como se dixo tamén — próxima a unha crise, esperemos que sigamos así. Vai haber unha prolongación da fase expansiva grazas á política monetaria do Banco Central Europeo, á favorable situación patrimonial de familias e empresas, e unha previsión da recuperación das exportacións conforme a propia Unión Europea se vaia recuperando. Aínda así, baixáronse as previsións de crecemento para toda España e hai unha desaceleración da que Galicia, evidentemente, non está allea.

O interesante é ver por que se produce esta desaceleración. E o Banco de España di que hai dous motivos: a guerra comercial e a potencial saída salvaxe do Reino Unido da Unión Europea, e alude a unha terceira causa, que son as causas internas, que son aquelas nas que nós podemos, evidentemente, estar máis próximos a buscar unha solución.



Di concretamente o Banco de España que a orientación futura das políticas económicas e a adopción de medidas que permitan elevar a capacidade de resistencia da economía española ante un empeoramento está en dúbida polas incertezas internas; é dicir, pola ausencia de goberno. Certamente, a inestabilidade está xerando xa efectos non só na economía galega, senón en toda a economía española. BBV Research dixo que nos vai custar entre un 0,2 ou un 0,3 do PIB, nada menos que entre 150.000 e 200.000 empregos. Evidentemente, a incerteza xera retrasos nos investimentos e iso provoca tamén un retraso na contratación.

En España a contratación indefinida, que en 2018 crecía o 19 %, está agora caendo o 18 %. O primeiro mes que se produciu unha caída da contratación indefinida foi febreiro, e, evidentemente, moita xente pensou que era por culpa do salario mínimo interprofesional e pola suba que, por vía decreto social, aprobou o actual Goberno en funcións.

Hai unha frase memorable do secretario de Estado da Seguridade Social. Eu non vou entrar nesa polémica, simplemente quero remitirme ao que dixo el: Non sei como dicir que o Goberno non ve ningún impacto do SMI na caída da contratación indefinida, o que non quere dicir que non haxa ningún impacto. Con iso está dito todo de forma moi clara.

Pois ben, o feito é que estamos no cuarto proceso electoral en catro anos —por certo, esta Cámara celebrou este debate en catro ocasións, e ademais cun debate de investidura desde a última vez que no Congreso dos Deputados se celebrou un debate sobre o estado da Nación, o que dá unha boa idea da estabilidade tamén, co que significa non só para o Goberno senón para a oposición, que ten ocasión de contrastar as súas ideas cos responsables da maioría— e nunhas eleccións que, evidentemente, teñen un responsable, que é o señor Sánchez. Tiña a oportunidade de facer coalición, ben con Ciudadanos, como xa fixera no pasado, ben con aqueles que o levaron a aprobar a moción de censura, pero, evidentemente, non houbo eleccións. El di que é por culpa de todos, e cando digo «de todos» remítome ao que el dixo: é culpa dos votantes, que teñen que falar máis claro; é culpa do PP e dos partidos de centro-dereita por non votar un programa que el arrima a Podemos para conseguir o apoio do socio prioritario; é culpa de Podemos, que non acepta suficientes postos ou quere máis postos no Goberno e incluso... El dixo Podemos... —Chega tarde e non me escoita, pero estaba falando do que dixo o señor Sánchez—. (*Aplausos.*) E resulta agora que tamén é culpa da señora Pontón, ou mellor dito do Bloque Nacionalista Galego, porque a señora Cancela tivo a ben dicirnos nunha entrevista radiofónica esta fin de semana que foi o recordo do Bipartito —aquele do que aquí non se podía falar— e a existencia de dous gobernos o que fixo que o señor Sánchez non aceptase, para poder durmir, un goberno co señor Iglesias. (*Aplausos.*) O único culpable aquí de momento é o señor Villares, que, efectivamente, como está con Errejón —e hoxe notóuselle o ton errejonista, o cal se agradece na Cámara—, pois, evidentemente, pode dicir que el non é culpable.

Ben, o feito é que temos unha repetición electoral, e o que ten iso de malo, pensando nas institucións, é que hai enquisas que din que o 90 % da poboación española está cabreada ou decepcionada e que o 54 % da poboación española pensa peor da calidade da democracia de España. E o CIS di que este tipo de decisións non só afectan a economía senón tamén a situación política, que se detecta máis polarización —o cal é unha mala noticia— e que, certamente, crecen os políticos como problema.



Estas eleccións están fomentando populismo e, se non, miren as 500.000 firmas en apenas uns momentos con relación aos salarios dos deputados e senadores que foron disoltos onte.

Toda esta fartura ten moito que ver —e volvo a onde comecei— con ter un pouco de respecto á verdade. Hai que ser un pouco leais. Non vale dicir que todo está mal. Non pode ser que o decenio fose mal e que todos os galegos que votaron ao Partido Popular en tres ocasións estean equivocados, porque, entón, aí vostedes mesmos se dan conta de que, ao mellor, están circulando na dirección contraria da maioría, pero non porque a maioría vaia pola dirección incorrecta.

De entrada, en Galicia hai unha estabilidade que está a permitir resultados positivos —eu vou ser moi breve porque non quero abrumalos con datos e seguro que o presidente vai defender moito mellor ca min a xestión do Goberno—, pero o certo é que no ano 2018 Galicia acadou o máximo histórico de converxencia con España en produto interior bruto per cápita, o 90 %, superamos o 90 %. Desde o ano 2000 converxemos 12 puntos e 8 con Europa. Efectivamente, con Europa non converxemos durante a crise como consecuencia da crise, pero levamos xa algúns anos tamén converxendo con Europa unha vez que comezou o período de recuperación. Isto é froito, entre outras cousas, dunha fonda transformación da estrutura da economía de Galicia: hai máis xente e hai máis valor engadido e xerado no sector primario, no sector da industria e no sector servizos e caeu significativamente o que formou a burbulla, que é o sector inmobiliario.

O paro está en Galicia nun 11,3; en España, no 14, case tres puntos de diferenza, e recorden que cando chegamos ao Goberno a taxa de destrución de emprego en Galicia... Perdón, o paro crecía o 44 %, cando agora cae o 15 %, e a ocupación caía o 3,8 % cando agora crece o 2,4 %. Certamente, é difícil non ver algo positivo nestas cifras. Evidentemente, o emprego indefinido o último ano en Galicia creceu un 4,9; a media de España, un 2,6; e a taxa de parcialidade no traballo, que en Galicia está no 13,5 e que habería que procurar que fora menor, en España está no 14,6.

E da igualdade vostedes din que Galicia está peor que nunca, de acordo co índice de Gini e de acordo cos índices que miden a igualdade tecnicamente que utilizan todos os economistas. Está exactamente igual que estaba cando collemos o Goberno, pese á crise. Non é así no caso de España. España empeorou significativamente en niveis de renda. España acaba de acadar o mesmo nivel de renda familiar per cápita que tiña antes da crise. Do conxunto de España seis comunidades autónomas o superaron e once aínda non superaron ese nivel de renda dos fogares per cápita previo á crise. Pois a enquisa de condicións de vida do INE o que nos di é que Galicia é unha desas comunidades e que, ademais, é a comunidade na que máis creceu a renda familiar dispoñible durante esta última década. Pois eu creo que isto é un dato positivo que nos fai ver o vaso, desde logo, non esnaquizado. E ademais a mesma enquisa di que é a cuarta comunidade onde menos dificultades hai para chegar á fin de mes. Vostedes o único que ven son problemas de todo o mundo, e certamente que hai que axudar a xente que non pode chegar á fin de mes, pero o que non se pode dicir é que estamos peor que España nin por suposto peor do que estabamos nos momentos previos a que colleramos o Goberno.

Nunca se gastou tanto en políticas sociais. A Comisión Europea acaba de cualificar a Galicia como rexión de referencia en prácticas innovadoras para o envellecemento activo. En sanidade



gastamos un 10 % máis que no 2009, hai un 20 % máis de actividade cirúrxica, menos días de espera tanto cirúrxica como de consultas, está posta en marcha a receita electrónica, hai obras nos hospitais. No 2019 púxose en marcha un novo plan de atención primaria. En fin...

En educación, ¿que queren que lles diga? A min o dato que me parece que é máis significativo é o que se fixo público este ano de PISA e da Fundación Areces, de que somos un sistema que, en equidade, é dicir, na medición de resultados en función da renda, é onde estamos mellor, onde a renda e a extracción social dunha persoa menos inflúe nos seus resultados educativos. Iso quere dicir que estamos por riba do nivel de Finlandia, de Canadá ou de Noruega, e iso é a igualdade de oportunidades. (*Aplausos.*) Iso é a esencia da igualdade de oportunidades: que un poida ser educado e ter unha educación con independencia da súa posibilidade económica. Este verán foi o de máis traballo da historia en centros educativos dos últimos anos, como consecuencia do superávit económico.

E, en fin, podería seguir así con cuestións de medio rural, como a posta en marcha do plan que se elaborou nesta Cámara e no que houbo alto consenso para loitar contra os incendios; coas melloras que hai en pesca —cando vostedes gobernaron as cotas de pesca baixaron o 55 %, desde que está gobernando este goberno subiron o 90 %—; con que Galicia é a segunda comunidade que produce máis enerxías renovables, que xa estamos por riba do obxectivo de consumo, que está na Unión Europea, para o 2030, no 27, nós estamos xa no 38 e esperamos chegar ao 45 en 2020. ¿Que dicir dos datos de turismo, que amosan que por primeira vez se empeza a desestacionalizar e que estamos batendo récords tanto de visitas como de ingresos para os produtores, para os empresarios do turismo? E mesmo o saldo demográfico. O ano pasado o saldo demográfico en Galicia foi positivo en 26.000 persoas. O Plan Retorna fixo que volveran 6.700 galegos o ano pasado, dos cales o 80 % son menores de 65 anos.

Señorías, eu creo que as conclusións que ten a oposición sobre a conclusión negra non son moi leais, a verdade, son bastante exaxeradas, e que con esas exaxeracións nin dignifican a política, nin teñen vostedes nin adquiren credibilidade, nin, desde logo, se gaña o futuro.

O segundo punto que quero tocar é o da lealdade institucional. É consubstancial aos estados federais como o noso, e iso o que significa é que cada poder ten que respectar en sentido negativo o exercicio das competencias dos demais, e en sentido positivo ten que colaborar para que cada un poida exercer correctamente as súas competencias. Iso é o que significa o principio de lealdade institucional. É un concepto que está desenvolvido polo Tribunal Constitucional —igual que fixo en Alemaña o Tribunal Constitucional alemán—, evidentemente forma parte do noso bloque de constitucionalidade e ademais está incorporado a leis, á Lei de réxime xurídico do sector público, do ano 2015, e a outras que agora mencionarei porque son financeiras e, polo tanto, máis relevantes.

A lealdade institucional é respectar, por exemplo, o que di o Estatuto de autonomía no seu artigo 15.1, que di que o presidente é o representante ordinario do Estado en Galicia, e que, polo tanto, cando vén un ministro, un representante da Administración do Estado en Galicia, en traballo oficial, ten que avisar o presidente da Xunta para que se poida coordinar o traballo e simplemente traballar correctamente. (*Murmurios.*) E tamén significa que, cando o comité que ten a xustiza coa Xunta pide unhas prazas de xulgado —e sempre se dan—, que tamén



se teñan que dar, non como pasou en Lugo. Ou cando se solicita poder formar máis médicos, pois se colabore para que haxa médicos e non haxa carencia de médicos. (*Aplausos.*) O presidente deu unha relación bastante extensa esta mañá. (*Aplausos.*)

Pero onde o principio de lealdade institucional cobra toda a súa potencia é na parte financeira. Na parte financeira tanto a Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas como a Lei de estabilidade presupostaria definen o que é. Defínenlo, por exemplo, dicindo que cando un goberno actúa ten que valorar o impacto das súas actuacións sobre o resto das administracións públicas, ponderar se o exercicio destas competencias ten en conta todos os intereses públicos implicados, ten que facilitar información ao resto das administracións e, ademais, prestar cooperación no ámbito propio.

E chegamos ao problema dos 700 millóns de euros. Os 700 millóns de euros, señor Caballero, son 330 das entregas á conta, 200 das liquidacións dunha mensuralidade do IVE de hai dous anos e 180 millóns, que son os incentivos que os orzamentos aprobados e vixentes prevían para as comunidades cumpridoras como Galicia no ano 2017 e no ano 2018. E Galicia neste tema foi extremadamente leal desde o punto de vista institucional, cumprindo as normas de déficit tanto dos gobernos do señor Zapatero como do señor Rajoy como do señor Sánchez.

Pois ben, resulta que aquí aprobamos, coa abstención do PSOE, a petición ao Goberno do Estado de que fixese a entrega destas cantidades, e a resposta que lle dá o Ministerio ao Goberno é que son imposibles as entregas á conta porque o Goberno está en funcións, que os 200 millóns do IVE tampouco, porque tamén está en funcións, que os incentivos son potestativos e que, ademais, o Goberno está en funcións. Esa é a resposta, en síntese, que dá o Goberno.

Resulta que nas entregas á conta, que había un informe que dicía que non se podían dar cun goberno en funcións, era un goberno en funcións que tiña un candidato, porque en canto deixou de ser candidato e non necesitaba o voto de ninguén para saír investido presidente do Goberno inmediatamente se encontrou o sistema que facilitou as entregas á conta. Era imposible cando non había investidura, e agora que sabemos que non a hai é posible, e o Goberno segue estando en funcións.

O do IVE ten o seu aquel. En agosto do ano 2018 o presidente da Xunta foi ver a ministra de Facenda, e os titulares son deste estilo: «Facenda comprométese con Feijóo a reintegrar os 198 millóns de IVE». Estamos a falar de agosto do ano 2018 e estamos a debater a finais de setembro do ano 2019. Resulta que polo medio este compromiso tradúcese en que no seu informe sobre os obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda e da regra de gasto que fai a Airef entearámonos de que o Goberno lle comunica que vai mellorar a súa posición no cumprimento do déficit porque non lle vai pagar a ningunha comunidade autónoma os 200 millóns — neste caso a Galicia, e o demais ás correspondentes — que correspondían polo IVE e que a ministra se comprometeu hai un ano a arranxar.

E se imos ao dos incentivos, a min aquí gustaríame facer un pouco de historia. ¿De onde veñen esas cantidades? ¿Por que nos están condonando unha parte dunha débeda? A débeda vén das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009. No ano 2009, ao pouco de chegar este goberno, de gañar as eleccións o Partido Popular, reformouse o sistema de financiamento



autonómico por un acordo entre o Goberno socialista e os nacionalistas cataláns daquela. Ao Goberno no lle gustaba o sistema de financiamento autonómico porque como, efectivamente se está demostrando co paso do tempo, se ben eran boas as cifras que obtiña Galicia en orixe, a evolución dinámica do sistema non era boa porque premiaba a poboación, e Galicia —como todos sabemos— non ten o dinamismo demográfico que teñen as comunidades do sur.

Consecuentemente, o Partido Popular no Goberno quería votar en contra, pero encontrouse coa seguinte chantaxe do Goberno socialista: se non firmas o sistema, tes que devolver as cantidades o ano que vén. Isto quere dicir que no ano 2010 teríamos que devolver 600 millóns de euros e no ano 2011, 1.600 —ese ano, en medio da crise—. É dicir, uns cartos que un goberno socialista lle dá a outro goberno socialista bipartito en Galicia, que ese goberno socialista gasta por encima das súas posibilidades e que se lle presentan como chantaxe ao Goberno que acaba de chegar de: ou firmas ou os devolves o ano que vén. E, por firmar, deixáronnos devolvelos a cinco anos.

¿Que fixo o Goberno de Mariano Rajoy? —porque os estamos devolvendo ano a ano, por certo, computando como débeda, que cada vez que din que temos moita débeda deberían recordar que isto computa como débeda en Galicia— (*Murmurios.*) Si, señor. Pois ben, Mariano Rajoy adiou a dez anos primeiro e a vinte despois, co cal, Galicia, en vez de ter 200 millóns de euros menos de ingresos —que se podían substituír por débeda, de aí vén o endebedamento—, pasou a ter nada máis que 80. E o ano 2016, precisamente porque se estaba socorrendo a outras comunidades que non cumprían, como compensación condonóuselle esa cantidade ao Goberno de Galicia.

Este ano, curiosamente, están esas cifras nos orzamentos para o ano 2017-2018, e novamente un goberno socialista, que foi o que nos deixou as cantidades a deber, que son as que están agora en cuestión, di que non nolas devolve.

Señorías, se me expliquei ben, calquera pode entender que dicir que cando a Xunta reclama os incentivos porque cumprir o déficit é unha orde mendicante o que está facendo é unha indecencia, porque, ademais, representa ao Goberno socialista, que nos deixou eses cartos a deber. (*Aplausos.*)

Señor Caballero, ¿cal foi a súa actitude con todo este tema? Primeiro dixo que era un teatrillo para confrontar co Goberno socialista, en agosto negou que as fixese a Xunta, en setembro xa dixo, incluso, que había que cesar o conselleiro de Facenda, porque dixo que, se non se libraban estas cantidades, habería que facer recortes. Simultaneamente, o presidente socialista de Valencia dixo que ía haber recortes e montouse un follón cos de Compromís —que lle dixeron que, de recortes, nada— que fixo que tivera que ir correndo alí a ministra e dicirlle que lle ía dar os cartos pola vía do extra FLA.

Despois vostede o que dixo é que non necesitabamos os cartos, que había que gobernar, que había cartos de sobra. O cal, permítame que lle diga, de colega a colega, que é unha mala comprensión do que é o procedemento orzamentario. É dicir, se a un lle faltan de repente 500 millóns no orzamento e quere gastar eses 500 millóns, ten un problema tanto desde o punto de vista orzamentario como desde o punto de vista do cumprimento de todas as regras de



gasto. (*Aplausos.*) E, unha vez que a avogacía do Estado dixo que non era posible —cando agora, misteriosamente, xa si é posible facer só unha parte das liquidacións, perdón, das entregas á conta—, resulta que o que enganaba a todo o mundo era Feijóo, que era o único que dicía que se podían facer as entregas á conta.

Mire, señor Caballero, un bo galego como Piñeiro, tanto co corazón como coa razón, eu estou seguro de que lado estaría nisto: estaría do lado do Goberno galego. (*Aplausos.*) E, señor Caballero, un bo economista, como están os economistas galegos, tamén estaría do lado do Goberno galego. (*Aplausos.*)

E xa que tivo vostede a ben citarme, eu voulle dar a cambio un consello: cando se trate de temas de financiamento autonómico, eu aconséllolle que escoite máis o seu portavoz, o señor Leiceaga, que ao delegado do Goberno en Galicia. (*Aplausos.*) E, ademais, aconséllolle que escoite o seu portavoz tanto, polo menos, como o presidente me escoita a min. (*Risos.*)

O problema disto non só é a insuficiencia financeira en Galicia, o problema é que con isto, ¿que estamos xerando? Estamos xerando, en primeiro lugar, unha creba grave do proceso democrático. O proceso democrático é: eu pago impostos e a cambio obteño uns servizos. Aquí os galegos xa pagaron os impostos, e cando se quere prestar o servizo resulta que non teñen cartos. É moito máis grave no fondo do que parece, desde o punto de vista institucional.

E, en segundo lugar, este problema, tamén está a axitar o populismo contra o sistema. Vostede, que quere gobernar coas demais forzas de progreso, ¿leu o que presentou o Bloque estes días sobre o financiamento autonómico para resolver o problema das entregas á conta, que implica a desaparición da Facenda do Estado, porque o que propoñen é un sistema de cupo xeneralizado para todas as comunidades autónomas? ¿Está vostede de acordo con iso? ¿Está vostede de acordo con que o incumprimento da lei actual lles dea ás para voar a aqueles que queren cargar a facenda española, que é fundamental para Galicia, para a súa facenda e para a redistribución do sistema en España? Bueno, a min gustaríame que vostede respostara a isto, se ten tempo, na súa segunda intervención.

En terceiro lugar, hai que ser leais ao país. Ser leais ao país é que cada un faga a súa función. A oposición ten que opoñerse. Como di o Comité de Venecia, a Comisión de Venecia —que é importante—, a idea básica é que a oposición debe ser exercida de forma construtiva. A oposición ten dereitos e tamén ten unha obriga, que é ser construtiva. Eu non sei se as intervencións de hoxe se axustan moito a isto, pero non imos entrar niso.

A oposición ¿que está facendo? ¿Está facendo unha oposición leal e construtiva? Bueno, aquí, por exemplo, puxéronse as áreas sanitarias do Sergas cando se fixo a fusión, e resulta que durante o mesmo período o Goberno valenciano socialista estaba reestruturando o mapa sanitario desa comunidade de 24 a 6 áreas. Hoxe escoitamos aquí que somos un Robin Hood ao revés porque resulta que lles baixamos o imposto de patrimonio aos ricos. ¿Vostedes saben que imposto de patrimonio se paga en Galicia? Exactamente o mesmo que está nos orzamentos da comunidade de Aragón, onde gobernan, e aquí di que somos o contrario a Robin Hood; exactamente o mesmo imposto do patrimonio. (*Aplausos.*)



Cantas cousas tivemos que escoitar aquí porque intentamos dinamizar a industria e a empresa nos concellos cos concellos emprendedores, e que iso era nefasto para o país. Curiosamente, a lei de Estremadura do ano 2019 establece o distintivo «municipio emprendedor extremeño», que se considera prioritario para a valoración dos procesos de concorrncia competitiva de la Junta de Estremadura. Pois aquí ¡o que tivemos que escoitar! E vemos que en Estremadura, en cambio, practicamente nos copian a lei. E cando o Grupo Popular rexistrou aquel proxecto de lei díxosenos que reducir prazos e garantías eran cousas como as que escoitamos hoxe, que era gobernar para os ricos, etcétera. Pois, miren vostedes, en Valencia, onde gobernan os mesmos que están no grupo do señor portavoz do Grupo Común da Esquerda, aprobaron unha lei no ano 2018 que reduce á metade cando afecte proxectos de investimento xestionados polas aceleradoras de investimento, os proxectos en trámite administrativo.

E falan das eólicas. ¿Saben que aprobou o Goberno de Aragón —onde tamén están vostedes—? Pois aprobou que os investimentos de interese autonómico en materia de enerxías renovables «...se reducen a la mitad en sus trámites vinculados a la ejecución y desarrollo de estos proyectos».

É dicir, que o que se fai aquí é, como din, «espolio», «depredación», «apoiar os amigos», pero, cando o fan eles, entón a cousa é distinta. Isto lévanos á conclusión de que a oposición o que fai é poñerse en contra do PP, faga o que faga. A síntese do que fai a oposición é que non importa o que sexa, senón o único que importa é que o diga o PP, estea ben ou estea mal. O seu criterio non se toma en función do fondo da medida, nin dos seus efectos, nin da súa natureza, tómase en función simplemente de que o di o Partido Popular. Eu creo que así non contribúen nin a gañar credibilidade, nin a dignificar a política.

Non se gaña credibilidade cando se rexeita a Lei de patrimonio natural do Partido Popular porque desprotexe os parques naturais, e cando hai un problema nun parque natural e se quere protexer pola Administración do Partido Popular se pon un do lado dos que non protexen o parque natural. Non é moi coherente que cando hai un modelo enerxético que se rexeita porque din que non apostamos polas renovables cada vez que se abre un parque eólico se monte un follón por calquera tipo de motivo, especialmente cando o municipio está gobernado polo Partido Popular, loxicamente. (*Murmurios.*)

E non digamos xa se falamos de corrupción. Señor Caballero, que fale vostede hoxe de corrupción aquí... Eu, recordando que en toda Galicia o único alcalde condenado por corrupción é mantido polo seu grupo, ou simplemente vendo as novidades procesuais de hoxe mesmo dos dous predecesores que tivo vostede no cargo, os dous, se fose vostede, procuraría ser un pouco máis comedido. (*Aplausos.*)

Dáse hoxe para min —para nós— unha feliz circunstancia, e é que hoxe —como saben vostedes, 25 de setembro— é exactamente o terceiro aniversario da última vitoria electoral do Partido Popular de Galicia. Hai xusto tres anos o pobo de Galicia aumentou a confianza que tiña en nós e deunos máis votos que nas eleccións do ano 2012.

Nós presentámonos con lealdade cun programa electoral, ¿e que é o que estamos a facer? Estamos a estender o plurilingüismo, que xa existía na educación primaria e secundaria e nos ciclos de infantil, bacharelato e formación profesional. Queríamos abrir 30 casas niño,



xa van 61 e están previstas 76. Falabamos do imposto cero para os mozos, as familias numerosas ou as persoas con discapacidade que adquirisen unha vivenda habitual no rural. Xa está cumprido. A estratexia de recuperación dos cascos históricos xa está cumprida. Dixemos que iamos aprobar unha serie de medidas para a demografía como a Tarxeta Benvida, e de ampliala ata os 3 anos de vida do bebé no caso de risco, pobreza e exclusión. Está cumprido. Falabamos de ampliar a tarifa plana para os autónomos ata un ano, está cumprido, e mesmo reformado como consecuencia de que o Goberno de España suprimiu esa ampliación. O noso programa tamén se refería a leis que xa pasaron pola casa, como benestar animal, Administración dixital, atención farmacéutica ou patrimonio natural.

Outras medidas que comprometemos son: aceleradores de empresa, reforma da Risga, dotación de prazas de enfermería especialista, protocolo de coordinación interinstitucional para a atención ás vítimas da violencia de xénero...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Que non haxa dúbida, aquí os únicos pactos que hai contra a violencia de xénero son os desta Cámara, aquí non se pacta con ninguén máis. *(Aplausos.)*

Hoxe o presidente deu boa conta de que todo iso se está a cumprir. Porque, señorías, hoxe, fronte a esta oposición, que eu creo que se equivoca e que non é leal co sistema democrático, facendo esta crítica absoluta a todo o que se move, a todo o que fixo o Partido Popular na última década, o presidente demostrou que si que hai un proxecto de país e que ademais hai 90 medidas a curto e longo prazo.

Nós, desde logo, dende o Grupo Parlamentario Popular, seguiremos traballando con lealdade, afrontando a verdade dos problemas, procurando solucións realistas e centradas, comportándonos con lealdade institucional e defendendo con lealdade a Constitución e o Estatuto, e por suposto con lealdade o pobo galego e todos os compromisos que entón e que hoxe asumimos con el.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Rematou o seu tempo.

Contémplase agora unha suspensión de 15 minutos, se así é necesaria por parte do presidente. Se non, continuaríamos co debate. ¿Podemos continuar co debate? *(Asentimento.)* Pois, entón, non se procede á suspensión.

Resposta do presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Moitas grazas á portavoz e aos portavoces dos grupos parlamentarios da oposición e moitas grazas ao portavoz do grupo maioritario da Cámara.



Señoras e señores, señor presidente, ilustre tribuna, galegos e galegas.

Hai un común denominador por parte dos portavoces sobre o que levan dicindo desde hai, non días, nin sequera semanas, senón anos de que o proxecto do Partido Popular de Galicia está esgotado. Non crean, señorías, portavoces que debutan nesta sesión, que é a primeira vez que o escoito. Levo aquí dez anos e non hai nin un só *Diario de Sesións* que non o concrete de forma reiterada e reiterativa.

Permítanme que cite con respecto e agradecemento as señoras e os señores seguintes: Pachi Vázquez, Guillermo Vázquez, Carlos Aymerich, Ana Pontón —primeira volta—, Xoaquín Fernández Leiceaga —primeira volta—, Abel Losada, Ánxel Vence, Francisco Jorquera, Xosé Manuel Beiras, Yolanda Díaz, Xosé Luís Méndez Romeu, Antón Sánchez —primeira volta—, Patricia Vilán, Carmen Iglesias, Chelo Martínez, Luís Villares, Xoaquín Fernández Leiceaga —segunda volta—, Ana Pontón —segunda volta—, Manuel Lago, Gonzalo Caballero e Antón Sánchez —segunda volta—. ¿Cren realmente que o Goberno está esgotado ou que realmente están esgotados todos os que foron representantes da oposición? (*Aplausos.*)

¿Cren, señorías, todo este ilustre plantel de ilustres deputados e deputadas, coas que tiven a sorte de poder debater sobre o esgotamento do proxecto do Partido Popular, que está este partido esgotado, ou, pola contra...? Que para min é unha honra recordar todas e cada unha das posibilidades nas que tiven de forma directa ou indirecta que debater con estes líderes políticos da última década en Galicia. Por iso, señorías, comprenderán que, sobre ese asunto, nada novo baixo o sol.

Quero agradecer ao señor Villares o ton da súa intervención. É a primeira vez que o digo. Supoño, señor Villares, que non o prexudicarei por dicilo. Quero, señor Villares, agradecerlo porque me pareceu unha intervención respectuosa, co mesmo respecto co que eu intentei tratalo sempre, e paréceme que iso é unha mellora substancial do seu posicionamento institucional e parlamentario.

Dicía vostede: «Quero que vos asustedes, como se a casa estivera en chamas.» Refírese vostede a unha muller moi capaz que fala sobre o cambio climático —hai que deixar claro este asunto—. Pero, señoría, sobre o cambio climático propuxemos distintas cousas, por exemplo, aprobar o Pacto polo clima, por exemplo, invitar a todos os alcaldes que aínda non se sumaron ao Pacto dos alcaldes polo clima, ou, por exemplo, o compromiso de aprobar a Estratexia da economía circular.

Señoría, di vostede que eu adiantei o debate para facelo coincidir coas eleccións xerais. Vostede pode comprender que eu non teño unha relación moi directa co presidente do Goberno en funcións, o señor Sánchez; vostede tíña a ata hai semanas. En consecuencia, dicir que eu sabía o que ía pasar é algo máis sorprendente.

¿Pero cando lles parecería ás súas señorías que deberíamos ter este debate? ¿Cal é a proposta e a data axeitada para ter este debate?, ¿cando finalice a inestabilidade política no Goberno central? ¿Pode alguén dicir cando vai finalizar a inestabilidade política no Goberno central? ¿Iso non sería desgaleguizar o debate? ¿Non sería esperar a ver o que ocorre en Madrid para



ter o debate do estado da Autonomía e non preocuparnos do que ocorre aquí? ¿Non sería sorprendente, señoría, que nun debate do estado da Autonomía de Galicia non falemos do resto das comunidades autónomas que conformamos o Estado autonómico? ¿É que acaso aquí lle molesta a alguén que falemos da situación da política española e do seu impacto directo na economía galega? ¿É que acaso iso hai que calalo, simplemente porque aquí ninguén pode levantar a voz sobre o Partido Socialista Obreiro Español, señores do BNG, ou señores da Esquerda en Común?

Mire, señoría, fala vostede, señor Villares, da violencia machista. Acaba de dicilo dunha forma moi clara o noso portavoz. Todos os pactos que se subscribiron na Cámara, dende a primeira lei, o primeiro plan, e todos ata o último, teñen selo maioritariamente do grupo maioritario da Cámara, do Partido Popular de Galicia. *(Aplausos.)* Por iso, imos seguir cumprindo todos os pactos sobre a violencia machista.

Señor Villares, nese programa do que vostede falou —creo que é o 313D, o grao de execución do 313D— vostede sabe que está a transferencia do Goberno central para as políticas de igualdade, e vostede sabe que esa transferencia se fixo a final de ano. Entón, vostede me require por que non executamos unha partida que se transfira a Galicia a finais de ano. Señoría, porque se executamos esa partida que se transfira unhas semanas antes estaríamos prevaricando.

Por iso me sorprende que vostede veña aquí sen saber que, por exemplo, o presuposto en Igualdade se executou no 66 % no ano 2018 ou que a previsión de execución deste ano sexa do 95 %. Señor Villares, creo que se equivoca vostede ao respecto. Non houbo ningún recorte en materia de Igualdade, ao contrario, houbo un incremento substancial das partidas de Igualdade. Cando chegamos á Xunta a partida de Igualdade era de 13 millóns de euros. A pesar da recesión, a pesar da crise e a pesar das vacas fracas, hoxe a partida de Igualdade é de 23 millóns de euros. *(Aplausos.)*

Señor Villares, vostede debería saber que nunca houbo tantas mulleres cotizando á Seguridade Social como agora, nunca. Xa sei que ao Partido Socialista non lle importan os datos de emprego, porque hai que ter, dende logo, moitas táboas para poder escoitar falar ao Partido Socialista de política económica e de política de emprego sen ruborizarse; de política económica e de política de emprego nesta tribuna e falando para os galegos.

Mire, señoría, podó asegurarlle que fixemos un gran esforzo. Por suposto que quedan moitas cousas por facer, pero cando un presidente da Xunta di solemnemente que nunca houbo tantas mulleres cotizando á Seguridade Social como agora está valorando o traballo de tantas mulleres e de tantas empresas que, a pesar da recesión, conseguiron a maior cota de afiliación de emprego feminino da nosa historia.

Señor Villares, a vostede non lle gusta que fagamos residencias con iniciativas de fundacións que teñen a súa sede en Galicia, incluso as critica, e pregunta a que dedicabamos os cartos que tiñamos previstos para facer as residencias. Hoxe plantexamos doce medidas en materia de demografía, ¡doce! ¿Que lle parece, por exemplo, ser a primeira comunidade autónoma en que imos manter a gratuidade das escolas infantís para todas as familias no segundo fillo? ¿Non lle parece unha proposta que ben vale a pena poñer en valor? Iso é o que permite,



señoría, transvasar as contías que tiñamos adicadas a residencias da terceira idade para as políticas demográficas, as políticas infantís e as políticas das familias. *(Aplausos.)*

Vostede plantexa a emisión cero; iso está moi ben. Europa plantexa a emisión cero para o ano 2050. Vostede plantexa a emisión cero non sei se para o mes seguinte ou para o seguinte ou o seguinte. Pero, mire, cando di: ¿vostedes que fixeron para intentar que as centrais térmicas en Galicia sobreviviran? Pois na anterior lexislatura con outro goberno conseguimos, por exemplo, que Endesa se comprometera a investir máis de 200 millóns de euros para adecuar as emisións da central térmica de Endesa aos requisitos da Unión Europea. E Endesa estaba cumprindo estritamente ese investimento. Estabamos conseguindo ter a maior central térmica do noroeste de acordo coas exixencias máis estritas da Unión Europea, e nisto chegou o señor Sánchez e mandou parar, parar os investimentos, parar Endesa, parar os camioneiros, parar o emprego, e entrar nunha situación nas Pontes descoñecida. Por iso, señor Villares, ten vostede que decidir se se pon ao lado do Goberno do Partido Popular ou ao lado do Partido Socialista Obreiro Español. Nós estamos ao lado dos galegos e das galegas, de todas as familias que traballan nas Pontes. Despois de conseguir un investimento de máis de 200 millóns de euros non é de recibo que o Goberno de España veña pechar as Pontes simplemente porque non é capaz de negociar con ninguén nin en Europa nin na política industrial e enerxética do noso país.

Señor Villares, non pasa nada por poñerse de acordo algunha vez co Partido Popular de Galicia, non lle van abrir ningún expediente; ao contrario, dentro da súa biografía política debe vostede escoller realmente que capítulos merece a pena subrayar. Por iso me sorprende, señoría, que impute a este goberno nada máis e nada menos que os problemas das emisións. Dixen pola mañá que dende o ano 2017 xa cumprimos as previsións da Unión Europea para a produción de enerxía renovable. Esas son as nosas políticas. No ano 2017 con quince anos de antelación cumprimos as políticas enerxéticas renovables e, sen embargo, vostede —e dicíao o portavoz do grupo parlamentario— cada vez que hai un problema nun parque eólico apúntase. É certo que con maior interese se apunta o señor Sánchez —Antón, perdón, don Antón Sánchez, lamento que coincida o apelido, pero enténdese que na Cámara me refiro ao señor Antón Sánchez—. Por iso, señor Villares, eu creo que debería de rectificar ao respecto.

Do mesmo xeito que creo que debería de rectificar sobre o eucalipto e as propostas que vostede nos imputa en materia forestal. Señor Villares, temos que facer un plan forestal novo e temos que escoitar o sector. Creo que ben vale a pena escoitar o sector. A superficie forestal en hectáreas en Galicia son 2 millóns de hectáreas; 300.000 dedícanse ao eucalipto, o 15 % do total; e as frondosas, 415.000, son o 21 % do total. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Pero non discuta os datos oficiais! Se quere vostede ir ao Ministerio de Agricultura e dicirlle que están conchabados co señor Feijóo, dígallo, pero estes son os datos oficiais. Polo tanto, cando estamos falando disto, deberíamos de falalo cun mínimo de credibilidade e cun mínimo de razoabilidade.

Mire, señoría, cando se fala de medio ambiente, hai que ser coherente, e, lamentablemente, vímolos detrás da pancarta, xunto co Partido Socialista, pedindo que a illa de Ons non sexa Patrimonio da Humanidade. Agora, que veña aquí vestido de verde nada máis e nada menos, como outros portavoces da oposición, é, cando menos, sorprendente. ¡Se hai semanas disto,



señoría! Se hai semanas que vimos a todos estes medioambientalistas da oposición en contra de preservar a illa de Ons, as illas Cíes e outras illas atlánticas para conseguir o Patrimonio da Humanidade de todo o arquipélago das Illas Atlánticas. *(Aplausos.)* ¡E agora veñen falar de medio ambiente, de rigor e de emisións cero! *(Aplausos.)* Mire, señoría, con todos os res-pectos, creo que iso non é razoable, e dígollo sen ningunha acritude, pódollo asegurar.

Señor Villares, non tivo tempo vostede de ver o Plan de transporte público da comunidade autónoma, non o viu, porque, se non, non podería dicir que encarecemos o transporte. Por-que o que acabamos de facer no concurso do transporte público foi abaratar o transporte entre o 10 % e o 25 %. Non podería dicir que diminuímos as rutas, cando resulta que o nú-mero de quilómetros ofertados son 11 millóns máis dos que había no anterior Plan de trans-porte. Por iso nos sorprende este plantexamento. Igual que nos sorprende dicir que se abandonan 30.000 explotacións agrarias. Iso é un mantra que tamén forma parte dos debates do estado da Autonomía. ¿Como é posible que abandonemos as explotacións agrarias e te-ñamos récord de produción agraria? ¿Como é posible que estean pechando todas as explo-tacións agrarias e nunca producimos tanto leite e tanta carne e conseguimos tanta conserva e tanto peixe como agora? ¡É sorprendente! Realmente, ¿non será que están co-llendo a dimensión axeitada para poder producir con efectividade, con prezo, con competi-tividade e exportar? *(Aplausos.)* Realmente, ¿non pensamos que iso sería o razoable? *(Aplausos.)* Non creo eu, señorías, que debamos abrir ese debate, aínda que non teño ningún inconveniente en facelo. En todo caso, señor Villares, eu volvo demostrarlle que creo que a súa intervención foi unha intervención respectuosa —dende logo, discrepante—, e, por su-posto, permítame que llo volva dicir.

Di vostede que tampouco executamos o presuposto do emprego, igual que non executa-mos o presuposto de igualdade ou non executamos o presuposto de vivenda. ¿Non sabe vostede que as estatísticas que vostede trae para dicir iso eran as estatísticas que lle pre-paraban os seus ex-compañeiros do que agora se chama Esquerda en Común? *(Murmurios.)* ¿Non sabe, señoría, que esas estatísticas, como vostede, ademais, dicía como líder do seu ex-partido continua e constantemente, estaban falseadas? ¡Non as volva utilizar! *(Risos.)* Deixe este Grupo de Esquerda en Común —que non sei o que teñen de común— para falar desas estatísticas, que están, simplemente, mal construídas. Señor Villares, dígollo dende a cordialidade. Non volva dicir aquí que non se están executando os pro-gramas de emprego, cando os programas de emprego non soamente se están executando, é que se están incrementando. Porque as comunidades autónomas que executan por de-baixo dun perfil non teñen máis políticas activas de emprego e, sen embargo, as comu-nidades que executamos máis recibimos máis diñeiro do Goberno central; iso si, ata que chegou o Partido Socialista.

Por iso, cando vostede me di que non executamos, dígolle que o 85 % do crédito vixente se executou no presuposto do ano 2018 —o 85 %— e o 15 % amplíase para o presuposto do ano 2019. Cando unha empresa non acredita a execución dunha subvención, non se pode pagar, señor Villares, porque, se non, entraríamos en responsabilidade administrativa, con-table, financeira e doutro tipo. Por iso, non podo comprender e non podo aceptar que vostede se confunda e intente confundir a cidadanía sobre a execución do presuposto en materia de igualdade ou en materia de vivenda.



Miren, señorías, señor Villares, vostede estivo a punto de conseguir que todos os grupos da Cámara o apoiaran para ser presidente da Xunta. Cando lideraba as Mareas de Podemos, vostede era o portavoz do grupo maioritario da Cámara. En moi pouco tempo isto mudou. Quero asegurarlle que non foi responsabilidade do grupo parlamentario maioritario. Pero esta era a proposta da oposición hai simplemente uns meses, eu diría que unhas semanas. O Partido Socialista Obreiro Español, o BNG e as Mareas de Podemos querían conformar un goberno alternativo ao Grupo Parlamentario Popular presidido por vostede. ¡Mire se realmente isto sería sólido despois de ver o que ocorreu hai unhas semanas con vostede e co resto dos grupos! Esta era a proposta que tiñamos ata este debate do estado da Autonomía: un goberno alternativo presidido polo ilustre señor Villares como presidente do Goberno. *(Risos.) ¡Non rían! (Risos.) Non, non, non rían... (Risos.) ¡Non rían, señorías! (Risos.) (Murmurios.)* Esta era a proposta que tiñan alí, encima da mesa, se o Partido Popular un día coma este, hai tres anos, non tiveramos a maioría absoluta para poder gobernar e dar estabilidade a Galicia. *(Aplausos.)* Exactamente esta proposta, señoría. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Si, si. *(Aplausos.) (Murmurios.) (Risos.)*

Por iso, señor Villares... —e remato— *(Risos.)* Comprendo que haxa carcajadas desde o Partido Socialista, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* o que pasa é que isto é o que vivimos na Cámara durante tres anos menos quince días. *(Murmurios.)* Estas son as crónicas, non as críticas. ¡Se eu non critico nada! *(Murmurios.) (Risos.)* ¡Se despois do que vimos, todo é posible! *(Risos.)* ¡Todo é posible despois do que vimos nesta Cámara, xa non en anteriores lexislaturas —e citei 19 responsables políticos—, senón nesta mesma lexislatura, que aínda queda un cuarto de tempo por disputar!

Señora Pontón, alá vostede e a súa forma de facer oposición; con iso non creo que lle vaia ben. Probablemente hoxe non tivo o mellor día. «Ningún proxecto novo», di vostede. Claro, porque precisamente o nacionalismo é a cousa máis novidosa do mundo. *(Risos.)* «Intranscendencia», considera que os proxectos da Xunta de Galicia son intranscendentes; e o que é intranscendente para Galicia, afortunadamente, é a dimensión do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

Se Galicia é —segundo vostede— un bonsai, ¿vostedes que serían nese bonsai? ¿Exactamente que dimensión terían dentro dese bonsai co que vostede, de forma depreciativa, cualifica o país? ¿Que lonxitude tería o Bloque Nacionalista Galego? A Galicia máis cativa é a do nacionalismo, señora Pontón. ¿Por que? Porque vostede cre que non somos galegos todos aqueles que non sexamos nacionalistas. Cre que toda Galicia maioritariamente está equivocada e que só vostedes están no certo, e iso si que é antigo, señoría, iso si que é excluín-te e iso si que é facer de Galicia un bonsai. *(Aplausos.)*

Decía vostede que o Partido Popular representa o pasado. ¡Home!, certamente as propostas que vostede concretaba hoxe son absolutamente novidasas: un concerto económico é a solución para o financiamento de Galicia. Esa é unha novidade do Bloque Nacionalista Galego dos últimos corenta anos. Un concerto económico onde non hai un só profesor universitario que se prece que poida poñer unha sinatura despois desa proposta, que é simplemente lesiva para o país. Unha novidade tamén para o BNG —que si ten un proxecto novidoso— é a tarifa eléctrica vasca, que non existe e que ademais sería ilegal, porque non se pode romper a tarifa



eléctrica no territorio nacional. É que, ademais, no caso de que tiveramos unha tarifa galega, suporía un déficit de máis de 300 millóns de euros. (*Murmurios.*) Xa sei como botan vostedes as contas: vostedes confunden as contas cos contos, pero aquí estamos falando de contas. (*Aplausos.*)

Cinco grandes proxectos de crise. Señora Pontón, segue vostede falando de emigración, e non pasa nada. Vén aquí e di que marcharon 200.000 galegos. E segue dicindo que si, ¿que máis lle dá? ¡Como vostede é nacionalista, pode dicir o que lle pete! (*Risos.*) ¿Que máis dá? Inventa as cifras e dá exactamente igual. Como cando di que Galicia non converxeu con España ou non converxeu con Europa. Bueno, se vostede o di... Galicia é a comunidade autónoma que máis converxeu con España nos últimos dez anos. Galicia é a comunidade autónoma que menos se desviou da converxencia europea, a segunda de toda España nos últimos anos, ¡e vén vostede dicir aquí que nós non converxemos con ninguén! (*Murmurios.*)

Mire, señora Pontón, simplemente debería —para tratar en serio os temas do retorno e os temas dos movementos migratorios— tomar en serio as cifras e non vir aquí tocar de oído. O saldo positivo de Galicia no último ano foi de 13.000 persoas máis que entraron que as que saíron; eses son os datos do Instituto Nacional de Estatística. A converxencia de Galicia coa media da riqueza española entre o ano 2008 e o ano 2018 subiu un 9,4 %, seguido de Estremadura, cun 9,2 %, do País Vasco, cun 9 % —o crecemento do PIB per cápita—. Somos a primeira comunidade autónoma de España en dez anos. Ese é o resumo da política económica do Partido Popular de Galicia. (*Aplausos.*) Despois de Estremadura, somos a comunidade autónoma con mellor evolución en converxencia europea, a mellor. Por iso dá exactamente igual falar en serio que dicir o que a cada un lle pete, que empezar a inventar estatísticas.

Nos últimos dez anos en Galicia entraron 30.000 persoas máis das que saíron, a pesar da recesión e da crise económica. Por iso, señora Pontón, creo que non é razoable o que vostede nos imputa porque, simplemente, non é certo, e ademais leva vostede toda a lexislatura con este mantra para ver se é capaz de enganar a alguén.

¿Sabe que o ano 2007 foi o ano en que máis mozos saíron de Galicia entre 16 e 34 anos? Vostede estaba aí, nada dixo. E o saldo migratorio acumulado dende o ano 2009 foi: marcharon de Galicia 297.000 persoas e viñeron a Galicia 337.000; é dicir, hai un saldo positivo de 40.000 persoas máis —as que entraron das que saíron—.

Estes son os datos do Instituto Nacional de Estatística. Por iso me parece especialmente grave que nun debate coma este, onde deberíamos cando menos utilizar as cifras oficiais, vostede veña aquí dicindo que non converxemos con España, que non converxemos coas economías europeas, que perdemos 200.000 galegos nestes últimos anos, etc.

En materia de electrointensivas é a primeira vez que o BNG non é capaz de defender o emprego das industrias electrointensivas en Galicia por non incomodar o Partido Socialista Obreiro Español, a primeira vez. (*Murmurios.*) Si, señora Pontón, a primeira vez.

Di vostede que a nosa política está moi anticuada e que levamos moito tempo aquí. Eu, cando cheguei a esta Cámara como conselleiro, sen ser deputado, xa era vostede deputada. (*Mur-*



murios.) Mire se leva vostede tanto tempo aquí que leva máis tempo ca min, a pesar de que eu só estiven cando os galegos me votaron cada vez que lles preguntamos o sentido do seu voto. *(Aplausos.)*

Hai que falar dos traballadores sen incomodar o Partido Socialista. É o novo credo do BNG. Non se pode falar das Pontes, non se pode falar de Meirama, non se pode falar de todo isto porque isto sería incomodar os socios. Si, si, hai que falar de Isowat e hai que falar de Poligal, diso si. Pero, claro, falar de Ence, falar de Reganosa, falar de Meirama, falar das Pontes, diso non, non vaia ser que incomodemos os socios ou que simplemente queiramos pechar compañías que dan emprego a máis de 20.000 persoas. *(Murmurios.)*

¿Señoría, como pode dicir vostede, como unha das máximas defensoras do Bipartito, que é un desastre a política de dependencia cando o Bipartito tiña un presuposto superior a 10.500 millóns de euros e pagaban a 14.000 dependentes cada mes, e nós temos un presuposto inferior a 10.000 millóns de euros e pagamos a 61.000 dependentes cada mes? *(Murmurios.)* ¿Como pode vostede falar aquí de dependencia sen ruborizarse?

Mire, señoría, eu non veño aquí apoiar ningún plantexamento extremo nas ideoloxías, nunca o fixen; nunca iría nunha lista electoral e nunha papeleta con Bildu e Esquerra Republicana de Cataluña. Nunca o faría. *(Aplausos.)*

Hoxe, señoría, que se está celebrando en Barcelona o debate do estado da Autonomía catalá, o señor president da Generalitat dixo que os presuntos terroristas de Esquerra Republicana de Cataluña eran uns cidadáns comprometidos. Xa ve vostede como entenden iso as ideoloxías extremas no país. Por iso, cando me fala vostede de extremos e de ideoloxías extremas, supoño que non se referirá, sen ningunha dúbida, aos seus socios nas eleccións europeas.

Dicir que a política forestal do Partido Popular é unha política pirómana é unha expresión pirómana, señora Pontón. Eu propoño que a retire do *Diario de Sesións*, porque non a merecemos. Non a merecen as 6.000 persoas que estiveron traballando este mes para un goberno que vostede considera que é un goberno pirómano. E, ademais, vindo do BNG e falando de resultados nos lumes forestais, é outra vez unha falta de respecto aos datos e á historia.

Señora Pontón, ¿como é posible que critique cunha man a fusión das caixas e con outra man que as caixas se puideran sacar á subasta para que se puidera presentar calquera entidade financeira española, europea ou mundial? ¿Como é posible? ¡Pero se vostedes estaban de acordo coa fusión das caixas! ¡Se daquela no BNG había plantexamentos de país! Aínda que o propuxera o Partido Popular de Galicia, non significaba que a proposta en si mesma nacera viciada. Ao contrario, o BNG fíxoo e votou a favor da fusión das caixas, por suposto, en contra do Partido Socialista Obreiro Español. Sempre está o Partido Socialista Obreiro Español. Sempre que se trate de falar de Galicia, sempre está o Partido Socialista Obreiro Español defendendo Galicia. ¡Menuda broma! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Di vostede que alguén comprou as caixas. Si, sacáronse a subasta. ¿Houbo algunha entidade financeira dalgunha comunidade autónoma que subsistira á política financeira do señor Rodríguez Zapatero? *(Murmurios.)* ¿Houbo algunha caixa en España que subsistira ao labor de



desgobierno do gobernador do Banco de España? ¿Houbo acaso algo que ensinar dende o Partido Socialista no que se refire á restructuración bancaria en España? ¡Pero é sorprendente isto! Loitamos contra o Partido Socialista, que quería simplemente que desapareceran todas as entidades financeiras en Galicia. Querían que as 5.000 persoas que traballan en Abanca desapareceran, como desapareceron, por exemplo, outros bancos galegos. E puxémonos e conseguimos, primeiro, que se inxectara para sanear as caixas, do mesmo xeito que se inxectou para sanear as caixas catalás ou as caixas madrileñas ou as caixas andaluzas. Por iso é sorprendente que Castela-León, Castela-A Mancha e Valencia perderan toda posibilidade de ter na súa comunidade autónoma unha sede dunha entidade financeira. Non me veña aquí vostede imputar este feito. Síntome moi orgulloso do que fixemos polos 5.000 traballadores de Abanca e por manter a sede social en Galicia. *(Aplausos.)*

Mire, señoría, vostede fixo un slogan moi simpático: «Menos Madrid e máis Galicia». Eu estou de acordo absolutamente. *(Murmurios.)* É certo que o slogan exacto por parte do BNG sería: «Nada en Madrid e pouco en Galicia». *(Risos.) (Aplausos.)* Ese é exactamente o slogan que vostede debería defender. Pero o certo e verdade é que das propostas que vostede fai, ¿quere facer unha para que a débeda do porto exterior da Coruña teña o mesmo tratamento que a débeda do porto de Valencia? Estamos de acordo. ¿Quere vostede falar de financiamento? Estamos de acordo. Vostedes queren falar nada máis e nada menos dunha ponencia para o recoñecemento da nación de Galicia; é dicir, dunha ponencia que nos leve a un referendo sobre a nación galega. ¿Que lle parece se celebramos un referendo dentro de doce meses e os galegos van votar o BNG ou as propostas do Partido Popular de Galicia, e consideramos ese referendo que levamos feito nos últimos corenta anos como clarividente para dicir que Galicia é unha parte de España? ¿Non lle parece que ese é o referendo máis claro, máis diáfano e máis democrático? *(Aplausos.)* ¿Realmente a vostede lle gusta o Brexit británico? ¿O seu modelo é o Brexit catalán? O noso non. Deixemos falar os galegos no referendo que imos convocar e se vai celebrar dentro dun ano. Ese é o referendo bo, sen trampa nin cartón.

Por iso, señoría, vostede fai algunhas propostas: que se cumpra a Lei de violencia de xénero. Cen por cento de acordo. Que se cumpra a Lei de normalización lingüística. Cen por cento de acordo. Espere vostede a coñecer a estatística sobre a utilización do galego, que, parece ser, vai saír nos próximos días, a ver se tamén está vostede cen por cento de acordo. Sería bo que, cando os datos son malos, vostedes os critiquen e, se os datos non son malos, vostedes os apoien. Ese é un pacto que me parece bastante razoable.

Pero, en todo caso, señora Pontón, hai cousas que vostede dixo que creo que non as merecemos —non vou describilas, soamente describiu o «dun partido pirómano»—, porque iso non é xusto, e vostede sábeo.

Señorías, vou finalizando porque as cuestións que me plantexou o señor Sánchez, Antón Sánchez, que me fixo aquí unha enumeración de todos os conflitos, de todas as plataformas, que supoño que serán a medias de Podemos, outras serán do BNG, outras serán do Grupo Mixto, outras serán do Partido Socialista... Empezou a falar vostede dos venres, a criticalos. Eu dixen: é probable que empece a criticar os venres sociais. Non, son outros venres, os venres negros. ¿Aos venres negros da Televisión Española se refire vostede? Non, iso non vale criticalo. Non, iso non. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* En todo caso,



señor Sánchez, para falar de conflitos non fai falta saír do Parlamento nin saír do seu grupo, honradamente llo digo.

Falan en nome da maioría de Galicia cando nin tan sequera saben como se chama o seu grupo, que acaban de bautizar. Ata hai unha semana na Cámara non se podía dicir o portavoz do Grupo Mixto como portavoz de En Marea, porque era vostede, e agora resulta que vostedes xa non son En Marea, son o Grupo Común da Esquerda, ao que, evidentemente, deputados con prestixio e con información chaman «Podemos». Pois, en fin, eu vou nos chamar como vostedes queren ser chamados: Grupo Común da Esquerda.

Dixo esta mañá, facendo un xogo de palabras, que eu non sabía distinguir entre último e derradeiro. Sei perfectamente distinguir entre último e derradeiro: este é o derradeiro debate desta lexislatura. *(Risos.)* ¿Estamos de acordo, señor Sánchez? O derradeiro debate do estado da Autonomía desta lexislatura. No próximo pleno eu podo asegurarlle que estarei aquí debatendo na sesión de control. ¿Vostede pode asegurar que vai ser o portavoz do seu grupo no próximo pleno, señor Sánchez? *(Aplausos.)*

Señor Sánchez, a serra do Oribio. ¿Pero vostede non sabe que o parque do Oribio está autorizado dende o ano 2007 polo Bipartito? *(Murmurios.)* ¿Vostede non sabe que está autorizado nada máis e nada menos que por un goberno progresista —un goberno progresista que puxo 12 xeradores e que nós queremos diminuír de 12 a 8?— E iso é malo. Hai que ter 12, non se pode baixar a 8. A contaminación paisaxística é superior en 8 que en 12. Esa é a proposta da Esquerda en común; é dicir, cantos máis aeroxeradores, mellor e, se queremos sacar aeroxeradores, iso é peor. ¡É sorprendente! Todos os informes favorables e agora resulta que porque unha empresa quere diminuír o número de aeroxeradores nos temos que opoñer. ¿Non será, señoría, que lles molesta a algúns que o imposto, o primeiro imposto que houbo en España, o do canon eólico, tribute en función do número de aeroxeradores e agora resulta que van tributar menos? ¿Será iso? ¿Pero non sabe vostede que nós plantexamos ese tributo non con afán recadatorio, senón con afán ambiental?

As empresas esas que vostede di que son malísimas están de acordo con vostede, non queren pagar o canon, e nós, señoría, queremos que paguen o canon. Iso si, se diminúen o número de muíños, entón pagarán menos, pero pagarán. Por iso nos sorprende que vostede colla este asunto do parque eólico do Oribio coma se realmente fora o paradigma da súa proposta medioambiental.

Mire, en materia de vivenda, seguen vostedes co asunto de vivenda. Supoño que fixeron exactamente a mesma xogada que ao anterior portavoz: que non hai vivendas, que non estamos construíndo vivendas. Pois temos 3.500 vivendas públicas de alugueiro neste momento á disposición; temos en construción e estamos construíndo 214 vivendas; os mozos teñen apoio para alugueiro e para adquisición; fomos a comunidade autónoma con máis medidas para parar o desafuzamento e evitamos que 1.700 familias quedaran sen casa. Baixamos os impostos —impostos cero— para o 90 % do territorio de Galicia, cando se compra unha vivenda, para a xente con dificultades económicas, para os mozos ou para as familias numerosas. Temos 55.000 familias que recibiron axuda para rehabilitar a súa vivenda e contamos coa maior oferta pública de solo para construír vivendas, 5.200 vivendas. ¿E resulta



que non temos política de vivenda? 86.000 familias beneficiáronse das políticas de vivenda do Goberno actual. Por iso nos sorprende, señor Sánchez, que vostede veña aquí falar da política de vivenda.

Despois fixo vostede unha incursión en Venezuela. Isto recórdame aquela camiseta que vimos no hemiciclo: «Chávez, te lo juro, votaremos a Maduro.»... (*Murmurios.*) ¿Como vou deixalo? Iso foi histórico, señor Díaz. Iso foi unha declaración de intencións —por fin sincera— do seu grupo. Polo tanto, sobre Venezuela, se queren vostedes dar leccións, non teño ningún inconveniente. Eu adiqueime a protexer os 5.000 empregos das caixas galegas, vostedes adícanse aos asuntos de Venezuela. Mire, eu soamente teño dous compromisos en Venezuela: primeiro, con toda a colectividade galega e co Centro Galego, coa Irmandade Galega de Caracas; e, en segundo lugar, coa oposición democrática ao réxime chavista. (*Aplausos.*)

Critica vostede, señor Sánchez, que non somos capaces de conseguir un euro de investimento estranxeiro. E simultaneamente critica que nos adicamos a dar e a vender Galicia aos fondos buitres, ás multinacionais, aos *lobbys*... ¿En que quedamos, señor Sánchez? ¿Investir en Galicia é facilitar a implantación dos *lobbys* e das multinacionais ou non conseguimos investimento estranxeiro? Digan votedes exactamente en que consiste a súa política económica. Non a teñen. Non, non; non a teñen. Non teñen política económica, non. Exactamente non a teñen: non ás térmicas, non ás eólicas, non ás explotacións mineiras, non ás centrais de gas. ¿Cal é a súa política económica baseada nunha política enerxética? Exactamente, ¿que é o que propoñen para que as electrointensivas sigan funcionando?, ¿apagar As Pontes e que Galicia sexa deficitaria en enerxía eléctrica? ¿Cren realmente que defenden os traballadores de Alcoa cando o prezo do megavatio estaba antes do señor Sánchez en 35 euros e agora está en 55? ¿Realmente, esta política enerxética é a política enerxética de Podemos e do Partido Socialista, a política enerxética do paro, a política enerxética de apagar as centrais térmicas como As Pontes, que vai cumprir, se lle deixan, as emisións de CO₂ exixidas pola Unión Europea? ¿Sabe vostede que España está importando enerxía de Marrocos, que producen con centrais térmicas? ¿Sabe vostede que España está importando a enerxía de Portugal, que tamén se produce cunha gran central térmica? ¿Sabe vostede que os alemáns manteñen as centrais térmicas? ¿Por que non se poden manter as centrais térmicas ao mesmo paso que as manteñen os socios da Unión Europea? (*Aplausos.*) ¿Por que? ¿Por que sempre lle toca a Galicia esta política industrial destrutiva do Partido Socialista Obreiro Español? Aí estou de acordo co BNG: se esta central térmica estivera no País Vasco isto non se pechaba. Non, non; non se pechaba. Non, señoría, non se pechaba. Se a maior central térmica... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Hai que encaixar algo... (*Risos.*) Hai que saber encaixar...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Insisto, señoría, eu xa estou acostumado, levo dez anos aquí, coabitei co señor Rodríguez Zapatero, co señor Rajoy e co señor Sánchez. Créanme que soamente intentei defender os intereses dos galegos cos tres presidentes, e créanme se lles digo que unha central térmica que estaba executando máis de 200 millóns de euros, para adecuar as emisións de CO₂ á normativa europea, ningún goberno



a pecharía se non aceptara que os galegos temos os mesmos dereitos que os vascos ou que os cataláns. (*Aplausos.*)

Señorías, señor Sánchez, creo realmente que hai unha serie de consideracións que, se lle parece, non as imos traer a colación, porque non creo que nisto consista a política. Non lle vou faltar ao respecto, entre outras cousas porque lle teño respecto, porque estamos no Parlamento de Galicia e porque, ademais, non merece a pena.

Señorías, o señor Caballero deixounos hoxe dúas perlas para a hemeroteca. Realmente foron boas, non o podo negar, tiven que apuntalas porque non daba crédito. Señoría, vén vostede dicindo que o proxecto está esgotado. «Discurso de despedida». ¿Despedida tamén pode ser porque vostede vai seguir o camiño de todos os seus antecesores ou realmente porque quere despedirse vostede, cando acaba de chegar? «O proxecto está esgotado.» Pero, ¿realmente hai algún proxecto que estea máis esgotado que o do Partido Socialista Obreiro Español, que non foi quen nin de gobernar nin de formar goberno? ¿Realmente, señoría, quere vostede vir aquí nada máis e nada menos que a dar clase de política económica, de política de emprego? É coma se o BNG nos deran clase sobre a unidade de España. Máis ou menos é así, señor Caballero. Esta é unha perla que, como é natural, debería vostede de ir cambiando, porque leva xa bastante tempo con isto, aínda que leve vostede moi pouco tempo exercendo os seus labores.

Di vostede que o Parlamento é a cuna da vida política galega. Efectivamente, non hai máis que comprobar o seu comportamento. «Non hai proxecto nin estratexia», dixo. O Plan estratéxico do ano 2010-2014, o Plan estratéxico do ano 2015-2020 e o Plan estratéxico que presenteí esta mañá, 2020-2030, ¿non lle parecen unha proposta planificada e estratéxica? (*Aplausos.*) ¿Hai algunha comunidade autónoma que fixera máis plans estratéxicos, e non soamente que os fixera, senón que os monotorizara e que tivera un seguimento constante e continuo de cada un dos indicadores dese plan?

Di vostede tamén que non hai produción agraria. Ese é outro mantra do que vostede me fala, igual que o señor Sánchez, e, cando imos concretar as toneladas de carne, vemos que incrementamos; cando imos concretar as toneladas de leite, vemos que somos a oitava potencia europea e que incrementamos; no viño, incrementamos; nas conservas, pesca, etc., incrementamos.

Di vostede que o presuposto da sanidade o diminuímos; 4.000 millóns de euros. ¿Hai algún presuposto nalgún momento que tivera 4.000 millóns de euros na sanidade? Plantexa vostede, señoría, que diminuímos o número de empregados da sanidade pública. Pois 2.300 empregados máis que na anterior lexislatura. Pero, ¿realmente, de onde colle vostede as estatísticas?

O sector industrial. Pero, ¿realmente, señoría, pode vostede falar de sector industrial sen ruborizarse? Vén aquí falar do índice de produción industrial. Resulta que tivemos récord de índice de produción industrial durante todos estes anos ata que chegou o Partido Socialista ao Goberno central. Esta mañá concretabamos: o índice de produción industrial interanual subiu un 7,2 %. ¿Que foi o que pasou? Que a enerxía diminuíu un 123 %. ¿Por que diminuíu a enerxía nun 23 %? Porque Meirama está pechada e porque As Pontes leva sen funcionar nos últimos catro, cinco meses. Entón, a responsabilidade do señor Sánchez resulta que é a



responsabilidade do señor Feijóo. E di vostede que incluso me vai axudar. ¿A que me vai axudar?, ¿vaime axudar realmente a traballar por algunha proposta ante o Goberno central?

Plantexa vostede cuestións moi sorprendentes: «O peso da industria no PIB non sobe do 16 %». Bueno, no Bipartito estaba no 16,4, no ano 2009, e agora está no 17,2, a pesar da recesión económica. Non fala vostede dos sectores industriais, que estamos destrozando sectores industriais: 8.600 millóns facturados no sector da automoción, 5.700 millóns —un 28 % máis que no ano 2009— nas exportacións da automoción; 23.000 empregos no sector da automoción, 2,50 empregos máis que antes. Un de cada seis coches fabricados en España fábricase en Vigo. Acabamos de conseguir hai uns anos as dúas novas furgonetas de PSA–Peugeot–Citroën e agora temos unha nova: que PSA–Peugeot–Citroën vai fabricar para Toyota. E conseguimos o V20, un SUB de Peugeot para Vigo, que nunca fixera ningún. ¿E resulta que non temos política industrial na automoción?

¿Cal é a súa política industrial no naval?, ¿o *tax lease*?, ¿ese *tax lease* que conlevaba o peche de todos os estaleiros en Galicia e en España? Mire, a pesar do señor Almunia e a pesar do Goberno socialista, nada máis e nada menos que temos a segunda carteira de pedidos do sector naval despois de Holanda en toda Europa: 3.500 millóns de euros de pedidos no sector naval. E fala vostede das políticas industriais.

Hai xente que se ri de ir a Arxentina. Ao mellor, os galegos que traballan alí non se rirían tanto, ao mellor as seis empresas galegas que dan 5.000 postos de traballo na pesca en Arxentina non se rirían tanto e ao mellor o maior caladoiro de lagostino e de pota de América non se riría tanto, cando hai máis de 60 buques pesqueiros galegos nesas augas. (*Aplausos.*) E resulta, señoría, que consideran que isto é unha broma. ¡Unha broma!

Miren, señorías, sobre a política industrial e o Partido Socialista, neste momento en Galicia fai falta ter un problema en política, que consiste en non distinguir a verdade da mentira. Ese é un problema moi importante, sen ningunha dúbida, por iso a segunda perla que nos deixou o portavoz actual do Partido Socialista é que nos vai ben aos galegos cando hai un goberno socialista en Madrid. Iso forma parte, señoría, do seu discurso político desta tarde. Pois se vostede cre que a Galicia lle vai ben con este goberno socialista en Madrid, asegúrolle que a Galicia lle irá mal cando vostede queira falar de algo serio que afecte as familias de Galicia.

Mire, señoría, Alcoa. ¿Que van facer con Alcoa?, ¿vana enganar outra vez? Dixen que non me alegraba de Alcoa A Coruña. ¿Como me vou alegrar de Alcoa A Coruña se non van facer aluminio primario, que era o que se lles dixeran aos traballadores? ¿É que acaso vostede pode dicir nesta Cámara que Alcoa A Coruña vai volver producir aluminio primario? ¿Si ou non? ¿É que acaso vostede se pode comprometer nesta Cámara a manter os postos de traballo de Alcoa A Coruña despois do ano 2002?, ¿si ou non? ¿Que cre, que como presidente de Galicia teño que calar? ¿Teño que calar para dicir que esa non é ningunha proposta de futuro para os traballadores de Alcoa A Coruña? ¿E agora que imos facer con Alcoa de Lugo? 1.600 familias, o 33 % do produto interior bruto de Lugo. E agora ¿que imos facer?, ¿dicir que a culpa é do señor Feijóo?, ¿que a culpa é de que o señor Feijóo non ten unha política industrial e unha política enerxética e que vostede está disposto a axudar. ¿A axudar a que?, ¿a afundir Alcoa?



Mire, señoría, isto é moi serio, e non debemos de xogar con isto. Se vostede ten que enfrontarse co seu goberno, fágao. Pódolle asegurar que lle iría mellor a nivel político. Ao mellor, non lle vai mellor desde o punto de vista dos seus galóns no partido, pero hai que decidir ás veces entre o Partido e o país, e namentres haxa que decidir entre o partido e o país sempre hai unha diferenza: nós eliximos o país e vostede elixe o partido. *(Aplausos.)*

Mire, señoría, impútaseme o incremento da débeda pública en Galicia por varios portavoces, incluído vostede, que di que é profesor de Economía. Non o discuto, seguro que é un excelente profesor. Pero ¿por que vostede non di que a comunidade autónoma de España que menos se endebedou nos últimos dez anos é a Comunidade Autónoma de Galicia? ¿Por que non di vostede que a Comunidade Autónoma de Galicia é a comunidade que máis pronto paga aos provedores de toda España? ¿Por que nos quere diminuír os méritos que as familias e as empresas galegas conseguiron durante a recesión económica?

Galicia é a comunidade autónoma que menos incrementou a súa débeda dende o ano 2009. A débeda de Galicia está 6,1 puntos por debaixo da media da débeda de España. Cada galego debe 4.000 euros menos que a media do resto dos españois en relación coas débedas das súas comunidades autónomas. ¿Por que isto non se di e vimos aquí trabucar, realmente, os asuntos da débeda pública?

Mire, señoría, cando cheguei ao Goberno, a débeda pública en Galicia estaba por riba da débeda media das comunidades autónomas, e agora, a débeda pública en Galicia está por debaixo da débeda media das comunidades autónomas. Por iso deberían poñerse de acordo en algo como, por exemplo, as estatísticas de paro, as estatísticas da EPA. Resulta que nos veñen falar, nada máis e nada menos, da situación do emprego. ¡Pero se cando cheguei ao Goberno se destruíron en Galicia, no último ano do Bipartito, 54.000 postos de traballo —¡54.000 postos de traballo!— e máis de 30.000 afiliacións á Seguridade Social!

E agora resulta que vén aquí vostede plantexar unha política de emprego e unha política que debemos de copiar, porque é unha política exitosa. ¿Exitosa significa deixar España ao bordo do rescate? ¿Esa é a política económica do Partido Socialista? Realmente, esa é a política económica que nos propón copiar, esa é a política económica da que vostede se sente orgulloso. Esa política económica non lla imos comprar os galegos.

En agosto deste ano temos 153.000 parados menos que en agosto do ano 2009. *(O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): ¡Señor Lago!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): No que se refire ao emprego, señor Lago, a afiliacións á Seguridade Social, en agosto deste ano temos máis das que había en agosto do ano 2009. *(O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Non, non, non. Señor Lago, vostede non está actuando.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): As afiliacións á Seguridade Social. En agosto do ano 2019 temos máis das que había en agosto do ano 2009. No que vai de lexislatura, 68.000 afiliados máis á Seguridade Social. Bueno, ten vostede razón, señor Lago, non son 68.000, son 68.356. (*Aplausos.*)

En 2008 e nos anos anteriores a taxa de emprego indefinido era inferior á de agora. En 2008 había menos mulleres cotizando á Seguridade Social que agora, e a proporción de traballadores a xornada completa en Galicia hoxe é superior á de España: dous de cada tres asalariados teñen contrato indefinido e a tempo completo.

E agora entramos no truco da poboación ocupada. Esa é a estatística que lles interesa a vostedes. Efectivamente, en menores de 35 anos, temos 150.000 ocupados menos, pero en maiores de 35 temos 97.000 ocupados máis. ¿Non terá isto que ver coa evolución demográfica? É que temos moita menos xente menor de 35 anos da que tiñamos hai dez anos. (*Aplausos.*) ¿Por que veñen aquí falar de emprego, de paro, de EPA e de poboación ocupada sen realmente falar en serio de todos os termos que queiramos plantexar? ¿Realmente cren vostedes que antes estaba mellor a sanidade pública que agora?

Falan vostedes de exportacións. Preocúpanlles as exportacións, pero non lles preocupa que levamos cinco anos de récord absoluto de exportacións en toda a economía galega na historia económica do país. E este ano temos dous problemas en exportacións: o problema enerxético e o problema da automoción, que ten moito que ver coa broma do diésel da política industrial e enerxética do Goberno socialista. Pero non se preocupe, estou convencido de que, pese a PSA-Peugeot-Citroën-Opel, remontaremos no último cuadrimestre.

E se vostedes non pechan As Pontes, volveremos outra vez ocupar unha porcentaxe de produción industrial, no que se refire á enerxía, outra vez razoable, porque a nosa produción industrial é un 7 % superior á do último ano. Só nos falla a enerxía.

Non fagamos trampas, porque, se facemos trampas, isto significa que este debate é un debate tramposo. Aquí vimos falar para os galegos, e os galegos teñen dereito a saber exactamente o que ocorre no seu país. Eu, dende logo, non vou calar nunca para explicar o que ocorre no seu país, porque é o meu país.

Fala vostede de políticas de progreso, de como se deben executar as novas políticas progresistas nas deputacións. Permítame que lle concrete a execución dos presupostos nas deputacións do Partido Socialista.

Execución do presuposto do 2018 da Deputación da Coruña: executado o 37,8 %; execución do presuposto da Deputación de Lugo, executado o 53,6 %; de Pontevedra, o 47,57 %. ¿Esta é a súa política de execución presupostaria? ¿Este é o seu modelo? Pois comprenderá, señor Caballero, que disto non creo que lle interese falar.

I+D+i. Somos a segunda comunidade autónoma que máis incrementamos o investimento en I+D+i, superando os 570 millóns de euros. O incremento foi do 13,14 %. Duplicamos a media de España. A media de España foi do 6,1% e a media da Unión Europea é do 3,8 %. Ese é o



esfuerzo en materia de I+D. O feito de que levásemos atraso en materia de I+D non pode deixar de poñer en valor o que estamos acelerando nestes últimos anos. *(Aplausos.)*

Mire, señoría, di que o Goberno da Xunta fracasou. Eu dígolle que me tranquiliza que chame fracaso a este goberno para quen estas dúas lexislaturas do señor Sánchez foron un éxito. Se vostede considera que as lexislaturas de Sánchez foron un éxito, comprenderá que pense que a lexislatura da estabilidade, da centralidade, é un fracaso.

Di que a estabilidade é unha agonía. Non, a estabilidade é o baseamento das democracias. ¿Como que é unha agonía? Agonía é a que estamos vivindo agora. ¡Se vostedes din que non poden durmir porque non poderían gobernar con Podemos! Pero, ¿que broma é esta, cando nesta Cámara quedou acreditado que a única solución que teñen vostedes é «desgovernar» xuntos.

¿Vostede podería durmir? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Por que lle toman o pelo a tanta xente tanto tempo? *(Aplausos.)*

Señor Caballero, se vostede non criticou a Fundación Ortega é evidente que a transcripción das súas manifestacións está trucada. Non creo que os medios de comunicación truquen as súas manifestacións, pero non importa. Se vostede vén aquí poñer en valor os 90 millóns de euros da doazón da Fundación Ortega en favor das políticas sociais da Xunta de Galicia, benvido ao sentido común.

Comprenderá que no resto dos grupos non estean de acordo con vostede, pero iso dá igual, porque vostede pode cambiar de opinión rápido; en consecuencia, iso depende. Pero di vostede que hai que escoitar o portavoz do Grupo Parlamentario Popular. Supoño que o escoitou con moita claridade; polo tanto, podemos estar de acordo. Se hai que escoitar o portavoz do Grupo Parlamentario Popular, podemos estar de acordo.

Eu escoitaba con moito interese o señor Leiceaga. Eu estou convencido de que o señor Leiceaga nunca diría na Cámara que o actual Goberno socialista en Madrid é unha garantía para Galicia. Estou convencido; é máis, é que mirei para el no momento que o dixo e non vou describir a súa faciana por respecto ao señor Leiceaga. *(Aplausos.)* Si, si...

Sobre os 700 millóns de euros, creo que o portavoz do meu grupo llo explicou axeitadamente. Di que xa está solucionado. É dicir, débennos 700. ¿Prometen que están estudando unha fórmula para pagar 330 e que xa está solucionado? E o señor Caballero vén aquí dicir: «Se está solucionado, señor Feijóo, ¿para que fai vostede tanto teatrillo?». Pero, ¿como que teatrillo? Pero, ¿vostede cre que lle imos regalar 400 millóns de euros ao Goberno do señor Sánchez? ¿Vostede non vai estar de acordo con nós en que pague o que debe? É dicir, que o Goberno de España vai quedar con 13 mensualidades do imposto do valor engadido e as comunidades autónomas imos ter 11? ¿Pero non se dá conta de que o presidente da Generalitat Valenciana ou a presidenta do Goberno balear non o van aceptar aínda que vostede o teña que aceptar por disciplina de Ferraz? ¿Pero non se dá conta de que iso é un conto? ¿Como podemos dicir aquí que os dos 700 millóns de euros está solucionado? Se foramos gobernados, señoría, por este carrusel de oposición, non habería máis que unha enorme inestabilidade.



Mire, eu vin falar esta mañá de Galicia e, en consecuencia, de España. ¿Por que? Porque me importa España. Porque, ademais, España afecta os galegos. E, ¿por que? Porque somos España.

A situación na que está España tamén é a situación do Estado da autonomía, das autonomías. E eu, como quero a Galicia, non quero que Galicia estea na mesma situación que España. E tamén, como quero a España, creo que España podería copiar o modelo político que temos en Galicia.

Vostedes critican que este debate se anticipase dúas semanas. ¿Son vostedes conscientes de que son os responsables de que se anticipen dúas eleccións en seis meses? Vostedes critican o balance deste goberno. ¿Son vostedes conscientes de que son responsables de que o balance deste goberno de España sexa dúas lexislaturas fracasadas? Vostedes critican as propostas da Xunta de Galicia que fixemos para este ano 2019 e as que fixemos ata o 2030. ¿Son vostedes conscientes de que levan dez anos na oposición e de que non hai un só galego que poida concretar unha proposta en beneficio de Galicia dos partidos que conforman a oposición en Galicia?

Falan vostedes, señoría, e critican o compromiso da Xunta de Galicia, e ao tempo queren que Galicia copie a inestabilidade de España. Mire, Galicia ten problemas, claro, todas as familias teñen problemas; as persoas tamén temos problemas, os pobos teñen problemas. A pregunta é: se non tiveramos estabilidade, se non traballáramos con responsabilidade, ¿que sería de Galicia?

Vostedes propoñen para Galicia un goberno, un goberno que fracasou en España e que vostedes mesmos din que non queren para España, e o que estivemos escoitando durante estas semanas sobre as manifestacións do Partido Socialista, así como os cualificativos que lle trasladaron ao Partido de Podemos, é algo, señorías, que nos quedou gravado na memoria.

¿De verdade que vostedes nos queren tomar o pelo con tanta intensidade? Gobernan en todas as institucións galegas onde o Partido Popular non sacou maioría absoluta e agora resulta que din que non poden gobernar no Goberno da nación.

Vostedes propoñen para Galicia un goberno co que vostedes mesmos din que «ninguén podería durmir tranquilo». Esa é a súa proposta de goberno. Quero dicirlles que a min non me desvela nin o nacionalismo, nin o populismo, nin o extremismo, porque eu teño un pacto con Galicia. A min o único que me desvela é que aínda haxa xente no paro e o único que me desvela é, señorías, que aínda non facemos todo o que nos gustaría facer. E, desde logo, este goberno e eu estamos máis espertos para que Galicia poida acadar os seus sonos, pódollo asegurar.

O que non nos deixaría durmir sería que unha oposición cuadripartita se convertera nun desgobierno multiplicado por catro. Iso, dende logo, non deixaría durmir a maioría de Galicia. E, como a maioría de Galicia quere estabilidade e centralidade, nós seguimos comprometidos coa estabilidade e coa centralidade de Galicia, porque Galicia é a nosa familia.

Moitas grazas. (*Prolongados aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

Seguimos.

Réplica dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Villares.

O presidente non pediu tempo tampouco de descanso. Así é que imos xogar todos igual. (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, o presidente non pediu o tempo, e aquí tampouco o imos dar. Vai todo seguido xa. Adiante. (*Murmurios.*)

¡Home!, imos xogar todos igual. (*Murmurios.*)

Señor Villares, cando queira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Hai que acabar xa, que o debate está... (*Risos.*)

O señor PRESIDENTE: Non, non, pero as cousas son como son.

Adiante.

O señor VILLARES NAVEIRA: Señor presidente, dixo que estaba vostede comprometido co cambio climático. Entón, poderán votar pasadomañá unha proposta que imos presentar sobre a declaración de emerxencia climática para o noso país.

Desgaleguizar o debate para nós é vir aquí botarlle a culpa a España de todo o que pasa. Insistimos, Galicia ten autogoberno. Pareceranos pouco. A vostede parécelle suficiente porque en dez anos de goberno non conseguiu ningunha transferencia para o noso país —e non sempre gobernaron os socialistas poñéndolle trabas nese nivel competencial que vostede quereda para o país—. Polo tanto, se está satisfeito co que hai, non é para que lles bote a culpa aos demais do que non é capaz de facer.

Dixo que hai máis mulleres cotizando á Seguridade Social. Temos que mirar ese dato. A incorporación de mulleres á Seguridade Social nos anos aos que vostede se refire supón a incorporación de mulleres nos tramos salariais máis baixos. E iso significa que a incorporación da muller ao mercado de traballo, tal como vostede está defendendo, é a de man de obra precaria. Nós pensamos que as mulleres teñen igual dereito que os homes a ter traballos igual de ben remunerados, e que, polo tanto, a masa salarial como consecuencia dos traballos que realizan ten que ser equivalente á dos homes, algo que non está sucedendo e que ademais se incrementou no diferencial durante o tempo que vostede goberna.

Co tema das residencias —está o *Diario de Sesións* para dicilo, non terxiverse as miñas palabras—, co tema da Fundación Ortega, sei que quería poñer a toda a oposición no mesmo sitio, pero eu o que dixen foi o seguinte: a min paréceme moi ben —parécenos moi ben— que vostede acolla con gratitude a beneficencia, parécenos moi ben, pero o que non entendemos é



que, se fan falta recursos públicos, por exemplo, para construír residencias, en paralelo vos-
tede lles baixe os impostos aos máis ricos. O imposto do patrimonio que vostedes baixaron
nos orzamentos de 2018 para o 2019 —xestionámoslos aquí hai menos de nove meses— supón
unha rebaixa nas 6.000 persoas que máis patrimonio teñen de Galicia de 12 millóns de euros,
recoñecidos na propia memoria orzamentaria. E non me veña dicir que se en Aragón ou se en
tal sitio está dunha maneira ou doutra. ¡Impórtame nada que estea en Aragón así! A nós non
nos importa nada que estea en Aragón así, para nós, mentres haxa necesidades que satisfacer,
é necesario aplicar a xustiza fiscal por riba da beneficencia. Porque a Fundación Ortega está,
pero podía non estar, e entón quedaban as residencias sen facer. E podían estar feitas se hou-
bese un réxime fiscal xusto, e un réxime fiscal xusto significa ir buscar a riqueza onde está e
ás 6.000 persoas máis ricas de Galicia non regalarlles os 12 millóns de euros. *(Aplausos.)*

No tema dos eólicos, nós apostamos pola enerxía eólica, pero con sentidiño. Non é necesario
nin atentar contra o patrimonio natural nin contra os bens patrimoniais, que están neste
caso na serra do Iribio —que foi da que máis se falou, pero hai outras—. Pódense facer as
dúas cousas: conxugar medio ambiente e desenvolvemento enerxético e tamén respectar os
dereitos das persoas. Aí voulle pedir que faga unha corrección, e estou seguro de que a vai
facer encantado, que é en relación coas Ons e en relación co Parque Nacional das Illas At-
lánticas. Vostedes no anterior pleno, por unha razón estritamente táctica seguramente, pre-
sentaron unha proposición non de lei pedindo que a declaración de patrimonio da
humanidade fose no seu conxunto, non soamente das Illas Cíes. Ben, nós, a pesar de que
mantivemos unha posición crítica, votamos a favor desa proposta porque pensamos que son
compatibles as dúas cousas: respectar os dereitos dos illáns coa protección e coa declaración
do conxunto do complexo arquipeláxico como patrimonio da humanidade. Polo tanto, desta
vez estou seguro de que non terá ningún problema en facer esa rectificación.

Co tema do eucalipto, claro, deberon de poñer todos os eucaliptos á beira das estradas, por-
que é o único que se ve polo noso país. Mire, hai unha diferenza de case 200.000 hectáreas
entre os datos que eu lle daba e os que daba vostede; entón, dalgún sitio sairá a diferenza.
Estivémola mirando agora cos datos da propia Comisión dos lumes que se fixo neste Parla-
mento e hai practicamente 150.000 hectáreas de masa mixta que vostedes non computan
como eucaliptal e que nós si. Á parte os propios expertos din que en moitos casos un 90 %
desa superficie está nun eucaliptal. Entón, aínda que teña algún piñeiro polo medio, é prac-
ticamente eucaliptal. De aí sae a diferenza de case 200.000 hectáreas. Polo tanto, para nós
é superficie excesiva polas razóns que comentei antes, e parécenos que debera dar lugar a
unha modificación da política forestal nese sentido.

Co tema da execución, claro, a min sempre me dá que pensar que haxa unhas partidas que
nunca se executen de todo e outras que si, porque se un vai á memoria —e están consultados
os libros directamente emitidos pola propia Xunta de Galicia, pola consellería pertinente—
ve como hai algunhas partidas que se executan correctamente ao cen por cento cando remata
o ano e hai outras —que case sempre son as mesmas— que teñen un índice de execución
máis baixo, e non sempre se deben ás transferencias doutras administracións, como é o caso
que me acaba de contar. Polo tanto, o que lle pedimos é que —á parte, detectando esa con-
tinuidade en determinados ámbitos— sexan especialmente coidadosos e que cumpran a pa-
labra do discurso coa palabra orzamentaria e que executen o cen por cento.



Discrepamos tamén na cuestión do IPI. O índice de produción industrial vai xenial, salvo na enerxía, pero é que a enerxía, claro, ten moita importancia no noso país e, polo tanto, párecenos que non se pode restar importancia ao desplome que supoñen no IPI estados empresariais ou estados industriais como o de Isowat, o de Poligal, o de Alcoa, o de Ferroatlántica, ou o de tantas outras, que supoñen un problema real e que non son inventados. É que non é dicir: se o descontamos, non hai problema. Xa, pero é que non se poden descontar, porque son un verdadeiro problema para o noso país. Polo tanto, aí é onde lle reclamamos políticas activas nese sentido.

Como estaba interesado na defensa climática que faciamos e antes non puiden acabar de expoñer a nosa proposta de acordo social galego contra o cambio climático, fágolle un chamado tamén a que vostedes se sumen. E as propostas que facemos son 7 —a ver se desta vez teño sorte—, e son as seguintes.

En primeiro lugar —e convídoos a que sume a isto, e, se o fai, estaríamos encantados de iniciar un proceso de diálogo con vostedes, co Goberno, tamén para traballar neste sentido no que queda de lexislatura e na que vén, sexa onde sexa o lugar onde nos encontremos un e outro—, comezar un proceso de descarbonización do país que implique a eliminación do carbón como fonte de enerxía, comprometéndose a xerar o cen por cento de electricidade con fontes renovables no próximo decenio —e engadimos, a renglón seguido, que hai que ter en conta toda a cantidade de emprego industrial que nestes momentos depende deste sector e que se vai destruír—. Nós pediámoslle, preguntábámoslle: ¿que fixo vostede ata agora? E eu pregunto agora: bueno, no que se fixo ata agora pouco se pode facer, pero si de cara ao futuro. Entón, o que lle pedimos é que tomen medidas, e nós propoñemos, por exemplo, o desenvolvemento dun *hub* na eólica mariña en Ferrolterra, que era unha maneira de recolocar traballadores e de reabsorber emprego, que esa comarca vai ser castigada especialmente como consecuencia do peche das Pontes.

En segundo lugar, algo que é moito máis transversal, se se quere: a reconsideración e a redución dos tempos de traballo no sector público e nas empresas, xerando horas dispoñibles para satisfacer as necesidades de conciliación familiar. Claro, é intentar traballar menos para repartir máis o traballo, porque camiñamos cara a iso no futuro. Polo tanto, é bo que se vaian dando nas cámaras políticas este tipo de debates. Nós queremos incluílo como unha proposta tamén, ou polo menos falalo.

En terceiro lugar, un programa de investimentos e mobilidade do futuro que reduza a dependencia do coche particular e comprometido co deseño do coche e do bus eléctrico e híbrido. Pareceríanos interesante que a Xunta de Galicia apostase tamén por un I+D+i apoiando todo o sector do automóbil que hai na área metropolitana de Vigo, non soamente no coche eléctrico, senón tamén promovendo formas de transporte colectivo eléctrico, algo que ata agora non se está falando e que nos parece que sería interesante.

Igual que —e temos marxe fiscal para facelo— nos parece interesante unha nova fiscalidade baseada na creación de novos impostos verdes, pero especialmente para fomentar e premiar novas iniciativas. Ademais, dá idea o que permite a Lei de contratos do sector público: que toda compra pública acabe vertendo sobre a contratación baixo parámetros ecolóxicos, o de-



seño de liñas de axuda económica e regulacións para desenvolver actividades produtivas relacionadas coa bioeconomía e a transformación do sector da construción —e aí algo apuntou vostede co tema dos ecobarrios, pero pensamos que iso pode ter un alcance moito máis amplo— cara a un modelo que fomente a implantación de novos materiais, coa minimización de residuos, a eficiencia enerxética ou o uso eficiente da auga. Hai pouco —refírome a hai uns meses— plantexábase en Lugo a posibilidade de levantar un edificio en madeira, e sen embargo a normativa non o permitía, a pesar de que era un edificio que podía ser punteiro conforme as novas técnicas construtivas, tamén respectuosas co medio ambiente.

Finalmente, o investimento nun I+D+i verde, con proxectos que desenvolvan un coñecemento avanzado e permitan gañar maior competitividade a través de procesos de produción máis limpos.

Estas son as nosas propostas, que teñen un marcado carácter ecolóxico, pero tamén teñen un marcado carácter social. Dunha forma ou doutra isto vai marcar o futuro do noso país; polo tanto, gustaríanos que se puidera chegar a un grande acordo que transcendese esta lexislatura, por iso lle chamamos «un acordo social e de carácter galego sobre o medio ambiente e contra o cambio climático» que puidese afondar no traballo de executivos vindeiros, sexa quen sexa o que o xestione.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Vou rematando xa, e non podo resistir rematar así.

Preguntábase antes vostede que tería sido dunha Xunta de Galicia comigo como presidente. Tiñaos vostede moi fácil, só tiña que votarme naquel momento. *(O señor Villares Naveira ri.)* Non o fixo, perdeu a oportunidade, e quen sabe se no futuro poderá facelo.

O que si lle digo é unha cousa: se de min dependera no seu momento, ou depende, ou dependese no futuro, a formación dun goberno galego progresista, eu en ningún caso faría aos electores e ás electoras volver ás eleccións para repetir un proceso electoral cando a democracia falou, e falou claro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Empecei a miña intervención —xa van case catro horas— cunhas palabras, que era expresando a preocupación que tiñamos que ter despois do debate; unha preocupación polo futuro de Galiza, porque temos un goberno sen pulso, sen impulso, porque temos un goberno esgotado, que está conducindo este país á irrelevancia e que ademais non ten ningún proxecto de futuro que ofrecerlle a Galiza.



O único que ten que ofrecernos é un Xacobeo 2021, e non ten nada máis que dicir, con todos os problemas que hoxe seguen existindo na sociedade galega. Non ten nada que dicirlles aos traballadores e traballadoras de Isowat, non ten nada que dicirlles aos traballadores e traballadoras de Alcoa, non ten nada que dicirlle á xente que está esperando para que a atendan porque ten dereito á dependencia, non ten nada que dicirlles ás mulleres deste país. É o mellor síntoma e o mellor retrato do seu esgotamento, señor Feijóo, da súa incapacidade para vir a un debate e realmente facer algo diferente. *(Aplausos.)*

E o que vemos é que, cando se sinalan os problemas, se enfada, cando lle din que é o que está pasando neste país, revólvese na silla, e, iso si, non podía faltar neste episodio a descualificación persoal. Porque, claro, cando non ten argumentos, ten que entrar na descualificación persoal. Claro, non sabemos, non entendemos, non coñecemos as estatísticas... Claro que as coñecemos, señor Feijóo, o que pasa é que nós non vimos aquí manipular o debate, vimos dicirlles a verdade aos galegos e ás galegas *(Aplausos.)*

Porque, mire, Galiza non é un bonsai, é vostede quen está convertendo nun bonsai a Galiza, e está convertendo nun bonsai a Galiza porque avanza a crise demográfica e porque avanza unha crise industrial que nos está deixando sen emprego. ¿Sabe cal é o posto de traballo que máis se demanda hoxe neste país? O de camareiros ou camareiras. É un retrato do problema industrial e dun modelo que non vai traer prosperidade e futuro.

Temos unha crise ambiental, e un problema gravísimo como o dos incendios, e a vostede o que lle preocupa é que eu dixen que o Goberno fai unha política pirómana. *(Aplausos.)* Pois claro que fai unha política pirómana cando segue defendendo os intereses de Ence, cando non cambia o modelo forestal, cando non se aposta realmente pola prevención... E aquí todo é botar balóns fóra, cargando os concellos con responsabilidades —en moitas ocasións sen recursos para poder facelo— e, desde logo, non recoñecendo os seus erros. Porque, mire, os incendios son un problema estrutural que ten este país; a diferenza é como afronta un goberno ese problema. Houbo un país que sufriu unha vaga de lumes moi grave e que reaccionou, que puxo en marcha medidas estruturais para acabar con ese problema. ¿E sabe o primeiro que fixo vostede cando chegou? Poñer punto e final a todas as medidas para que houbera un cambio neste país. *(Aplausos.)* E logo, cando viu como o problema avanzaba, tivo que rectificar. ¿Cal é a cuestión? Que o fai tarde, mal e sen intensidade.

Señor Feijóo, desde logo, este país non necesita seguir medrando en superficie de eucalipto, o que necesita é cambiar, precisamente, ese modelo. E, mire, leva vostede anunciándonos un plan forestal no 2016, no 2017, no 2018. Estamos no 2019 e non hai absolutamente nada, porque o seu goberno é todo un *bluf*, e, desde logo, o que non podemos é seguir nesta situación.

Modelo de financiamento. A súa gran proposta é criticar a proposta do BNG. Claro, eu podería dicirlle que o seu asesor económico, De la Calle, ¿non? —este novo gurú económico— tamén defende o concerto económico, *(Aplausos.)* pero esa non é a cuestión. A cuestión é que nós traemos hoxe aquí unha proposta, que Galicia non pode seguir sen ter unha alternativa. Nós dicimos que defendemos un modelo e queremos defendelo con datos, porque estamos convencidos e convencidas da capacidade de Galiza e non queremos que este país viva da solidariedade, queremos que viva do traballo da súa xente *(Aplausos.)* e que xeremos recursos



suficientes para manter os nosos servizos públicos. *(Aplausos.)* Vostede ao único que vén aquí é a criticar sen poñer alternativas, e o que necesita este país son alternativas nos temas transcendentales, porque nos está conducindo á irrelevancia política.

Fixo unha afirmación que, sinceramente, creo que o debía de facer reflexionar precisamente sobre isto. Dixo que en Euskadi o Goberno central non pecharía unha central térmica como a das Pontes, e eu preguntolle se iso non lle di nada de cal é o seu papel como presidente da Xunta. *(Aplausos.)* ¡É o maior retrato da súa incapacidade... *(Murmurios.)* *(Aplausos.)* ...para poder defender este país!

Iso si, recorre á mentira. Non sei de onde sacou que nós non falamos das Pontes. Falamos das Pontes neste debate e tamén imos falar das Pontes nas propostas de resolución, porque non cremos que a solución sexa pechar e deixar unha comarca tirada. Sábeo vostede, pero prefire manipular, porque é o que máis lle gusta e o que se lle dá mellor. *(Aplausos.)*

E ten que explicarlles aos galegos e ás galegas o que vostede non fixo, porque hoxe a situación sería diferente se se tivera aprobado unha proposta que estivo neste Parlamento, que era o que nós defendemos: que haxa unha rebaixa nas peaxes que pagamos, iso é, a tarifa eléctrica galega. E hoxe vén aquí dicir que non pode haber tarifas desiguais. ¡Pero é que este ano xa temos unha tarifa desigual! Os galegos e galegas imos pagar a luz máis cara do Estado por responsabilidade súa, *(Aplausos.)* señor Feijóo. Explíquenos por que pode ser máis cara e non pode ser máis barata. Por que un ben que é un beneficio colectivo ten que estar única e exclusivamente para lucrar as grandes eléctricas e non para que haxa desenvolvemento económico no país ou para que acabemos coa pobreza enerxética. Esas son as medidas que poden facer avanzar un país, e non o *Club da comedia* no que vostede quere converter este debate.

Está rabioso porque lle falamos da converxencia e de se este país converxe ou non. Eu vou dicirlle que teño os datos que dá Eurostat, non sei que datos manexa vostede. E aquí temos unha gráfica —bueno, ten outras cousas que atender, non pasa nada— que nos di que no ano 2009 Galiza representaba o 92,3 % do PIB na media europea; hoxe estamos no 82 % e vostede di que isto é converxer. O gran argumento é que estamos máis cerca de España, pero o que non lle di á xente é que en España baixou a porcentaxe; entón non é porque medraramos, *(Aplausos.)* é porque outros están peor. *(Aplausos.)* Ese é o problema que temos, porque aquí seguimos con baixos salarios, coas segundas pensións máis baixas e cun problema gravísimo de emigración.

Temos crise demográfica, e a vostede parécelle indiferente que deste país marchen 200.000 persoas nunha década, ¡parécelle indiferente! ¿Sabe que tería pasado se en vez de marchar esas persoas quedaran en Galiza? Pois que hoxe non teriamos o problema demográfico que temos e estaríamos mellor. Porque no Estado español se incrementou a poboación nos últimos tempos, e aquí segue cada vez peor e cunhas cifras que son escandalosas, que están retratando o fracaso político e económico dun país. O seu, pero tamén dos problemas estruturais que seguimos tendo no noso país. Polo tanto, señor Feijóo, céntrese e empece a pensar que este país necesita outro tipo de políticas. Pode aproveitar o ano que lle queda para facelo, se non, estou convencida de que os galegos e as galegas cambiarán as políticas votando no ano 2020 algo diferente. *(Aplausos.)*



E o que non lle vou aceptar, señor Feijóo, son leccións de ética. Non, non, non lle vou aceptar leccións de ética. Eu o que lle podo dicir é que onde nunca me verá a min é no iate dun narcotraficante paseándome pola ría de Arousa, *(Aplausos.)* e onde nunca me verá a min nin ao meu partido é de ganchete coa extrema dereita. Este é un tema, desde logo, moi grave, porque non é unha cuestión calquera, é unha cuestión ética. E se vostede, realmente, está en contra desa extrema dereita que non é só que sexa machista, é que é racista e é antigalega, ese é un tema o suficientemente importante, se está en contra, para que o diga; ou para que rompa co Partido Popular porque é unha cuestión de principios. E se non o fai, vostede é igual de responsable, porque eses pactos coa extrema dereita non os decidiron en Andalucía, decidíronos na dirección do partido no que vostede é un destacado membro. *(Aplausos.)* Polo tanto, é tan corresponsable como os demais, e estaría ben... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que nos aclarase cales son as súas preferencias. *(Aplausos.)*

Lamento tamén que outra vez veña aquí ridiculizar propostas de calado para Galiza como é falar do noso autogoberno. É un galeguista que defende a Castelao, ¡e vén aquí ridiculizar o que defendía Castelao: que Galiza é unha nación! *(Aplausos.)* Xa vemos, señor Feijóo, como respecta vostede a Castelao. *(Aplausos.)*

O importante, en todo caso, señorías, é que este país necesita un cambio, que necesita un presidente ou unha presidenta que realmente coñeza cal é a realidade, que estea disposto a recoñecer os erros e que saiba como encarar os retos que temos por diante. E neste país hai xente que o pasa moi mal todos os días, e non é só a xente que non ten traballo, é tamén a xente que ten salarios de miseria, pensións baixas, a mozas e os mozos que non poden emanciparse porque os salarios que teñen neste momento non lles dan para saír da súa casa. E vostede non lles dá esperanza ningunha a todas esas persoas. E eu insisto: son momentos para non perder a esperanza, porque a política é a que pode cambiar as cousas, e nós estamos aquí para darlle unha alternativa a este país.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Común da Esquerda, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boa tarde outra vez. Xa imos resistindo menos.

Por certo, o meu bisavó chamábase Pedro Sánchez, *(Risos.)* ¡que lle imos facer!

O señor Puy falou da lealdade á Constitución, unha Constitución que vostedes, nos gobernos do Estado e na Xunta de Galicia, violaron constantemente no que ten que ver cos dereitos. Violárona co dereito de todos a ter unha vivenda digna, con centos de miles de desafiuzados



mentos para salvar os bancos. Violárona constantemente coas reformas fiscais que fixeron todo o contrario do que di a Constitución, que quen debe aportar máis é quen máis ten para compensar a quen menos ten. Violárona constantemente co que di do dereito ao traballo. E puxéronse de acordo, si, os dous partidos alternantes do réxime. As catro eleccións en catro anos non é problema de egos, é a crise do réxime que estaba deseñado para a alternancia, como na I Restauración. Eses dous si que se puxeron de acordo para modificar dun día para outro a Constitución co artigo 135, e non xuraron fidelidade á Constitución; no 135 vostedes xuraron fidelidade aos bancos por riba dos dereitos da xente. *(Aplausos.)*

Señor Feijóo, debería de improvisar algo menos, porque cando improvisa vézelle realmente a súa concepción da democracia. Cando vostede aludiu ao relatorio de plataformas que eu citei, vostede dixo: non sei se son do Grupo Mixto, do BNG, das Mareas... non sei de quen. É esta a súa concepción democrática. Son plataformas de cidadáns e de cidadás libres que se xuntan para loitar contra as inxustizas, *(Aplausos.)* e nesas plataformas tamén hai votantes do Partido Popular. *(Aplausos.)* Como votantes do Partido Popular hai en moitas das... *(Murmurios.) (Aplausos.)* ¡Por favor, non me fagan citar a Labordeta!

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Son cidadáns libres que se manifestan cando os intentan avasalar. Por certo, que deben merecer máis respecto que o que vostede lles acaba de mostrar porque están a facer o traballo que unha Administración pública decente tería que facer: protexer o medio ambiente, protexer as súas vidas, protexer o patrimonio deste país. O que vostedes non fan, senón todo o contrario, faino a cidadanía; e vostede aquí faltoulle, unha vez máis, ao respecto.

Tamén volveu sacar o de Venezuela. ¡Xa está moi trillado iso! Cando queira, falamos en serio de Venezuela. Falou da oposición democrática de Venezuela. *(Murmurios.)* Teñen moitas cousas en común. Aínda hai pouco que saían unhas fotos de Guaidó con dous narcotraficantes. *(Murmurios.) (Aplausos.)* «*Chávez, te lo juro, yo voto por Maduro*», «*sólo sé que había nieve*», moitas cousas en común. *(Aplausos.)*

Falou da serra do Oribio. Si, a serra do Oribio é o exemplo perfecto de como vostedes utilizaron o Goberno galego para beneficiar os amigos. *(Murmurios.)* E grazas á súa tramitación totalmente fraudulenta e espuria van implantar un parque eólico en Rede Natura, cando a Lei 8/2009 e o Plan director da Rede Natura din que non se poden implantar parques eólicos na Rede Natura. *(Murmurios.)* Señor Feijóo, está implantado... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡que o informen ben! Por favor, facemos un receso e que o informen ben, a ver se está implantado ou non. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡O que hai que oír!

Na serra do Oribio vostedes beneficiaron a xente moi próxima ao Partido Popular. Na serra do Oribio houbo xente que pediu a documentación para saber se era unha modificación substancial ou non do proxecto, que era clave para ver se había exposición pública ou non, e o señor Tahoces tivo oito meses gardada nun caixón esa información. Utilizaron todos os recursos para beneficiar un interese determinado e privado, pasando por riba dos dereitos da xente, do noso patrimonio e do noso medio ambiente. *(Murmurios.)* ¡Tranquilícense!



Vostede fala do canon eólico. Eu nunca dixen nada en contra do canon eólico. Ao contrario, eu o que quero é que cun recurso que é de todos, como o vento, co territorio dos galegos e das gallegas, e coas leis que se fan en parlamentos que deberían de velar polo interese de todos, dos 600 millóns de euros que se facturan anualmente queden aquí moito máis que as migallas do canon eólico. Ao contrario, ¡queremos que queden máis! Queremos que non pase como en Cabana de Bergantiños, no parque de Mouriños, onde se instalaron 9 megavatios e non se vai cobrar nin un euro por parte do Concello de Cabana de Bergantiños. O mesmo no de Laxe, onde se instalan en contra de toda a corporación municipal, que non ten nada que dicir sobre o seu territorio, e non van cobrar nin un euro. Iso é o que quero eu: eólico si, espolio non. *(Aplausos.)*

Vostede dicía que cal era a nosa política económica, porque dicimos non ás térmicas, non aos eólicos, non a Reganosa... Mire, nós o que non queremos é que nos rouben, ¡o que non queremos é que nos rouben!

Dicía que se estivera no País Vasco non se sacarían. Señor Feijóo, unha vez máis, infórtese mellor. No País Vasco non hai térmicas porque decidiron no 2014 pechar a última térmica. En Madrid non hai térmicas. Curiosamente, sitios onde hai pouco desenvolvemento. No País Vasco pecháronse as térmicas por vontade propia dos vascos. Tamén hai poucos eólicos instalados no País Vasco, moi poucos. En cambio, no País Vasco hai moita fabricación de tecnoloxía, de compoñentes, que iso xera valor engadido, xera emprego e non xera impactos. Esa é a gran diferenza entre o seu modelo e un modelo de desenvolvemento que favoreza a sociedade onde se desenvolve.

¿Nas térmicas? Vostede foi un irresponsable e está a ser un irresponsable coas térmicas, xogando ao circo político. O que pasa nas térmicas non é algo que pase illado do mundo. Nun contexto mundial onde hai os acordos que hai de descarbonización en Europa; un contexto onde desaparezan as térmicas é algo moi previsible. E o que ten que facer un goberno responsable é ter deseñado un plan alternativo de diversificación económica e de reindustrialización das comarcas para que non pase como en Meirama, que dun día para outro unha empresa eléctrica decide que pecha, e os traballadores das auxiliares e toda a zona queda na estacada. E vostede non ten nada feito diso, nada máis que facer proclamas e botarlle a culpa a Pedro Sánchez. *(Aplausos.)*

Falaba de Alcoa. Outra empresa máis, Inespal, privatizada por aquel goberno marabilloso do señor Aznar no que todo o consello de ministros acabou imputado. Un roubo que recibiu axudas millonarias ata 2013 a cambio de nada; a cambio de descapitalizar a empresa e de investir en Arabia Saudí, en Islandia e no estranxeiro para deixar a fábrica esquilhada. Ese é o modelo do Partido Popular.

A solución ao problema enerxético non vén, por exemplo, coas leis de liberación do sector eléctrico que vostedes fixeron, dende as que non deixou de medrar o recibo da luz de todos os cidadáns. Así non se resolve o problema enerxético. ¿Que foi o que fixo o Partido Popular cando tivo todas as competencias para resolver o modelo enerxético e para establecer un marco enerxético estable para as industrias e para os consumidores? ¿Que fixo?

Vostede manipula os datos, interprétaos á súa maneira. Son datos oficiais porque saen da boca do presidente da Xunta de Galicia, e inmediatamente son datos oficiais. Pero o que non



pode negar é que, se vai aos datos do INE, hoxe en día hai 54.000 ocupados menos que cando vostede chegou ao Goberno. E vostede di que hai menos ocupados porque se perdeu o 40 % dos mozos de menos de trinta e cinco anos. Ben, jese é un razoamento Feijóo! O noso razoamento é que se perdeu o 40 % dos mozos, entre outras cousas, porque non hai oportunidades laborais, por iso se perden. *(Aplausos.)*

Hai que recoñecerlle, señor Feijóo, a súa valentía para falar de vivenda e para vir aquí dicir que en Galicia hai 3.500 vivendas públicas da Xunta de Galicia. Si, si, señor, o 0,01 % do parque de vivendas de Galicia, cando nos países europeos avanzados, onde se defende o dereito á vivenda, sempre supera o 10 % porque é un mecanismo para que ninguén quede sen vivenda, para regular os mercados e evitar as alzas que están ocorrendo agora e que deixan a moita xente fóra do dereito á vivenda.

É valente, porque falou de vivenda de protección e das que están construíndo. Hai 13.000 demandantes no rexistro de demandantes da Xunta de Galicia, 13.500 ou 13.900.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Vostedes iniciaron a construción en 2015 de 5 vivendas de protección, en 2016 de 4, en 2017 de 5, en 2010 aquí se construían 2.900. Eses son datos oficiais, señor Feijóo, que mostran a súa gran preocupación polos dereitos da xente mentres centos de galegos e galegas eran expulsadas das súas casas. Por iso dicimos que vostedes si que traballan para uns intereses moi concretos, porque cando hai que tomar decisións hai contradición de intereses, e vostedes sempre tomaron partido, neste caso, polos bancos e fondos buitres, e, noutros casos, por outros intereses. Por iso precisamos un goberno que traballe para a xente, que governe para a xente, para combater a precariedade laboral, para asegurar unha vivenda digna para todas e para todos, para reformar o modelo de financiamento autonómico, para ter unha política industrial do país que desenvolva os sectores con potencial para que quede aquí o valor engadido.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Incrementar os recursos orzamentarios para os servizos públicos tamén, para que deixe de incrementar a sanidade privada e os servizos sociais privados, onde os Florentino Pérez e as Koplowitz están facendo moito...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, non vou entrar na cuestión da data sobre o debate, ao que vostede fixo tanta referencia, porque a nosa posición é que a unilateralidade coa que o Goberno decidiu a data



podería ter sido compartida, pero non é unha cuestión fundamental dúas semanas adiante ou detrás. O problema do país é moito máis profundo que a data en que se celebra o Debate do estado da Autonomía.

Mire vostede, señor Feijóo, vostede acaba de facer aquí unha lectura de todos os voceiros que teñen pasado durante os seus mandatos, as súas lexislaturas, por esta Cámara parlamentaria. Fala vostede de dezanove responsables políticos que estaban e xa non están. Vostede fállame do pasado. Vostede está co retrovisor, está falando do pasado, señor Feijóo, dezanove referentes do pasado. ¿Sabe cal é o presente? O presente, señor Feijóo, son as eleccións que se produciron no 2019 en Galicia. Esa é a realidade do país da que vostede non quere falar, das derrotas electorais do Partido Popular nas eleccións xerais, nas eleccións europeas e tamén —non en número de votos— nas eleccións municipais, que amosaron unha realidade e unha maioría social distinta no país.

Por primeira vez na historia da autonomía galega o Partido Popular non foi a primeira forza política no país, e iso débese a vostede, señor Feijóo, que é o presidente do Partido Popular, que ten un reflexo nesta Cámara con 41 deputados e deputadas do grupo maioritario, que é o reflexo da foto feita no ano 2016 cando gobernaban en Madrid. ¿Acórdase de que gobernaba Rajoy, o líder que tiña omnípoderes para estar durante moitos anos e décadas? E ¿onde está xa Rajoy?

O tempo mudou radicalmente dende o ano 2016 ao ano 2019 e a imaxe da Galicia real na que vivimos é unha imaxe que se amosou o 28 de abril nas eleccións xerais. O 28 de abril, o Partido Socialista —certo é que por primeira vez na historia da autonomía galega— foi a forza política máis votada, con 524.000 votos, 80.000 votos máis que o Partido Popular que vostede dirixe, que o Partido Popular que ten a maioría nesta Cámara parlamentaria. Pero o que é máis relevante non é soamente quen foi a primeira forza política nas urnas, senón que o 55 % dos galegos e das galegas votaron polas forzas progresistas e só un 44 % votaron polas forzas que representan á dereita e á ultradereita. Si, señores do Partido Popular, os datos son evidentes, e faláron os galegos e as galegas para amosar unha nova maioría social no país. E por moito que lles pese, xustamente nas eleccións en que o nivel de participación foi o máis alto que se recorda en moitos anos en Galicia; é dicir, que cantos máis galegos foron votar, máis se reflectiu unha nova maioría social, que deixa esta maioría absoluta do Partido Popular na Cámara sen conexións e sen contactos.

Isto evidenciouse despois, porque vostedes presentaron unha segunda volta, nas eleccións municipais e nas eleccións europeas, e volveron falar os galegos e as galegas. Faláron nas eleccións europeas e perdeu, señor Feijóo, perdeu nas eleccións europeas. Foron 500.000 votos para o Partido Socialista —507.690, para ser exactos—, fronte a 431.782 que recibiu o Partido Popular. E faláron nas municipais, e é certo que o Partido Popular sacou 502.000 votos e o Partido Socialista 493.000, pero nas municipais houbo 200.000 votos máis ás forzas progresistas que ás forzas da dereita. Os números son evidentes. (*Murmurios.*) Entendo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...que cando falan dende a tribuna cunha maioría de rodillo de 41 deputados dispostos a aplaudir o que sexa, non queiran escoitar a cidadanía. (*Murmurios.*)



Vostede fálame, señor Feijóo...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...dos dezanove voceiros que pasaron aquí durante unha década, pero xa faláron as galegas e os galegos. Faláron en 2019 e dixéronlle que vostede levou o Partido Popular e a dereita de Galicia a onde nunca estivo, a perder as eleccións, a perder a maioría, a estar en posición minoritaria nunha nova realidade social. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, señor Vega.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: E cando vostede me plantexa cal é a súa elección entre distintas vías, entre o partido e Galicia, o noso compromiso é Galicia, pero nós estamos comprometidos cunha Galicia á que vostedes non queren escoitar. O compromiso que tivemos con Galicia foi o compromiso polo que votaron a maioría de galegos e de galegas fronte ao Partido Popular: polas forzas de progreso, por facer presidente do Goberno a Pedro Sánchez. Vostede quedou en minoría aquí, no seu territorio, e non quere escoitar a realidade do país. (*Aplausos.*)

Señor Feijóo, vostede segue nun discurso oficial que non é un discurso real, e fai tamén certos movementos con cifras e co tipo de relato que é un pouco trampón.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: E dígollo con todo respecto. Un pouco trampón nos datos cando estira e cando reflicte e contesta cousas que aquí un non di. Como cando vostede me contestou falando de datos agrarios ou me falou dunha cuestión da débeda á que eu non fixen referencia. Pero non podo porque non teño o tempo ininterrompido que ten vostede para poder contestarlle a todas as cuestións, (*Murmurios.*) e eu marco a miña axenda e os temas dos que quero falar, non mo vai dicir a maioría do Partido Popular, ¡jestean tranquilos!

Quérolle dicir: ¿Hai menos ou máis poboación ocupada en Galicia agora ou en 2009? ¿Hai máis xente traballando ou menos? ¿Non é certo que hai 54.000 ocupados menos que hai dez anos? ¿E non é certo que no mesmo período hai 650.000 traballadores máis ocupados na economía española? Esa é a realidade, ese é o dato máis evidente e máis importante para trasladar a puxanza dunha economía. O demais son análises de curto prazo, de combinar trimestres que lle convén ou a evolución respecto do ano anterior.

A década na que vostede gobernou é unha década que deixa a Galicia con menos traballo, con menos poboación ocupada. ¡E claro que podemos falar de moitos aspectos! Tamén me chama a atención ese carácter reivindicativo que vostede agora manifesta, porque cando gobernaba Rajoy e Montoro, Feijóo, ¡chitón! Esa era a táctica política do Partido Popular. Montoro provocou o problema do IVE nas contas públicas, e Feijóo, ¡chitón! Montoro non actualizaba as entregas a conta, dicía con claridade que non era legal. E Feijóo, ¡chitón! (*Murmurios.*) O Goberno do Partido Popular non traballou para facer un estatuto para as empresas de consumo electrointensivo, e Feijóo, ¡chitón! (*Murmurios.*) ¿E saben máis? Cando había que falar dos investimentos en Galicia, voulle dar un dato: 4.325 millóns de euros. Empecen a contar un a un



ata chegar aí, e cando acaben digan: fragatas en Ferrol, aquelas que o Partido Popular tivo escondidas polos negocios do ministro Morenés, e Feijóo, ¡chitón! (Aplausos.) (Murmurios.)

Señor Feijóo, eu xa sei que hoxe intentan aparentar moita ledicia, pero lembro as caras do 28 de abril e o 26 de maio, e non se preocupe que volverán falar os galegos e as galegas. (Murmurios.)

A segunda perla que vostede me atribuíu, señor Feijóo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. Non o volvo repetir. Silencio.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...é que dicía que a Galicia nos vai ben cun goberno socialista en Madrid. Eu quérolle dicir que si, e quérollo dicir con total claridade. E ten vostede que tomar nota de que a maioría dos galegos aos que vostede goberna votaron tamén no mes de abril para ese Goberno socialista e non para o Goberno do Partido Popular.

¡Claro que eu defendo un goberno socialista!, porque a Galicia a prioridade social, o compromiso coas pensións e o compromiso coas persoas é o compromiso que máis lle rende, nun país con pensións máis baixas, con salarios máis baixos que no conxunto do Estado e, polo tanto, onde a prioridade social é o máis importante para as galegas e para os galegos. Por iso eu defendo a Galicia por riba de todo, pero creo que o mellor para Galicia é que gobernen as forzas progresistas e que en Madrid haxa un goberno socialista.

Eu non teño que elixir entre partido e país, eu defendo o PSdeG e defendo a Galicia. Parece que vostede se avergoña do seu partido, e quere esconder o partido para poder dicir que defende a Galicia. Vostede parece que non quere defender a Pablo Casado, que non quere defender a Álvarez de Toledo, aínda que logo cumpre con todas as instrucións que eles lle dan. (Aplausos.)

Señor Feijóo, quérolle dicir dúas cuestións máis neste tempo. Mire vostede, en política, a rexeneración é unha cuestión que todos sabemos que é moi importante. A política exige *accountability* e rexeneración. Vostede acabou convertendo as institucións de Galicia nun instrumento ao servizo do Partido Popular. Faino coa Xunta en termos políticos e lévao facendo nestes meses con máis intensidade. Exemplifícase en casos como a Valedora do Pobo ou a TVG.

Houbo un problema grave na institución da Valedora do Pobo. Tardou máis dun ano en facela dimitir a pesar das sentenzas xudiciais que concluía o nomeamento ilegal dunha sobriña de Fraga. Só a presión política ante esta mancha de corrupción fixoo rectificar a vostede, e fixo ben en rectificar e en facer cesar a valedora.

Hoxe, señor Feijóo, hai miles de galegos e galegas que nos están vendo a través da TVG, e temos que dicirlles que queremos uns medios públicos sen manipulacións e afastados do control político, que urxe cumprir a lei e designar un novo director ou directora co acordo da Cámara e nomear un consello de informativos. Xa está ben, señor Feijóo, de que queira converter a TVG na TeleMadrid de Esperanza Aguirre. Non podemos permitilo. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.



O señor CABALLERO MÍGUEZ: Señores e señoras deputadas, Galicia necesita abrir as portas ao futuro, merece un presidente que sitúe como primeira prioridade a Galicia, os intereses das galegas e dos galegos, porque, trala década das oportunidades perdidas, temos que establecer as bases para unha nova etapa...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...que ofrezca esperanza aos mozos e mozas e que non esqueza as persoas maiores.

Non nos queremos resignar a que Galicia siga perdendo peso. Eu non me resigno a que a Galicia que herdarán os meus fillos sexa unha Galicia con menos oportunidades, unha Galicia minguante e contraída, na que non poidan desenvolver todas as súas potencialidades.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Galicia é o noso compromiso, Galicia é o noso...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Caballero. Moitas grazas.

(O señor Caballero Míguez pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Caballero.

Ten a palabra polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas.

A estas alturas do debate, polo menos para algúns, e os que tiveron a paciencia de seguilo enteiro, hai clara unha cousa polo menos: que a oposición está de acordo en algo. Nada máis que está de acordo nunha cousa. A única coincidencia é en negar as evidencias dos logros do Goberno do PP e en dicir que o país está fatal.

Con relación ao ano pasado temos máis oposición. A isto creo que os biólogos lle chaman mitose, cando dunha célula saen dúas que din exactamente o mesmo; hoxe tivemos a oportunidade de comprobar que é así tamén nos grupos parlamentarios. Pero, certamente, propostas positivas máis alá do que é gobernos de cambio, gobernos de progreso, pouco escoitamos.

Se hai algunha palabra vacía é precisamente esa, goberno de progreso ou, en xeral, a idea de goberno de cambio. Porque progresar queremos todos, do que estamos debatendo é como progresamos, e sobre iso, desgraciadamente, o único que temos é moitas contradicións. Estar á contra é fácil, estar de acordo en derribar algo é fácil, construír algo é moi difícil. Estámolo a ver en España: foi fácil derribar o goberno de Mariano Rajoy, facer un goberno alternativo entre persoas que pensan tan distinto *(Aplausos.)* é moi difícil.



Cando escoitamos aquí, despois de chegar a un acordo co Partido Socialista, os criterios para a reforma do financiamento autonómico, e escoitamos que se quere aliar para un goberno de progreso con quen quere facer un cupo para toda España e facer desaparecer a facenda española, pois un ve difícil esa construción.

¿Que opinan algúns da banca pública? Por certo, unha banca pública que requiriría un financiamento, e nunca se explica de onde vén. É outro mito que se di, banca pública, e ¿onde están os fondos?, ¿de onde saen?, ¿quen os pon?, ¿á conta de que orzamentos se poñen os fondos que necesita un banco para operar, de acordo cos criterios da banca?

Tarifa eléctrica perdendo cartos. Galicia exporta ao final do ano máis enerxía da que produce, pero non o fai igual durante todo o ano. Temos moitas enerxías limpas, polo tanto, dependemos moito do tempo, das circunstancias meteorolóxicas. Por iso non podemos estar fóra dun sistema que nos garanta que cando non hai vento ou cando non hai auga, cando hai seca, tamén entra a mesma enerxía que demandan os produtores e as familias de Galicia. E iso, ese sistema, a nós afórranos, con relación a calquera outro —e aquí se fixo unha comisión no Parlamento—, aproximadamente 300 millóns de euros ao ano.

Proponse o cupo que nos fai perder mil, unha tarifa eléctrica que nos fai perder trescentos. Evidentemente, non todos os grupos da oposición están de acordo con isto, pero xuntar unha alternativa ao respecto é imposible.

Igual coas centrais térmicas. O Partido Socialista, polo menos algúns dos seus dirixentes, particularmente os máis implicados no territorio, están a defender unha transición ordenada cara a unha desaparición das enerxías fósiles. Sen embargo, os outros grupos da oposición póñense a medalla de ser os primeiros en querer pechar as centrais das Pontes. ¿Polo medio que estamos facendo? Estámonos apartando do calendario europeo; imos ter que importar máis enerxía, co cal o da tarifa aínda se dispararía máis; e, ademais, estamos exportando traballo, porque, como moi ben explicou o presidente, entra enerxía producida con carbón de Marrocos e o de Portugal de moitas maneiras.

É difícil que se poñan de acordo os que ao longo dos últimos tempos votaron en contra nesta cámara, por exemplo, de apoiar as forzas de seguridade do Estado, votaron en contra dos escraches, votaron en contra da construción europea, votaron en contra da defensa da Constitución ou votaron en contra dun acordo bastante razoable que acadamos o Partido Socialista e nós sobre financiamento autonómico.

Dito isto, tendo constatado isto, de que aquí o que hai é unha coalición negativa e reactiva en contra e pouco propositiva en conxunto, gustaríame facer algunhas precisións, ou deixar algunhas cuestións no aire.

O noso partido, en relación coa violencia de xénero e coa igualdade da muller, eu creo que ten moi poucas dúbidas. Fomos os primeiros en crear unha secretaría xeral de igualdade; fomos os primeiros en promover unha lei de igualdade; apoiamos a lei do Bipartito que previa o tratamento integral da violencia de xénero; apoiamos e impulsamos unha lei de igualdade do colectivo LGTBI; por suposto, que participamos no pacto que remitimos a Madrid



para o pacto de Estado contra a violencia de xénero, que acadamos por unanimidade nesta cámara; e no ano 2019 púxose en marcha, por exemplo, a asistencia integral de orfos, que é unha das recomendacións do pacto que non está en Madrid e que nós aquí, desgraciadamente, xa tivemos que activar polos últimos acontecementos, afortunadamente xa estaba en marcha.

Entón, sobre esta cuestión, señor Villares, e con relación ao que vostede dixo do feminismo do día 8 de marzo, a min gustárame que algún día tamén me contestara unha pregunta. ¿Vostede está a favor de que nas manifestacións feministas participen as mulleres feministas do PP?, ¿si ou non? Unha vez que conteste a esa pregunta, podemos estar de acordo en relación coas manifestacións do 8 de marzo. *(Aplausos.)*

O señor Sánchez, igual que o señor Villares, queixouse de que aquí teñamos un imposto do patrimonio; rebaixado con relación ao que subimos durante a crise, o mesmo que había en España antes da crise, e incluso se dixo que que paguen en Aragón menos dálle igual, o que lle importa é o que paguen os ricos que viven en Galicia; é dicir, a igual patrimonio, prefire que os de Galicia paguen máis.

Un dos problemas que ten o imposto do patrimonio, isto é elemental, é que os ricos poden cambiar de domicilio. En España hai moitas comunidades que teñen o imposto de patrimonio suprimido. E en Galicia, particularmente, hai un país aí ao lado, gobernado pola esquerda, que cando van os ricos alí déixanos exentos de impostos durante unha boa temporada; esa é a competencia fiscal desleal que nos está facendo o goberno de esquerdas de Portugal ás comunidades autónomas limítrofes que mantemos o imposto de patrimonio.

Polo tanto, eu creo que manter o imposto do patrimonio e que haxa galegos —que poderían buscar o seu domicilio noutra parte— que sigan pagando o imposto do patrimonio en Galicia, e que aínda por riba, despois de pagar os seus impostos —incluído o do patrimonio, que o podían ter aforrado—, fagan doazóns para residencias públicas da terceira idade, eu creo que é algo digno de loanza e que hai que ter en conta. *(Aplausos.)*

A señora Pontón, cunha especie de psicoloxía inversa, anunciou antes deste debate que o señor Feijóo ía dar un mitin. Despois, no debate, dixo que o problema do señor Feijóo era se quería ir ou non ir a Madrid. E ao final, o que fixo a señora Pontón, na súa primeira intervención, foi darnos un mitin para ver se ao Bloque, por fin, os galegos o mandan a Madrid. A min isto, ¿que quere que lle diga?, paréceme un pouco contraditorio, cando o presidente fixo noventa propostas específicas e anunciou dúas ou tres cousas importantes como que imos ter un orzamento, cousa que non vai ocorrer en todas as comunidades —por exemplo, Madrid xa renunciou—, e que estamos elaborando o novo plan estratéxico.

Pódese dicir, evidentemente, que é novidade o dunha banca pública, que é un tema que xa está abandonado en toda Europa desde hai moitos anos. Pódese dicir que está de actualidade o cupo, que é un tema que xa está abandonado practicamente en todos os sistemas fiscais, incluso nos confederais como o helvético. Pódese dicir que hai que coller o tren das nacións e independizarse de España nas decisións e na defensa do país; pero despois, cando vén o Brexit, hai que facer presión, e xa me dirá vostede como a facemos se non estamos no Reino de España. Tamén se



pode facer un último exercicio de modernidade, que é vir aquí rachar papeis. Iso é un exercicio de modernidade e tamén unha mostra de tolerancia, de diálogo e de democracia deliberativa.

Señor Caballero, vostede despois de escoitar isto de que en Madrid hai unha corte, vostede que é tan afeccionado a defender o Goberno de Madrid, ¿segue falando dun goberno de forzas progresistas? Vai ter que entenderse con esta xente se quere facer ese goberno. Dígollo porque vostede di que hai que mirar para adiante, pero do único que nos fala é de eleccións para atrás, e eu ¿que quere que lle diga? Voulle dicir unha cousa porque sabe que lle teño afecto persoal. Eu, como vostede, veño da universidade e ademais témonos dedicado a cousas semellantes, levo máis tempo ca vostede neste ámbito que é a política, e voulle dicir unha cousa: hai que mirar para adiante. Pero en política, e fundamentalmente se un milita no Partido Socialista de Galicia, é bo tamén ter un retrovisor para cubrirse as costas. É un consello que lle dou, (*Aplausos.*) que en política é necesario tamén saber mirar para atrás.

Dixo vostede dúas cousas, unha é a dos orzamentos. O máis parecido que hai é susto ou trato. Vostede ou leva o susto de que lle reducen o orzamento do Estado a Galicia, ou a morte de que lle quitamos as entregas a conta. Mire vostede, isto a min moi galeguista, certamente, non me parece.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor PUY FRAGA: Voulle roubar un minuto, presidente.

Dixo varias veces que o presidente e o Grupo Popular non reclaman coa mesma intensidade ao Goberno de Rajoy que ao Goberno de tal. (*Murmurios.*) Iso é unha falacia, é mentira, e voulle dar datos porque os datos son así. Mire, o rexistro da Cámara — escoiten con atención porque ao mellor lles sorprende saber isto— di que nos vinte meses de presidencia de Rajoy desta lexislatura, esta Cámara, coa maioría, aprobou oitenta e oito iniciativas de impulso dirixidas ao Goberno central, entre elas, moitas propostas por vostedes: desde a de financiamento autonómico aos estudos para conexión ferroviaria directa entre Coruña e Ferrol, os xulgados de reforzo para violencia e para as cláusulas chan, o fondo de compensación interterritorial... Pedírono vostedes e nós votámolo. Oitenta e oito exixencias ao Goberno de Mariano Rajoy.

¿Que ten pasado desde que goberna Sánchez? Desde que goberna Sánchez, do total de oitenta e oito iniciativas dirixidas a Madrid...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...nos quince meses de presidencia de Sánchez aprobáronse setenta e unha. É dicir, exactamente a mesma media, catro e pico por mes. E se vostede vai ao Rexistro da Cámara...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...—este é un tema moi interesante—, que é a base de datos do Parlamento —¡por favor, escoiten!—, aprobamos as mesmas exixencias ao Goberno de Mariano Rajoy que ao Goberno do señor Sánchez. O que cambia moito...



O señor PRESIDENTE: Non interrompan, por favor. ¡Silencio!

Remate xa, por favor, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: ...son as iniciativas que rexistra cada grupo, e grazas ao rexistro podemos comprobar que nesta lexislatura o Grupo Socialista rexistrou trescentas oitenta e tres iniciativas de demandas ao Goberno central, delas, trescentas cincuenta ao Goberno de Mariano Rajoy e trinta e tres ao Goberno de Pedro Sánchez. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Terminou o seu tempo. Grazas. Señor Puy, terminou o seu tempo. *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Silencio, por favor! Terminou o tempo, señor Puy, terminou o tempo. *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Último turno do día de hoxe.

Señor presidente da Xunta, ten a palabra para pechar este debate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Villares, vostede e a portavoz do BNG falan de autogoberno. Vostede sabe perfectamente que a única comunidade autónoma de réxime común que mantivo o autogoberno durante estes últimos anos foi Galicia. Todas as demais foron intervidas. ¿Parécelle pouco? ¿Parécelle pouco manter a autonomía financeira dunha comunidade autónoma cando Cataluña, Valencia, Murcia, Andalucía e Castela-A Mancha foron intervidas e o único que podían facer era o que dicía o Ministerio de Facenda estatal? ¿Parécelle pouco manter Galicia de pé en plena recesión económica, cando a maioría das comunidades autónomas se dobregaron e solicitaron a intervención do Goberno estatal?

Señor Villares, algún día se recoñecerá que durante a recesión autonómica houbo un goberno plenamente autonomista. Algún día se recoñecerá que, durante a crise e as vacas fracas, este goberno mantivo de pé Galicia, mantivo o Estatuto de autonomía en vigor e, mantendo o Estatuto de autonomía en vigor, fixemos o maior esforzo polo autogoberno da historia da comunidade autónoma. *(Aplausos.)*

Mire, señoría, non creo que sexa razoable dicir que os noventa millóns de euros cos que se vai financiar a totalidade, dende a construción ao equipamento das sete residencias, sexa beneficencia. ¿Vostede cre que iso é beneficencia? ¿Agora resulta que unha empresa multinacional galega fai unha doazón á política social dos galegos e é beneficencia?

¡Xa nos gustaría que todas as residencias de Europa se pareceran ás sete residencias que se van construír cos fondos da Fundación Amancio Ortega! ¡Xa nos gustaría! ¡Xa nos gustaría ter capacidade económica para facer esas residencias con ese nivel de acabado, con ese nivel de execución e con ese nivel de equipamento!



Xa o dixo o señor Puy, ¡coidado cos temas de patrimonio, señor Villares! Do mesmo xeito que a xente é libre, é libre para domiciliarse e para vivir noutro lugar. Por conseguinte, aquilo de que baixar impostos era de esquerda –Zapatero *dixit*– parece que vostede non o comprou. Foi el o que eliminou o imposto de patrimonio. Cando o señor Zapatero eliminaba o imposto de patrimonio, iso era de esquerdas, e cando nós queremos baixar o imposto de patrimonio, iso é da dereita tramontana.

Señor Villares, sería bo que se puxera de acordo vostede en se baixar impostos é de esquerda ou non. Para o Partido Socialista, depende, pero vostede non caia na trampa. Se non, ten as portas abertas do Partido Socialista, non teña vostede ningunha dúbida. Iso é o que están buscando co señor Errejón, non teñan ningunha dúbida.

Sempre destruíron os partidos de esquerda dende o Partido Socialista. Esa é a memoria. Destruíron o Partido Comunista, destruíron Esquerda Unida e agora queren destruír Podemos. Non teña ningunha dúbida, é a historia permanente e constante. Por iso, o señor Errejón será, se pode, ministro do Goberno Socialista.

Vostede non caia na trampa e díganos claramente se vostede vai estar de acordo con este Partido Socialista. Da súa intervención saquei que non, e apunteina ben. Dixo vostede unha frase moi clarividente, que, por certo, o enorgullece como demócrata. Dixo que, se nas próximas eleccións o pobo de Galicia falase de forma clara e contundente, vostede permitiría que ese Goberno seguise gobernando no país despois de gañar as eleccións. Iso si que é todo un pronunciamento dun demócrata. É dicir, se o Partido Popular de Galicia gana de forma clara e contundente, xa temos un grupo parlamentario que non vai obrigar a facer outras eleccións e vai asumir o que digan as urnas no Parlamento galego. (*Aplausos.*)

Pero quero dicirlle, señor Villares, que non o vou meter neste compromiso. Traballarei todo o que poida para que o Partido Popular de Galicia saque maioría absoluta nas seguintes eleccións. Non teña problemas ao respecto. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, corrixo claramente o que dixeron sobre Ons e sobre o seu Grupo Mixto. Efectivamente, o Grupo Mixto votou a favor da proposta do Partido Popular de Galicia de manter patrimonio da humanidade a illa de Ons, as illas Cíes e o conxunto das Illas Atlánticas. Pido rectificación no *Diario de Sesións*.

É certo que xuraría que o vin manifestándose en contra, pero iso non ten nada que ver, unha cousa é votar e outra cousa é manifestarse. Pero, non pasa nada. O importante é que vostede está de acordo en que Ons sexa patrimonio da humanidade, e aínda que se manifestase, agora manifesta o contrario e iso é o que vale. Ao final, vostede está a favor de que Ons sexa patrimonio da humanidade. Fíxoo ben, os veciños tamén. Cando aos veciños se lles deixa de manipular, os veciños votan e manifestan en conciencia o que queren.

Sigan manipulando, señorías. (*Aplausos.*) Sigam manipulando ao Partido Verde, ese partido que está tan preocupado polas emisións de CO₂ e agora resulta que ese mesmo partido considera que en Galicia non pode haber patrimonios da humanidade, nin que se debe limitar o número de persoas que entran nas illas para preservalas, soamente para preservalas.



Que vostedes non foran capaces de facer un plan de xestión e usos do Parque das Illas Atlánticas, non os... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non foron capaces. Non foron capaces, durante catro anos, de facer un só plan. Señoría, non foron capaces. Do que si foron capaces é de dicir unha cousa e facer a contraria, como dar a declaración de impacto ambiental favorable para que Ence se mantivese na ría. Diso si que foron capaces e agora o negan, señora Pontón. Iso si que o negan. ¿Quen era o conselleiro de Industria?: Bloque Nacionalista Galego. Entón, desas autorizacións ambientais integradas para que Ence quedara na ría, ¿o BNG non sabe nada? Non importa, os galegos si o sabemos.

Sobre a execución dos orzamentos, señor Villares, se o Goberno de España transfere no último trimestre do ano unha partida para facer políticas de igualdade, comprenderá vostede que esa partida hai que construíla desde o punto de vista de concorrencia e publicidade para poder executala. E, polo tanto, se non contamos esa partida –que non foi posible executala–, a execución do presuposto do ano 2017 foi do 93 % na igualdade; do ano 2018, do 94 % nas políticas de igualdade; e, este ano, que xa temos inxectada a partida do pacto de Estado, cremos que podemos chegar no ano 2019, aproximadamente, ao 95 % de execución das partidas de igualdade. Polo tanto, podemos estar tranquilos. Eu espero que sexamos capaces de cumprir e que vostede estea tranquilo en relación con este asunto.

Mire, eu non teño ningún inconveniente en chegar a acordos co Grupo Mixto, para nada. Cheguei a acordos co BNG cando o BNG non tiña responsabilidades en Madrid, soe ocorrer. Cheguei a acordos co Partido Socialista cando o Partido Popular gobernaba en Madrid; cando goberna en Madrid o Partido Socialista, é imposible chegar a acordos. Porque para chegar a acordos co Partido Socialista cando goberna en Madrid, hai que chamar a Ferraz. E, normalmente, pola noite, cando acabamos o debate, Ferraz dedícase a outras cousas.

Galicia non é importante para o Partido Socialista Obreiro Español, iso tamén é historia. Vostede, que aínda é máis xove ca min —eu xa non son tanto—, recordará como o Partido Socialista e Galicia normalmente foron incompatibles. As estratexias do Partido Socialista nunca pasaron por Galicia. Ían cara a outros lugares, cara ao sur, cara a Levante, cara a Cataluña, Galicia era unha comunidade menor. Si, si, unha comunidade menor, dende o principio dos tempos. É certo que houbo partidos socialistas e persoas do Partido Socialista que dixeron que non, jasí lles vai! Os que dixeron que si, normalmente son políticos en activo.

Mire, eu volvo reiterarlle: se hai algunha posibilidade para chegar a un acordo..., di vostede de facer un *hub* eólico en Navantia Ferrol. Eu estou de acordo, ¿pero non lle parece a vostede que, antes de facer un *hub* eólico en Navantia Ferrol, o lóxico é facer un barco ponte namentres non se empezan a construír as fragatas? Sería o razoable. Mire, nós conseguimos na lexislatura anterior o maior proxecto de *jackets* eólicas feito en España. Agora continúa. É a mesma empresa, a que cando gobernaba o PP adxudicaba a Navantia *jackets* eólicas, a que agora segue adxudicando as *jackets* eólicas en Fene, ¡a mesma empresa! Pero o Partido Socialista xa se puxo unha chapa. E, ¿que pasa coa chapa das fragatas? Agora resulta que o señor Morenés, se hai algo que dicirlle do señor Morenés, dígallo a el. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, dígallo a el, eu non asumo ningunha responsabilidade. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, pero ¿vostedes que cren? Non pensen que somos parvos. ¿Por que non din isto no Congreso dos Deputados?



¿Por que non dixeron isto no Congreso dos Deputados? ¿Sabe por que? Porque no ano 2018 deixaron 250 millóns de euros sen gastar para facer as fragatas en Ferrol. Porque no ano 2019 volven deixar 250 millóns de euros sen gastar para facer as fragatas en Ferrol. Porque lle mentiron a toda a xente en Ferrol e non empezarán as fragatas nin no ano 2020, nin no ano 2021, e a xente vaise á rúa en Ferrol. Esa é a verdade do que ocorre coas fragatas e co Partido Socialista Obreiro Español. (*Aplausos.*) Fagamos un barco ponte para poder dar traballo aos estaleiros de Ferrol.

Miren, señorías. Señora Pontón, fíxenlle unha proposta moi clara, rectifique e non nos chame pirómanos. E vostede non soamente non rectificou, senón que nos volveu dicir que este Goberno, a súa política, é unha política pirómana. Non quería recordarllo, pero estou acostumado xa. Acórdome perfectamente, durante a vaga de lumes do ano 2006, de como aquela TVG libre que vostedes dirixían facía nada máis e nada menos que programas de televisión para dicir que os que estaban plantando os lumes no ano 2006 eran os alcaldes do PP. Por iso entendo realmente o que vostede volve dicir aquí de que este partido é un partido pirómano. Non o merecemos, señora Pontón, ¡non o merecemos! E non o podo aceptar como presidente do Partido Popular e como presidente da Xunta de Galicia. Está nas cámaras da televisión galega. (*Aplausos.*) ¡Mente vostede, señoría! ¡Mente vostede!

Di vostede que non temos proxecto. Iso, como é natural... Déixolle aquí as noventa propostas deste debate. ¿E non temos proxecto con noventa propostas? Noventa propostas concretas nas políticas de familia, nas políticas de mocidade, nas políticas e innovación e nas políticas medioambientais da Galicia verde, ¡e non temos propostas! A súa proposta é a do concerto económico, ¡pero se xa o coñecemos! ¿Vostede coñece, realmente, algún estudoso de financiamento das comunidades autónomas que estea de acordo coa súa proposta de financiamento de Galicia? Dígame quen. Dígame quen, para falar con el e poder contrastar realmente. Ou todos estamos equivocados, ou está equivocado o BNG.

Entón, ¿exactamente que é o plantexamento? Di vostede que vostedes están a favor de manter os postos de traballo e a actividade da central térmica das Pontes. Vale, de acordo, rectifico. Imos seguir traballando ao respecto. Imos seguir traballando ao respecto. Había un deputado nesta cámara que formaba parte da plantilla das Pontes, é unha pena que non estea agora para que nos explique realmente.

Este goberno nada fixo no tema das Pontes, e resulta que como presidente da Xunta, sendo ministro un ministro do Partido Popular, conseguimos que Endesa investise máis de 200 millóns de euros para adecuarse ás emisións de CO₂ da Unión Europea. ¿Como que non fixemos nada polas Pontes? ¿É que acaso a execución de 200 millóns de euros non é facer nada por unha comarca?

Mire, señora Pontón, agora nos toca en Alcoa. Durante dez anos, a pesar das dificultades, dos atrancos, de todos os problemas que tivemos, cos 30.000 millóns de euros de déficit tarifario que deixaron os socialistas agochados para que non computasen déficit público, a pesar de que tivemos que pagar 30.000 euros polo déficit tarifario provocado pola política enerxética do Partido Socialista, Alcoa se mantivo de pé. E agora temos que tomar unha decisión sobre Alcoa.



Señora Pontón, se o Partido Socialista non nos dá unha solución para Alcoa, ¿vostede estaría á disposición de romper o Goberno da Deputación de Lugo?, ¿si ou non? ¡Ah, rin! Ou sexa, pechar Alcoa e baixar o 30% do produto interior bruto da provincia de Lugo ¿non é un motivo suficiente para rachar un goberno co Partido Socialista —que por certo, perdeu as eleccións de forma estrepitosa— na Deputación de Lugo, quedou a un só escano da maioría absoluta o Partido Popular de Lugo, e non nos deixan gobernar na deputación? ¡Iso si que é gobernar a lista máis votada, señor Caballero! (*Aplausos.*) ¡Iso si que é gobernar a lista máis votada! ¡Sen dúbida! Iso é o que querían os lucenses. Os lucenses querían que gobernasen os que perden, porque os lucenses non son tan listos como o señor Caballero.

Volve vostede falar da política migratoria. Pero, ¿por que non acepta que entre o número de persoas que saíron de Galicia dende o ano 2009 ata o ano 2019, e o número de persoas que entraron en Galicia dende eses mesmos anos, hai 40.000 persoas máis que entraron das que saíron? Din que como digo eu é un dato oficial. Pero se non o digo eu, dío o Instituto Nacional de Estatística. Pero, ¿por que non aceptamos iso?, ¿por que non aceptamos realmente os datos que saca o Instituto Nacional de Estatística, sexan bos ou malos, nos beneficien ou nos prexudiquen?

Di vostede que se imos de ganchete con partidos políticos que non teñen ningún deputado, ningún concelleiro e que non teñen ningunha representación en Galicia. Pero mire, señoría, eu nunca iría do ganchete co señor Otegi, non podería. Non podería mirarlles aos ollos aos galegos e ir do ganchete e facerme unha foto co señor Otegi. Non podería señoría, ¡non podería! (*Aplausos.*)

Señora Pontón, o BNG houbo unha época, unha lexislatura, na que lle gañou ao Partido Socialista en escanos. Xa sei que iso non se pode dicir aquí, pero está as urnas, é a historia do país. Daquela o BNG tiña unha proposta concreta para o país, e os galegos entenderon que o BNG debería de ser o líder da oposición. Agora o BNG foi o partido que sacou menos votos e menos escanos nas últimas eleccións do ano 2016. E a pregunta é por que. ¿Cren vostedes que os galegos están todos equivocados? ¿Cren vostedes que ao mellor non acertaron na súa estratexia? Eu propóñolles claramente que non sigan. Non sigan vostedes apoiando o Partido Socialista en todas as partes porque van desaparecer. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) . (*Risos.*)

Mire, pedir vostedes exclusivamente o que lle interesa a Galicia xa non forma parte do seu ideario. Que se pague a débeda dos 700 millóns de euros, si, si, hai que levalo ao xulgado, pero vostedes son socios do Partido Socialista. Que se actualice a dependencia, si, si, pero vostedes son socios do Partido Socialista. Que os presupostos baixen un 30 % non pode ser, pero son socios do Partido Socialista. Entón, ¿que ten que ocorrer en Galicia para que vostedes non sexan socios do Partido Socialista? (*Aplausos.*) ¿Hai algo que teña que ocorrer, realmente, para que vostedes recuperen o protagonismo da vida política do país?

Pero ao final, digan o que digan, xa sabemos en que consiste isto: en intentar uns carguiños nunha deputación ou nun concello e facer presidente da deputación ou do concello a quen perdeu as eleccións. ¿Esa é a súa proposta para Galicia? Vostede saberá, señoría. Eu dígolle o que penso porque me sinto moito máis tranquilo dicindo o que penso que agochando o que sinto.



Señor Sánchez, di vostede que nos puxemos de acordo os partidos do *réxime* para cambiar a Constitución; pero vostedes queren vicepresidir un goberno cun partido do *réxime*. ¡É vostede unha persoa coherente! Vostedes están aquí enfadados e molestos porque o Partido Socialista parece ser que non lles deu todo o que pedían. O Partido Socialista é ese partido do *réxime* do que vostede falaba hai uns minutos. ¿E por que queren vostedes vicepresidir cun partido do *réxime*? ¿Será que o *réxime* son vostedes? (*Risos.*) ¡Será...!

Mire, pódolle asegurar que, despois duns anos dedicado á política, nunca vin tanto menosprezo dun partido cara outro como o que vin estas últimas semanas na política nacional. Despois dese menosprezo co que tratou o Partido Socialista a Podemos, que veñan vostede agora aquí falar dunha alternativa ao Partido Popular... Foi bastante máis coherente o señor Villares, por iso o señor Villares, probablemente, non poida estar nese grupo. Cando hai que dicir que non, dise que non, e non pasa nada.

Vostedes están de acordo en gobernar co Partido Socialista, ¿si ou non? Si. Vostede está de acordo en gobernar cun partido do *réxime*. Si. ¡Calen por unha vez e non volvan falar do *réxime*! (*Aplausos.*) É o razoable nesta situación.

Mire, señoría, dicir dunha persoa, ou dun colectivo que conforma unha plataforma, que ese colectivo é votante, militante ou simpatizante de Podemos ou do BNG non é ningún insulto cara a ese colectivo, ¿ou si? ¿Agora resulta que por dicir que unha persoa simpatiza con Podemos a estou insultando? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Exactamente. Non manipule, señor Sánchez. Non manipule.

O feito de que un militante de Podemos, ou un militante do BNG, constituía unha plataforma en contra dunha decisión non é insultalo dicir que é militante, simpatizante ou votante de Podemos ou do BNG. A min non me importa que digan vostedes que hai xente que vota ao Partido Popular e que defende unha proposta concreta, non me parece ningún insulto. Non creo que votar a Podemos sexa un insulto; polo tanto, non creo que formar parte dunha plataforma onde hai xente que vote a Podemos se considere un insulto ou un menosprezo cando o digo publicamente.

Di vostede que en Cabana de Bergantiños —debe de ser que lle pasaron outra vez o dato mal— non se recibe nada polo canon eólico. Son 60.000 euros ao ano. Ao mellor para vostede 60.000 euros ao ano non é nada, pero para Cabana de Bergantiños son 10 millóns de pesetas. Si, si, si... (*Risos.*)

Mire, falan vostedes de que nos debemos ás eólicas. ¿Vostede sabe que o único Goberno ao que as eólicas o levaron de forma continuada e constante ao xulgado foi ao Goberno do Partido Popular de Galicia? ¿Vostede sabe que as eólicas nos levaron ata o Tribunal Supremo? ¿Pero non se dá conta de que nós non temos máis compromisos que cos galegos e coas galegas?

Denunciáronnos, leváronnos ao Tribunal de Primeira Instancia, ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ao Tribunal Supremo, e perderon, e gañou Galicia.

Non me vai pillar nisto, señoría. Diga o que diga, diga o que lle pete, non teño máis compromisos que cos galegos e coas galegas. (*Aplausos.*) Ningún. Absolutamente ningún, señoría. ¡Ningún!



Despois de gobernar catro anos en Ferrol, na Coruña e en Santiago, fala vostede de política de vivenda. ¿E que fixeron vostedes, durante catro anos, nas tres cidades? ¡Cero vivendas! ¿Cantos metros cadrados cederon á Xunta de Galicia para facer vivendas? ¡Cero metros cadrados! ¿Cantos desafiuzamentos impediron vostedes en Galicia? ¿Un ou dous? ¿E os 1.700 que impedimos nós?

Señoría, non vou recordar como se consideraba por parte do Goberno municipal da Coruña a política de vivenda, porque iso xa está no xulgado. Nós non compramos vivendas para ningún amigo. Non, señoría. Non, señor Sánchez, non, non, non, non. Non, señoría. ¿E sabe por que? Porque se alguén compra vivendas para un amigo, cesa inmediatamente no Goberno da Xunta de Galicia.

Non quero falar diso, señoría, porque simplemente ese capítulo está pechado. E non quero falar cando a xente non se pode defender nin replicar. Vostede si que puido, por iso non lle acepto que me dea leccións sobre políticas de vivenda.

Nin un metro cadrado nos cedeu nin o Concello de Ferrol, nin o Concello de Santiago, nin o Concello da Coruña. E o solo é propiedade do Concello, o 10 % de aproveitamento urbanístico é propiedade dos concellos. A Xunta de Galicia non ten nin un só metro cadrado en ningún lugar, en ningún concello do país. Non dea leccións de política de vivenda despois de catro anos vergoñentos nas políticas de vivenda de Podemos, señoría.

Fala vostede outra vez da privatización da sanidade. Dá igual que concretemos que a privatización da sanidade é xustamente o modelo contrario ao modelo da sanidade pública que este Goberno está implementando. Pero hai unha cousa que non quedou mal. Mire, esta mañá dixen que Galicia ten a mellor sanidade pública da súa historia, e retei aos grupos e aos portavoces a que me dixeran se había algún momento no que a sanidade pública en Galicia fora mellor que neste momento.

Xa faláronvos no primeiro turno e o segundo turno. Ningún comentario, non dixeron nada. Co seu silencio queda todo moi claro. É a primeira vez que din unha verdade sobre a sanidade pública: a sanidade pública actual é a mellor sanidade pública que nunca existiu na Comunidade Autónoma de Galicia. *(Aplausos.)*

En todo caso, señor Sánchez, benvido á Constitución, porque vir aquí recordar os dereitos da Constitución española é todo un avance. Recordoume a súa intervención ao debate electoral, cando Pablo Iglesias sacou a Constitución diante das cámaras de Televisión Española. Iso está ben. Está ben que Podemos ingrese na Constitución. Supoño que isto o manteremos durante toda a lexislatura.

Cando vostedes perden as eleccións, din: «escravos que votan ao amo, ao cacique, ao que manda, aos de sempre, pobo alienado». Isto foi o que dixo Podemos cando perdeu as eleccións autonómicas do ano 2016. Non me estraña, señoría, que vostede teña unha visión de Galicia distinta á miña. Se algún deputado do Partido Popular fixera estas manifestacións, eu lle pediría que abandonase a acta. Vostede non, vostede vén dar aquí leccións de democracia, de ética, de responsabilidade e de coherencia.



Señor Caballero, vostede eu creo que non me escoitou con claridade o listado de todas as persoas que citei que foron líderes da oposición, ou líderes do seu partido, nos últimos dez anos. É imposible que os considere que forman parte do pasado. ¿É que acaso a señora Pontón, é que acaso o señor Sánchez, é que acaso o señor Villares, e é que acaso vostede forman parte do pasado? Citeinos aos catro. ¿Son vostedes o pasado?

Señor Caballero, non vou aceptar collelo nesta renuncia porque entendo que non quería dicir iso, aínda que ás veces o subconsciente produce este tipo de reflexións que non son capaces de controlar, señoría. (*Aplausos.*) Enténdoo. Ás veces nos pasa a todos.

Di vostede que por primeira vez —e di ben— en Galicia o Partido Popular non foi a primeira forza máis votada. É certo, hai 85.000 votos que votaron a VOX. ¡Que útil lle resulta ao Partido Socialista VOX! ¿Verdade, señor Caballero? (*Murmurios.*) ¡Que útil lle resulta ao Partido Socialista Obreiro Español a existencia de VOX! (*Murmurios.*) Comprendo, señoría, que o que tratan vostedes é de mantelo con total e absoluta pulcritude, para ver se así vostedes algunha vez poden gañar unhas eleccións. En fin, isto non é novo, é tan vello como os romanos: divide e vencerás. Vostede utiliza esta técnica.

Pero, señor Caballero, eu non fun candidato nas eleccións europeas, eu non fun candidato nas eleccións xerais. As veces que tiver a honra de ser candidato gañamos sempre. Si, señor Caballero. Vostede si foi candidato nas eleccións autonómicas, e tan bo resultado sacou que non sacou nin a súa propia acta, señora Caballero. (*Aplausos.*) Pero, por favor, ¡como pode vir aquí dicir exactamente que perdemos as eleccións! É algo sorprendente, señor Caballero.

Señor Caballero, en todo caso, non lle oculto que foi moi divertida a súa proposta. Teña coidado con esa palabra, *chitón*, (*Risos.*) porque temo que pode vostede empezar a ter un mote. Señor Caballero, *chitón* non é un bo mote, e que se poña un mote a si mesmo é moi inadecuado.

Fala vostede do señor Casado e o señor Sánchez. Se o señor Casado negase os 700 millóns de euros a Galicia, se o señor Casado tomase a decisión dunha política enerxética absolutamente impropia, pechara Meirama e pechara As Pontes; se o señor Casado non concretara medidas para manter a viabilidade de Alcoa, eu diríalle que non ao señor Casado. Sen embargo, o señor Sánchez dixo que non aos 700 millóns de euros, dixo que non a Alcoa, dixo que non a Meirama, dixo que non ás Pontes, e o señor Caballero díxolle que si ao señor Sánchez. Esa é unha gran diferenza, señor Caballero.

Cando un ten a responsabilidade de presidir Galicia, é evidente que se debe aos galegos; e como presidente dun Goberno debémonos aos galegos por riba dos partidos. Non creo que vostede deba seguir por ese camiño, pero vostede elixiu ese camiño. Di que esa é a súa proposta, defender o Partido Socialista e o que faga. Dá igual, se o Partido Socialista se equivoca, está ben feito; se o Partido Popular acerta, iso non pode ser.

Mire, é o seu primeiro debate, permítame unha recomendación e un desexo para o futuro: máis humildade e máis sorte nas seguintes intervencións, señor Caballero; máis humildade e máis sorte. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Porque vir aquí pasar factura sobre eleccións (*Aplausos.*) nas que ningún dos deputados da Cámara participamos é, cando menos, sorprendente.



En fin, señorías, moléstalles que se fale aquí da situación de España —púideno comprobar—, e moléstalles aos mesmos que falan constantemente aquí —insisto— dun partido que non ten representación parlamentaria, non ten un só concelleiro, un só deputado provincial. Teñen vostedes, na miña opinión, un problema de coherencia.

Mire, claro que hai que falar de España, ¿como non imos falar de España se estamos en España? Imaxínese vostede que eu non viñera falar aquí de España, que falara de Francia, de Portugal... ¡Claro que hai que falar do Goberno de España, porque Galicia é España! E o Goberno de España debería ter tamén un respecto para todos os galegos.

Gustaríanos que o Goberno de España fose tamén un goberno para os galegos, que cumprise os compromisos e non os puxese en cuestión de forma continuada. Gustaríanos que o Goberno de España fose tamén un goberno para os galegos e non presumise duns presupostos que rebaixan o 30 % os investimentos en Galicia e soben un 60 % os investimentos noutras comunidades. Gustaríanos que o Goberno de España fose tamén de Galicia e dera solucións para a nosa industria, en lugar de agravar os problemas desta. Gustaríanos que o Goberno de España fose tamén un goberno para os galegos e non nos menosprezara, e non nos chanta-xeara, e non nos dixera que «se queredes os 700 millóns que son vosos, votade a Pedro Sánchez na sesión de investidura». Gustaríanos que o Goberno de España fose tamén un goberno para os galegos e non un partido en permanente campaña electoral. Gustaríanos que tivese máis respecto por Galicia, porque Galicia sempre tivo respecto polos gobernos de España.

Ao nacionalismo moléstalle que se fale de España, non hai ningunha novidade e son coherentes nesa cuestión. Ao populismo tamén lle molesta, aínda que con matices, que se fale de España porque eles teñen as referencias políticas fóra de España, noutros continentes; bueno, ¡cada un ten as referencias políticas onde quere! Pero ao Partido Socialista moléstalle que se fale do Goberno de España porque están obrigados a defender o indefendible. Señorías, hai moitas maneiras de estar no Goberno, pero só hai unha maneira de gobernar, que é unindo o pobo e non dividíndoo; que é xestionando con eficacia, con planificación e con rigor; e que é defendendo os intereses xerais e estando a carón do pobo, ás duras e ás maduras, ás vacas fracas e ás vacas gordas, en recesión e en bonanza. O contrario, son os réximes nacionalistas, os réximes populistas. O contrario é o desgoberno que neste momento atenaza España. E, dende logo, ese desgoberno nós non o queremos para Galicia.

En España houbo unhas eleccións anticipadas en abril por incapacidade do Partido Socialista para gobernar. E vai haber outras eleccións anticipadas o 10 de novembro por incapacidade do Partido Socialista para formar Goberno. O balance das dúas lexislaturas fracasadas é o fracaso do Partido Socialista, e non pode ser o fracaso dos españois e moito menos dos galegos, que non temos nada que ver co Goberno do señor Sánchez.

Nós, despois de tres lexislaturas de estabilidade, si temos un balance. En Galicia hoxe hai menos desemprego que cando chegamos ao Goberno. En Galicia a crise fomos capaces de superala coa axuda das familias e dos traballadores. En Galicia innóvase e expórtase máis que nunca. Galicia ten as políticas sociais con máis presupostos e con máis servizos que os que tiña na época de bonanza económica. Galicia ten unha sanidade pública renovada e ten o compromiso de facer un novo Servizo Galego de Saúde no que a hospitais e a centros de



saúde se refire. Galicia, sobre todo, ten futuro e un horizonte certo. Temos un balance, temos estabilidade e temos obxectivos, e intentei concretalos nos noventa que citei esta mañá: na Galicia familiar, na Galicia moza, na Galicia da innovación e na Galicia verde.

Ninguén sabe o que vai pasar en España nas próximas doce semanas, o que si saben todos os galegos é o que vai pasar en Galicia nos próximos doce meses. E o que si temos é o compromiso de presentarlles a todos os galegos o que queremos facer nos próximos doce anos; por iso temos unha proposta, por iso temos un balance e por iso temos estabilidade.

Ante as incertezas, Galicia responde con estabilidade; e ante as frivolidades, señor Caballero, Galicia responde con rigor. Ante as posicións extremas, señor Sánchez, Galicia vai responder con moderación e con centralidade. Ante o rupturismo, Galicia vai defender a Constitución española, señora Pontón, e o Estatuto de autonomía de Galicia. E ante as discriminacións, Galicia vai responder con firmeza, defendendo os intereses dos galegos. (*Aplausos.*)

A resposta de todo o que está pasando, señorías, é Galicia. Si, eu presumo de galego —cada un ten os seus defectos—, eu presumo de galego alá onde estea. E falo cos meus colegas, presidentes de comunidades autónomas, e presumo do que fixo o pobo galego e do que conseguiu o pobo galego durante estes dez anos. En Galicia debería ser a resposta, ¿e por que non ensinar o modelo de Galicia ao resto? ¿É que acaso o mellor modelo é o catalán? ¿É que acaso o modelo de Navarra é o modelo a exportar? ¿É que acaso, señorías, os galegos sempre facemos as cousas mal e o resto sempre as fan ben? E esta falta de autoestima por Galicia ¿por que vostedes son tan pesimistas co país? ¿Por que non valoran, señorías, todo o que fixo Galicia durante estes dez anos?

En España hai candidatos, ¡moitísimos!, pero non hai presidente do Goberno. En Galicia pode ou non pode haber un candidato, pero os galegos non teñan dúbida de que van ter un goberno que governe —a Xunta— e teñen un presidente que vai servir a todos cada día, ata o último día. Vostedes falan moito dun tal Feijóo. Suprimindo a este Feijóo todo está resolto, ¡sería fantástico! Pero mire, eu sei, por suposto, que nin de lonxe son todo o que pasa en Galicia; pero os galegos poden ter claro que para min Galicia é todo.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente. (*Aplausos.*)

Convén recordar —é algo importante— que os grupos parlamentarios —é información importante, ¡eh!— poden presentar ata un máximo de corenta propostas de resolución por grupo, referidas, conforme o artigo 141 do Regulamento do Parlamento de Galicia e o Acordo da Mesa, oída a Xunta de Portavoces do día 17 de setembro. Serán sobre as grandes liñas de política xeral non locais, de enunciación simple, e non poderán dar lugar a votación separada dentro de cada proposta. Todo isto terá que ser antes das 10.30 horas de mañá, xoves, día 26 de setembro, no Rexistro Xeral da Cámara. Posteriormente, a Mesa, ás 12.00 horas, procederá á súa cualificación e á distribución aos grupos parlamentarios de todas as propostas admitidas. Asemade, o prazo para a presentación das propostas transaccionadas e a petición de agrupacións ou votación separada das propostas rematará o mesmo xoves, día 26 de setem-





bro, ás 22.30 horas, e serán cualificadas pola Mesa ao día seguinte, venres 27 de setembro, ás 9.30 horas. Considero que é de importancia esta información.

E, sendo así, suspendemos a sesión ata o venres 27 ás once da mañá.

Suspéndese a sesión ás nove e media do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

